

**MEMORIA INFORMATIVA, ESTUDIO DO MEDIO RURAL
E MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.**

INDICE

0. INTRODUCCIÓN	4
1. Antecedentes	6
2. Documentación integrante do PXOM	8
I. ESTUDO DO MEDIO RURAL	9
1.1. Introducción	10
1.2. Superficie e densidade poboacional	12
1.3. O relevo	12
1.4. O Sistema hídrico	14
1.5. Xeoloxía e edafoloxía	16
1.6. Clima	24
1.7. Vexetación	25
1.8. Fauna	27
1.9. Os usos do solo rústico	28
1.10. A paisaxe	35
II. ANALISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOAC.	48
2.1. Introducción	49
2.2. Estructura Territorial	51
2.3. Infraestructuras	57
2.4. A edificación	67
2.4.1. A evolución do parque edificatorio	67
2.4.2. Presión constructiva	68
2.4.3. Ocupación	69
2.4.4. Tipoloxías	69

2.5. Equipamentos	75
2.5.1. Equipamento administrativo	75
2.5.2. Equipamento docente	76
2.5.3. Equipamento deportivo	78
2.5.4. Equipamento sanitario	79
2.5.5. Equipamento cultural	80
2.5.6. Equipamento asistencial	84
2.5.7. Equipamento comercial público	85
2.5.8. Equipamento relixioso	85
2.5.9. Cemiterios	86
2.6. Espacios libres e zonas verdes	87
III. A SOCIEDADE	67
3.1. A historia	68
3.1.1. Arqueoloxía	68
3.1.2. Aproximación histórica	104
3.2. A demografía de Lousame	123
3.2.1. Evolución demográfica	123
3.2.2. Estructura de idades e sexos	124
3.2.3. Niveis de instrucción	126
3.2.4. Actividade da poboación	127
3.2.5. Movimentos migratorios	129
3.2.6. Previsións demográficas	129
3.3. A economía	132
3.3.1. Niveis de renda	132
3.3.2. Analise dos sectores económicos	133

IV. Afeccións	145
4.1. Planeamento existente	146
4.2. Outras afeccións	147

INDICE

	Pax.
O. INTRODUCCIÓN.....	4
1. ESTUDO DO MEDIO RURAL.....	8
1.1. O Medio Físico.....	9
1.1.1. Encuadramento e situación.....	9
1.1.2. Superficie e densidade poboacional.....	11
1.1.3. O Relevo.....	11
1.1.4. O Sistema hídrico.....	12
1.1.5. Xeoloxía e edafoloxía.....	15
1.1.6. Clima.....	21
1.1.7. Vexetación.....	23
1.1.8. Fauna.....	24
1.2. Os usos do solo.....	28
1.2.1. O solo rústico.....	28
1.2.2. Infraestructuras.....	35
1.2.3. Solo urbanizable.....	42
1.3. Asentamentos de poboación.....	43
1.3.1. Estructura territorial.....	43
1.4. A paisaxe.....	47
1.4.1. Introducción.....	47
1.4.2. Tipos ou cateogías de elementos.....	50
1.4.3. A percepción da paisaxe.....	55
2. A SOCIEDADE.....	59
2.1. A Historia.....	60
2.1.1. Arqueoloxía.....	60
2.1.2. Aproximación histórica.....	83
2.2. A demografía de Lousame.....	106
2.2.1. Evolución demográfica.....	106
2.2.2. Estructura de idades e sexos.....	107
2.2.3. Niveis de instrucción.....	108

2.2.4. Actividade da poboación.....	110
2.2.5. Previsións demográficas.....	111
2.3. A economía.....	114
3. O MEDIO URBANO.....	126
3.1. Desenvolvemento histórico.....	127
3.2. Usos urbanos do solo.....	129
3.3. A edificación.....	130
3.3.1. A evolución do parque edificatorio.....	130
3.3.2. Ocupación.....	131
3.3.3. Presión constructiva.....	132
3.3.4. Tipoloxías.....	133
3.4. Rede viario urbana e transporte público.....	138
3.4.1. Rede viario urbana.....	138
3.4.2. Parque automovilístico.....	138
Anexo ao epígrafe 3.4. Muiños e fontes do Concello.....	140
3.5. Equipamentos.....	143
3.5.1. Equipamento administrativo.....	143
3.5.2. Equipamento docente.....	144
3.5.3. Equipamento deportivo.....	146
3.5.4. Equipamento sanitario.....	148
3.5.5. Equipamentocultural.....	149
3.5.6. Equipamento asistencial.....	152
3.5.7. Equipamento comercial público.....	153
3.5.8. Equipamento relixioso.....	153
3.5.9. Cimiterios.....	154
3.6. Espacios libres e zonas verdes.....	155
4. AFECCIÓNS.....	156
4.1. Planeamento existente.....	157
4.2. Outras afeccións.....	15

0. INTRODUCCION

1.- ANTECEDENTES

A empresa “Consultora Galega S.L.” asinou con data 30 de novembro do ano 1994 o primeiro contrato co Concello de Lousame para os traballos de redacción do seu planeamento municipal (nese momento tratábase de redactar as Normas Subsidiarias Municipais de Lousame).

A partir desa data a empresa procedeu a recopilar toda a información urbanística necesaria para a redacción dos traballos.

Razóns de diverso tipo (falta de cartografía axeitada, procesos de eleccións electorais....) retrasaron ata principios do ano 1996 a entrega da documentación para tramitar das Normas Subsidiarias Municipais.

Logo de recibirse os informes preceptivos previos á aprobación inicial da administracións competentes en materia de urbanismo e de lexislación sectorial, o documento non foi aprobado inicialmente nese ano, e cando se ía a proceder a súa aprobación inicial, a principios do ano 1997, produciuse a promulgación da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia.

Á vista da desaparición da figura das normas subsidiarias de planeamento municipal na dita Lei procedeuse a adaptar o documento baixo a figura dun plan xeral de ordenación.

Polo que se refire á documentación informativa xa existente, procedeuse a actualizar nese momento dita documentación.

Por razóns alleas ao equipo redactor o documento do plan xeral de ordenación municipal non foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal ata o 30/06/00 e sometido a información pública.

Logo de introducir no documento as modificacións oportunas, á vista das alegacións e dos informes sectoriais, así como, da Dirección Xeral de Urbanismo, o Concello con data 11/12/02 remitíulle o documento completo á Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (CPTOV) para a súa aprobación definitiva.

No intre en que tiña que ser emitido o informe preceptivo da CPTOV producíuse un novo cambio na lexislación urbanística, a aprobación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Á vista da nova situación e do informe emitido pola CPTOV con data 30/01/03 o Concello de Lousame decidiu adaptar o contido do plan en tramitación ás disposicións da LOUGA, contratándolle a Consultora Galega S.L. os traballos de adaptación do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que se estaba tramitando a nova Lei 9/2002.

Así pois, o documento adaptado que agora se presenta parte en boa medida da información base dos documentos anteriores, sendo actualizada e completada a día de hoxe naqueles aspectos máis significativos, manténdose os obxectivos e criterios de ordenación que contaron no seu día co respaldo das forzas políticas e da poboación de Lousame.

É certo que neste longo tempo transcurrido téñense producido algúns cambios -como por exemplo, o descenso do número de habitantes de feito do término municipal- pero en calquera caso, considérase que eses cambios detectados non fai variar ó diagnóstico ao

que se ten chegado e, en consecuencia, a formulación dos obxectivos ou principios inspiradores do presente plan xeral.

2.- DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DO PXOM

O presente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) atópase integrado pola seguinte documentación:

- A) Memoria informativa, estudio do medio rural e modelo de asentamento poboacional.
- B) Fichas dos núcleos rurais.
- C) Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.
- D) Memoria xustificativa.
- E) Estratexia de actuación e estudio económico.
- F) Catálogo de elementos a protexer.
- G) Informe de alegacións.
- H) Planos de información.
- I) Planos de ordenación.

Pontevedra, febreiro 2004

Asdo. Daniel Pino Vicente

Director Equipo Redactor

I. ESTUDIO DO MEDIO RURAL

1.1. INTRODUCCIÓN.

O Concello de Lousame situase na zona occidental de Galicia. Aínda que non linda co mar -dende o punto de vista administrativo- aparece debrocado sobre da Ría de Muros, literalmente falando, no caso da parroquia de Comboño, por máis que unha boa parte das súas terras aparezan defendidas do mar polo sistema de elevacións occidentais da serra do Barbanza, que ten no Iroite (685 m. de altitude) a elevación máis outa do Termo Municipal, o mesmo elemento que simboliza esa pertenza barbanzana de Lousame, a cabalo das dúas rías. Os principais ríos do Concello verten na Ría de Noia e dous deles: o Tállara -por unha banda- e a conxunción do Vilacoba, o San Xusto e o Traba -pola outra- conforman excepcionais xunqueiras do fondo da Ría, ao pe mesmo da vila noiesa. Pódese dicir, polo tanto, que o mar mesmo chega aos pés das terras do Concello a traveso deste importante sistema natural en Ponte San Francisco (asentamento partido por unha arbitraria división administrativa antre Noia e Lousame).

Outra parte de Lousame, coma apuntamos, mira cara a Ría de Arousa. Non se debe esquecer que Lousame linda con Rois, Dodro, Rianxo e Boiro todos eles na ribeira esquerda da dita Ría. Esta aparece deitada aos pés de Lousame, nas terras outas de Fruíme.

A traveso dos eixos de comunicación (estrada de Noia a Boiro e de Portobravo a Ponte Beluso) hai unha grande comunicación das xentes de Lousame con actividades desenvolvidas nesta Ría.

Porén, non se debe esquecer que a proximidade de Noia (centro urbano ao que se acude a cotío dada a secular ausencia de núcleos urbanos no Concello), así coma a estrutura territorial, fan que Lousame se inscriba na comarca noiesa máis que en ningunha outra. Como anécdota habería que sulñar o feito -abondo insólito- de que, durante un tempo, a Casa Consistorial de Lousame estivo ubicada nun edificio da vila de Noia.

Xa que logo, á hora de determinar a característica básica definidora da adscripción comarcal de Lousame, habería que falar das terras do Barbanza e xa que logo referir Lousame a unha demarcación que acollería os territorios de todos os concellos que se asentán sobre desta importante península occidental galega: Ribeira, Poboá, Boiro, Porto do Son, Noia e, claro está, Lousame, coincidente coa secular delimitación do Partido de Noia.

O territorio comarcal linda coa comarca do Baixo Ulla (Rianxo, Dodro, Padrón, Rois), coa Comarca Norde da Ría de Muros (Muros, Outes) e coas terras de influencia santiaguesa (Brión, Ames, Santiago).

O Concello dentro dunha comarca así concebida ten unha posición nidiamente septentrional, cunha forma abondo irregular, coma amosa a multitude de concellos lindeiros: Brión, Rois, Dodro, Rianxo, Boiro, Porto do Son e Noia.

Os límites do termo municipal sitúanse así: N 42° 50' 08" (Costoira) S: 42° 42' 26" (Cabeza Grande); E: 8° 45' 48" (O Treito) e W: 8° 55' 40" (A Picota). Polo tanto, a respecto da latitude, Lousame ocupa unha posición central en Galicia, mentras que no que fai a lonxitude, a súa é unha posición occidental. Para darmos unha idea, Portobravo ven a situarse de xeito aproximado, no mesmo meridiano de Baiona ou de Malpica.

De calquera xeito, dacordo co Mapa Comarcal de Galicia, Lousame inscribese na **Comarca de Noia**, xunto cos concellos de Noia, Porto do Son e Outes. Na delimitación elaborada pola Xunta de Galicia seguíuse o criterio de dividir en dúas a natural Comarca do Barbanza, ficando Lousame no que poderíamos chamar Barbanza Occidental (a da ría de Muros) fronte aos concellos que debrocan sobre a ría de Arousa, encadrados na Comarca do Barbanza (Barbanza Oriental).

Tendo en conta a Comarca así configurada o peso de Lousame varía sensiblemente. A Comarca ten actualmente unha superficie total de 325,1 Ha. e unha poboación (2000) de 36.909 hb., Lousame con 93,9 Km². e 4.035 hb (2002), ten o 28,88 % da superficie comarcal, e o 10,93 % da poboación. É esta unha porcentaxe realmente

baixa, pero que ven representar o dobre do que significaría se se collese unha delimitación comarcal que abranxera a todo o territorio do Barbanza.

O que significan, en calquera caso estas cifras é que Lousame é un concello eminentemente rural, cousa que pon en evidencia o dato de que de entre todos os concellos que integran a comarca de Noia, Lousame é o único que non ten ningún núcleo de poboación que acade os 500 Hb.

1.2. A SUPERFICIE E A DENSIDADE POBOACIONAL.

O Concello de Lousame ten unha extensión superficial de 93,9 Km². e unha poboación (cifras de 2002) de 4.035 hb. Xa que logo, nese ano a densidade, abondo baixa para tratarse dun concello case lindante co mar, era 47,97 hb/Km², moi inferior á media comarcal (113,53 Hb/Km²) e tamén á provincial (141,17 hb/Km²) e á galega (93hb/Km²) no ano 2002.

Lousame é un concello de dimensións superficiais semellantes, pero superiores á media comarcal (93,9 Km² fronte a 81,3 Km²), pero cunha poboación moito menor ca dos demais concellos barbanzáns (menos da metade do que sería a poboación media dun concello da comarca).

1.3. O RELEVO.

Lousame é un concello de relevo acusado, en xeral en todas e cada unha das sete parroquias que integran o Termo Municipal. Por regra xeral, as maiores elevacións medias danse na zona oriental (por onde decorre o espiñazo da Barbanza). Pero xa vimos que a maior altura se da no suroeste (Monte Iroite). Mais coma Lousame é unha terra percorrida por moreas de ríos e regatos, os vales (de diferente tamaño, forma, pendentes, orientacións, etc.) veñen ser a morfoloxía máis característica do solo municipal. Hai que

salientar: os **vales** do **Tállara** e do **Pesqueira** (separados polos montes de Berrimes, pero unidos practicamente na zona de Cernande e Carantoña), vales polos que, coma se apuntou máis atrás, vai Lousame en procura do mar. Trátase das terras baixas das parroquias de Tállara e Lousame. O **val** que forma o río **Vilacova**. Mentras que os primeiros teñen unha orientación básica Norde-Sur, o segundo percorre o concello de Leste a Oeste, dividindo ás parroquias de Vilacoba e Lesende, por un lado, e Lousame polo outro. Ofrece unha meirande diversidade morfolóxica, alternando treitos onde o río decorre completamente asucado, con outros onde forma ribeiras máis deitadas. O **val do San Xusto**, que decorre en sentido NE-SW, facendo, en boa parte o río de lindeiro entre os Concellos de Lousame e Noia, é o máis encaixado de todos, sobre todo a partires de Toxosoutos. As concas destes vales levan as augas á vertente meridional da Ría de Muros. Pero no Concello tamén hai outro val, que recolle augas para a Ría de Arousa. Trátase do val do río Beluso, que percorre a parroquia de Fruíme amparado entre os montes de San Mamede e O Confurco e o Monte da Agnela.

Unha sucinta visión ao plano nº 2: "*Interpretación xeográfica do territorio*" (nos Planos de Información), será suficiente para comprender a importancia dos vales para as comunicacións, os asentamentos e a profusión de actividades no territorio, fóra das explotacións forestais, gandeiras ou mineiras. Pódese observar coma as zonas montuosas ocupan toda a metade oriental (só perforadas polos ríos que xa nomeamos) e a suroccidental, deixando no sur tres pasos polo medio das elevacións: o da estrada de Boiro dende Noia, o da estrada que vai polo Confurco e o da estrada de Ponte Beluso a Comparada. A disposición, pois, do Concello marca un anfiteatro orientado a Nordeste, onde se desenvolve basicamente a vida neste Concello. Trátase das zonas situadas por baixo da cota dos 200 metros de altitude.

Mención aparte habería que facer da parroquia de Camboño, vertebrada polo val do Hornanda e situada ao norde do Iroite. Trátase dunha área afastada por completo do resto do concello polas estribacións septentrionais da Serra da Barbanza, ata o punto de

que as comunicacións coas outras parroquias do municipio teñen que pasar, forzosamente por Noia.

As principais elevacións son: A Cota (511 m.), Culou (508 m.), Pena de Ferro (532), Campo Redondo (441 m.), Monteagudo (509 m.), M. Siroña (535 m.) O Treito (474 m), A Muralla (678 m.), Pedrido (611 m.), Monte Castelo (361 m.), Chan da Fonte (425 m.), Afeosa (402 m.), Couto do Bispo (482 m.), Cota das Landras (483 m.) e o Iroite (685 m.), sendo este último o teito municipal.

1.4. O SISTEMA HÍDRICO.

En razón do manifestado na epígrafe anterior, case folga dicir que o de Lousame é un territorio profusamente segado por moreas de ríos e regatos, de cursos forzosamente curtos, dada a disposición orográfica, pero de caudais anuais moi outos, enchidos polo forte réxime pluviométrico anual recollido nas súas concas.

Comenzando de Norde a Sur hai que suliñar:

- O **San Xusto** (tamén chamado Boña), que nace perto de Fontefría, na parroquia de Toxosoutos. Denantes de chegar ao mosteiro recibe, pola dereita o **Rego dos Pesares**. Ao sur de Albariza e ao Norde de Brandia xúntase co Vilacova.

- O **Vilacova** nace fora do concello, en Hermedelo (Rois), recibindo eiquí o nome de Río do Monte. Entra en terras do Municipio no lugar coñecido coma Ponte de Pedra, onde recibe pola esquerda ao Río **Sóñora** pasando a seguir entre os núcleos de Servia e Comparada. Entre estas aldeas e a ponte de Pías recibe pequenos aportes de regueiros de moi curto percorrido e caudal. En Mirón de Abaixo recibe as augas do **Rego de Fontecavade**. Pasado Vilacova, xúntase a el pola esquerda o **Rego da Candoira** e outros de menor importancia por ambas as dúas ribeiras, isto xa en terras das parroquias de Lesende (na dereita) e Lousame, (na esquerda). En Brandía -logo de se xuntar o Vilacova

e o San Xusto- recibe pola esquerda o **Rego Lameiro** e, augas abaixo de Portobravo o Río **Pesqueira**, o máis importante dos afluentes augas abaixo do encontro.

Os tres ríos xa xuntos penetran na canle de Noia pola ponte de Traba (velaí que tamén se lle chame Traba a este complexo fluvial), xuntándose co Tállara na Ponte de Noia sobre da Ría.

- o Río **Pesqueira** nasce en Froxán, augas arriba das Minas de San Fiz. Neste primeiro treito recibe o nome de Rego de **Espino**. É o río utilizado nos labores deste complexo extractivo. Cambia de nome logo da represa de San Finx, para chamarse Rego das **Rabaceiras**. Xúntase co **Rego de Chave** entre Maxide e Aldea Grande. Pola dereita nese treito recibe o aporte de varios regos pequenos que nacen nas estribacións suroccidentais de Chan da Fonte. No que vai chegando a terras baixas recibe aportes pola ribeira dereita que veñen dende Carantoña (en Tállara). Xira en sentido S-N para discorrir pola ricaz veiga de Lousame, entre Cruído e Berrimes e Quintais. Xúntase co complexo **Vilacova-San Xusto**, no mesmo sitio polo que os tres pasan ao Concello de Noia.

- O **Tállara**. Nasce nas estribacións do Iroite, no lugar coñecido coma Fonte dos Cucos (T.M. de Boiro). Entra no Concello logo da primeira andadura e axiña recibe pola esquerda ao **Rego do Pao** e ao **Río de Codomeiroso**. Antes de Cernande, recibe pola dereita ao **Rego Viñadeira** e algún outro pequeno aporte de curto percorrido. Sae do Concello pola Ponte de San Francisco, formando a Xunqueira do seu nome.

- **Río Vilaboa**. É o río que desemboca na Ría de Noia pola Chainza. O seu percorrido polo Concello é máis ben curto. É o que separa Camboño de Tállara.

- **Río de Hornanda**. Desemboca na Ría de Muros ao Sur da Praia de Revolar. Rega as terras das parroquias de Camboño, onde nace, a poñente do lugar de Arxelas.

- **Río do Beluso**. É o principal dos cursos de auga do Concello que verque na Ría de Arousa. Fórmalo varios brazos. O principal é o Rego **Xana da Retorta**, que nace bifurcado cunha ponla na Portela de Aldarís e outra no Couto do Bispo (por riba dos 400 metros). Recibe pola esquerda ao **Rego Rodado** e cursos menores; pola dereita ao **Rego**

de Castiñeira e ao da **Granxa**. Sae do Concello polo Suroeste do Monte Castelo e desemboca en Ponte Beluso.

Este ricaz sistema fluvial está na base da economía tradicional e mesmo da actual economía de Lousame. Os ríos do Concello amén de mover unha morea de **muíños de gran** ou de ofrendar outrora abundosa pesca foi acobillo para **batáns, fábricas de papel, explotacións mineiras**, etc. Hoxendía acobilla **piscifactorías**. Amén, claro está de regar as terras dos vales atravesados polos cursos destes ríos que conforman unha das paisaxes rurais máis belidas de todo o occidente galego.

Parece obvio que un sistema así ten que ter a acaída protección, pois a auga ha ser sen dúbida, nun futuro non lonxano un ben escaso e, xa que logo, un recurso económico de seu, se cabe, aínda máis importante que no pasado.

Por iso, e fronte a pretensións de transformar de modo violento o sistema hídrico coa construción de encoros, é preciso deixar craro que tal pretensión sería un golpe mortal ao río no que se quere meter -o Vilacova-; e, polo mesmo, para todo o sistema hídrico de Lousame e, xa que logo, para calquera proxecto integral de aproveitamento do mesmo.

1.5. XEOLOXÍA E EDAFOLOXÍA.

1.5.1. A Xeoloxía.

As condicións xeolóxicas do concello de Lousame veñen reflectadas nas Follas 119 e 120 do Mapa Xeolóxico de España (a escala 1: 50.000) que se anexan fotocopiadas ao presente capítulo.

Unha boa parte das terras de Lousame pertencen ao chamado "*Complexo de Noia*". Outra ao denominado "*Grupo de Laxe*".

No que atinxe á **estratigrafía**, agás os terreos cuaternarios recentes e algunhas rochas filonianas (cuarzo en Camboño e pegmatitas en Lousame e Fruíme), o resto dos

materiais do termo municipal foron afectados pola oroxenia hercínica e son en boa parte corpos intrusivos hercínicos ou prehercínicos.

En razón de que boa parte dos metasedimentos son migmatitas ou gneises migmatíticos e o resto ven constituído por series xistosas de pouco contraste litolóxico, é pouco o que se pode dicir da estratigrafía.

As **rochas sedimentarias** podense agrupar do seguinte xeito:

- Complexo de Noia (Fosa Grastomelítica)
- Dominio migmatítico e de rochas graníticas. Grupo de Laxe.
- Depósitos cuaternarios.

a) **Complexo de Noia.**

Está formado por paragneises e xistos con interrelación de paraanfobitas (grafiados como PC-CA, no mapa xeolóxico que figura nos anexos ao presente documento). Fórmanse no Precámbrico-Cambrico. Exténdense polo occidente do Concello, de Norde a Sur, na ribeira esquerda do Tállara e pola parroquia de Lousame, interrumpíndose polo granito do Confurco. Estas rochas presentan coloracións de gris escuro a castaño; algunhas variedades son de gran fino, outras masivas nidiamente metablásticas. Intercalados atópanse xistos grafitosos, metacuarcitas e orto e paraanfobolitas. Tamén anfibolitas.

Os paragneises están formados principalmente por cuarzo e biotita, presentando coma minerais accesorios: circón, óxido de ferro, epidota, apatito, sericita e clorita.

b) **Dominio migmatítico e das rochas graníticas. Grupo de Laxe.**

Está formado basicamente por xistos con intercalacións cuarcíticas e xistos grafitosos (na folla reconécese coma PC-Se). Afloran ao leste do Complexo de Noia, dende Ponte Nafonso a Fruíme, continuando logo do Confurco en dúas franxas das terras rianxeiras. Dátase no Precambrico-Silúrico.

Son xistos micaceos, cuarzo-xistos e cuarcitas, algo migmatizadas. Son cabalgados polo Complexo de Noia. A composición mineralóxica é semellante en toda a zona pero dende o punto de vista metamórfico (migmatítico) hai unha diferenza entre as dúas zonas que separa a fractura existente que en dirección NNW-SSE vai dende Bexeres a Silvarredonda. Nunha zona os materiais preséntanse migmatizados e noutra non.

A paraxénese tipo sería: $Q + Bi + Ms + (Cl \text{ por retrogradación})$. O Cuarzo adoita apresentarse recristalizado.

c) **Cuaternario.**

Os poucos materiais existentes (conca do Tállara, do Pesqueira e curso outo do Vilacoba) correspóndense con chairas aluviais e fondos de vaguada (Q_2 Al, na folla) todas elas recentes (do Holoceno).

No que atinxe á **Petroloxía**, hai que distinguir:

a) No **Complexo de Noia:**

Ortogneises biotíticos. Atópase en ambas as dúas abas do Val do Tállara, dende Noia ata o Confurco. Trátase de ortogneises biotíticos feldespáticos cunha textura gnéica lineal, plano lineal ou glandular. Os minerais que compoñen estas rochas son: cuarzo, feldespatos alcalinos e plaxioclasa; como accesorios: circón, allanita, apatito, titanita, rutilo, turmalina e granate.

Anfibolitas. Recoñécense pola cor verde escura en fresco e castaña anaranxada cando están alterados. Son, en xeral de gran fino, moi homoxéneos e textura plano-lineal. Preséntanse en forma de lentexón e raramente superan os 1,5 m. de espesor nin os 250 m. de lonxitude. Aparecen fundamentalmente ao surlleste do concello, en Chave, Ces, Riatelo e Fruíme. A composición mineralóxica é: Hornblenda (50-64%), de cor verde azulada; Plaxioclasa (15-30 %); Biotita (1-17 %) e Cuarzo (4-9 %).

b) No dominio migmatítico e das rochas graníticas. Grupo de Laxe.

Eiquí as rochas graníticas poden ser prehercínicas, hercínicas ou tardo-hercínicas.

Dentro dos **prehercínicos**, temos o Ortogneis glandular. Aparece na zona occidental do Iroite e ao N. do Concello, ao leste de Toxosoutos, zona da Pena de Ferro e Campo Redondo.

Existen dous tipos de facies, segundo estean migmatizadas ou non.

- Gneises glandulares non migmatíticos (Cuarzo + Plaxioclasa + Feldespato Potásico + Biotita + Moscovita).

- Gneises glandulares migmatíticos (Cuarzo + Plaxioclasa + Feldespato Potásico + Biotita ± Sillimanita). Hai unha paraxénese onde non hai moscovita.

Dentro das rochas **hercínicas** temos:

- **Serie da granodiorita con megacristais.**

Aparece nun macizo duns 4 Kms. de ancho que vai dende Vigo ata Baio. No Concello vai dende o N. de Comboño ata o sur de Guiende. Tamén aparece na fractura NNW-SEE do Leste Lousame (Pedrantoas).

A rocha amosa unha deformación moi intensa. É unha granodiosita con grandes cristais de feldespatos (ata 12 x 6 cm.) e presenta a seguinte composición: Cuarzo + Plaxioclasa + Feldespato Potásico + Moscovita + Biotita.

A variante de **granito moscovítico**, no Concello, só aparece nun lentellóns existentes ao Norde, na parroquia de Lesende, a ambos os dous lados do río Vilacova. Non ten Biotita. Trátase dun granito porfírico con moitos cristais de feldespato.

- **Serie migmática.**

Granitoide migmático. É a que ocupa máis extensión continua no Concello, abranxendo a práctica totalidade do leste dende Toxosoutos a Fruíme. Caracterízase pola abundancia de neosoma de composición leucogranítica con abondoso feldespato potásico.

- **Serie de granitos de dúas micas.**

No Concello aparecen:

- **Granitos de dúas micas de gran medio a grosso.**

Trátase dun leucogranito-moscovítico-biotítico de carácter filonítico, con tamaño de gran > 2 cm., localmente con megacristais. Hai variedades ricas en moscovita e outros en biotita. Nél son frecuentes os xenolitos de todos os tamaños, de xistos e paragneises.

No Concello son estes granitos os que conforman a parte máis occidental, no cumio do Iroite e no resto da parroquia de Camboño.

- **Granitos de dúas micas de gran fino a medio.**

É o chamado granito de Muros. No concello de Lousame ocupan a zona comprendida entre o norde de Quintáns e Cairo, en Lesende, e a parte occidental de Toxosoutos, seguindo ata Liñaio e Mato (en Noia). Ten un 25-35 % de cuarzo, un 27-35 % de feldespatos potásicos e un 14-22 % de Plaxioclasa. A porcentaxe de moscovita (10-16 %) é superior á de biotita (2-12 %).

- **Rochas graníticas tardihercínicas.**

Eiquí están representadas polo granito coñecido como tipo Confurco. É un granito de dúas micas de gran groso con megacristais de feldespatos de ata 10 cms. de longo. Non está deformado nin orientado. Introdúcese a traveso das rochas do complexo de Noia (cortándoas totalmente). Cara os bordes ten un gran menos groso e nalgún punto deses bordes é un granito moscovítico.

No Concello ocupa a franxa meridional duns 700-900 mts. de anchura dende Guiende ata Milóns e Zaramagos. Exténdese cara o Sur, polos concellos de Rianxo e Boiro.

Están compostos por Cuarzo + Feldespatos Potásicos + Plaxioclasa + Moscovita. Como accesorios: apatito, circón, rutilo, fluorita, monacita e opacos.

As Rochas filonianas de maior interese no Termo Municipal aparecen, coma é lóxico, na zona dos arredores de San Finx, dende Lousame ata Silvarredonda e Fruíme. Neste caso trátase de Pegmatitas. Tamén xurden estas rochas en Quintáns. No lindeiro de Camboño con Porto do Son, aparecen filóns de cuarzo.

No que atinxe á **Tectónica**

Os cortes efectuados antre Lousame e Marselle, na zona mineira de San Finx, amosan a existencia de:

a) **Dúas fases de deformación.** Unha primeira na que se produce a xistosidade de fluxo e outra posterior da que resulta unha xistosidade de crenulación.

b) **Plegues xenerados durante a segunda fase.**

As lineacións de intersección e os eixos dos plegues son subhorizontais ou buzan lixeiramente cara o Norde. As de estiramento teñen dirección N-S, subparalelos aos eixos dos plegues.

No que respecta ao **aproveitamento económico** hai que salientar, obvio parece, a actividade explotadora das minas de San Finx, levada a cabo dende a xeira fenicia na procura do estaño, na xeira moderna para beneficio da wolframita e a casiterita, de cara a aproveitar wolframio xunto co estaño.

A mineralización englobase nunha ganga filoniana de cuarzo e está constituída por wolframita, casiterita, indicios de molibdemita, cristais aillados de espato fluor, piritita e calcopiritita.

Nun conxunto de tres filóns de dirección N-70°, buzando a 75° ao Sur, recoñecidos nunha corrida de 550 m., con potencias que oscilan de 0,4 m. (filón intermedio) a 1 m. (filón Sur). Existen nunha serie de fracturas transversais que desprazan lateralmente os filóns.

Os labores extractivos acadan os 185 m. de fondura.

As leises do mineral sitúanse arredor do 0,5 % antre W e Sn.

O mineral arrincado concentrábase en planta de tratamento exterior. Unha vez quebrantado, móiase e cribábase, pasando a "jigs" e mesas "wifley" nas que se concentran conxuntamente a wolframita e a casiterita. O concentrado obtido móiase a polvo e pasábase por mesas de separación electromagnética, obténdose leises do 75 %

de $W_2 O_3$ para a Wolframita e do 74 % para a casiterita.

O baixo rendemento e a caída dos prezos do wolfran orixinou o peche da explotación.

No que atinxe a canteiras, aparte das pequenas explotacións tradicionais ou de préstamo, hai que facer mención da Canteira de Meixón Frío que extrae ortogneises biotíticos do Complexo de Noia. Trátase de áridos para trituración e a súa explotación está ligada, sobre todo ás obras públicas.

1.5.2. A Edafoloxía.

A interacción no tempo dos factores xeolóxicos (xa vistos) e climáticos (que imos ver na seguinte epígrafe), así coma o uso continuado da terra polo home, e a vexetación mantida, deron lugar aos seguintes tipos de solos:

Nun 50 % están constituídos por terras pardas húmidas. O resto ven constituído por solos con perfil pouco diferenciado sobre materiais silíceos, constituíndo o que se coñece coma Ranker húmidos.

Trátase en calquera caso de solos en xeral ricos en materia orgánica, moi lavados e ácidos e con pouco desenvolvemento no seu perfil, aínda que é preciso matizar

Nas zonas de fondo de val, os solos teñen menos materia orgánica e humus evolucionado, un perfil A/(B)/D, pero eiquí son escasos. Son máis frecuentes os cambiosoles de perfil A/(B)/C, con abundancia de materia orgánica soportando diversas vexetacións. Veñen ser os solos climax.

Están caracterizados estes solos polo seu horizonte (E), de cor parda escura a ocre-coiro, formado por alteración e desintegración dos óxidos de ferro. Están ben humedecidos pero non empozados.

A súa horizonte orgánica, A, diferénciase en subhorizontes especialmente nos solos baixo bosques, onde é característico un subhorizonte de restos vexetais non descompostos e doadamente recoñecibles, duns 5 cms. de espesor. A este subhorizonte

séguenlle unha capa de fermentación de hifas de cor branquiña de fungos e as capas de humificación, diferenciábeles pola presenza ou ausencia de materia mineral coa materia orgánica.

Teñen un grao de saturación moi baixo, con gravas de cuarzo nos horizontes superiores, soltos e sen estrutura. Na secuencia topográfica suceden ao ranker distrífico e ao ranker pardo (este aparece só nunha pequena zona de Lesende).

Nos terreos dos cumes, dos montes e das abas altas dos vales existen solos de perfil C/A, con horizonte orgánico moi variable, case sempre con restos vexetais arbóreos sen descompoñer e moi resistentes á humificación pola presenza das ericáceas. A granulación do granito permite un doado drenado, aínda que, por mor dun outo contido de materia orgánica, de grande poder de retención, fanse necesarias grandes cantidades de auga para que exista drenaxe permanente. Estes son os solos Ranker húmido. Pode ser distrífico -xeneralmente na parte máis outa do monte ou pardo-.

Para ver a capacidade agrolóxica dos solos do Concello compre utilizar os datos suministrados por F. Díaz-Fierros e F. Gil Solves na publicación: "**Capacidad productiva de los suelos de Galicia**". Os datos para Lousame reflectan a seguinte situación:

Grupo de solos acaídos dende o punto de vista agrolóxico.

No **orde da mecanización**: Solos sen problemas para a mecanización.

No **orde do rego**: Con certas limitacións para o rego superficial por gravidade e para cultivos fondos.

No orde **das xiadas**: Con risco de xiadas menor de tres meses.

No seu conxunto son solos de dispoñibilidade de nutrientes mala. Saturación do 15 ao 7 % e pH de 4,5 a 5,0.

Nestas condicións hai 1.657,2 Ha., das cales 745 son solos ben drenados e con déficit de precipitación menor de 30 días; 752 teñen déficits comprendidos entre 60 e 90 días e 160, déficits de entre 90 e 120 días.

O resto dos solos teñen riscos de erosión graves ou inservibles para os cultivos.

Temos pois, que **só un 18 % das terras do Concello ofrenda características boas para os cultivos.**

Pola contra, grande parte do Concello **si ofrece condicións acaídas para os cultivos** leñosos (arbóreos ou de mato).

1.6. O CLIMA.

Segundo os datos da Estación Metereolóxica de Noia, situada a 104 m. de altitude (42°, 47' N e 9° 05' W) as precipitacións medias anuais sitúanse entre os 1.400 e os 1.500 mm., con déficits de entre 75 e 100 litros nos meses de xullo e agosto. Os datos da Estación de Regos (Minas de San Fins) xa no concello de Lousame (42° 45' N e 8° 50' W), situada a 281 m. de altitude) corroboran esas cantidades (1.508 mm. anuais) con déficit de 82 litros neses meses.

Para a zona Norde do Concello ceais compra reflectar os datos da Estación do Tambre (Encoro B. de la Maza) situada a 42° 50' e 8° 50' W a 20 m. de altitude. Eiquí as precipitacións xa se sitúan nos 1.800 mm. anuais, aínda que sexan semellantes os déficits dos dous neses centrais do vran (85 litros entre xullo e agosto).

Asistimos, pois, a un réxime pluviométrico máis ben outo, concentrado especialmente nos meses de novembro, decembro, xaneiro e marzo.

No que atinxe ás temperaturas, o Observatorio de Regos sitúa a media anual en 12,5 ° C, que se eleva na Estación de Noia a 13,9° C., temperaturas que son lixeiramente inferiores ás medias dos territorios das Rías Baixas que, en xeral, superan os 14° C.

No que atinxe ás clasificacións climáticas, segundo a Allué, Lousame situaríase no que a fitoclima se refire dentro da subrexión "*Atlántico Europeo*"; dentro da unidade climática "*Marítimo Temperado*", segundo Papadakis⁽¹⁾.

¹ Datos obtidos da publicación: "*Bioclimatología de Galicia*", de Alejo Carballeira e outros.

No que atinxe aos ventos de componente Sur e Oeste, tan frecuentes e intensos na Ría de Muros, non sopran eiquí pola protección que confiren as elevacións orientais do Barbanza (Iroite) que fan de pantalla para a maioría das terras habitadas do Concello (Tállara, Lousame, Fruíme). A propia estrutura de vales interiores (Vilacova), reduce os efectos dos ventos. Só Camboño (pola proximidade ao mar) e Toxosoutos (pola altitude) teñen un réxime menos benigno de ventos.

1.7. VEXETACIÓN.

A variedade de especies e de comunidades de plantas en calquera territorio non depende de procesos aillados senón que ven condicionada por unha serie de factores variables ao longo do tempo: o clima, a xeoloxía, a orografía, o tipo de solo e, tamén, a acción dos diferentes organismos vivintes, incluído o ser humano.

Galicia ocupa xeográficamente unha zona onde se poñen en contacto dúas rexións florais: a Eurosiberiana (nas zonas atlánticas), caracterizada pola presenza dos bosques de folla caedeira, e a Mediterránea, con bosques de folla perenne. Ambas as dúas pertencen ao reino Holoártico. A concurrencia confírelle a vexetación do nos país un carácter mixto.

Na Zona atlántica onde se sitúa Lousame, o clima -típicamente atlántico e temperado e húmido, como vimos- presenta noustante a característica da curta pero acusada sequía estival. Velaí que no que se penetra un chisco cara o interior o clima tenda a facerse continental, favorecendo a existencia, en abeiros, de especies mediterráneas. Nos lugares outos, aparecen especies medioeuropeas e boreais.

Dado a litoloxía -eiquí de rochas cristaiñas- aparece unha orografía acusada e uns solos de outa permeabilidade, que ao seren fortemente lavados provocan a acedezas. É a razón de que eiquí non aparezan especies propias dos solos básicos.

Doutra parte, a acción antrópica foi e segue a ser acusadísima na conformación da paisaxe. Os cultivos, a deforestación ao longo da historia e a recente, pero masiva repoboación forestal teñen reducido o bosque climax do terriotiro de Lousame ata un mísero 1 % da superficie total. Prácticamente eiquí o bosque caducifolio só permanece nas beiras dos ríos e en pequenas manchas da montaña media.

Hoxendía, a paisaxe vexetal aparece dominada por piñeiros e mato, amén de polo eucalipto que ata agora só fixo medrar, básicamente polo seu carácter de pranta pirófito, que se estende en razón directa aos incendios forestais.

Os campos labrados, a pradeira e a vexetación ripícola (amieiros, salgueiros, bidueiros e, tamén carballos) bordeando os ríos e zonas próximas rompen a monotónia dos piñeirais.

Nas ribeiras a especie máis abondosa é o amieiro (*Agnus glutinosa*), o bidueiro (*Betula pendula*), aínda que non é unha árbore exclusiva dos ríos, é tamén frecoente. Os salgueiros (*Salix sp*) presentan varias especies. O freixo (*Fraxinus angustifolia*) e eiquí menos corrente.

Das non arbustivas eiquí na ribeira hai que salientar o dentabru (*Osmunda regalis*), a espadana (*Iris pseudacorus*). Antre as poligonáceas hai que citar as critas; das rununculáceas, o bugallón ou herba do ouro, o pé de lobo. Amáis diso hai que citar as xuncáceas e gramíneas.

As zonas de rochas, así coma os valados construídos en pedra polo home, aparecen colonizados polos liquens e musgos.

Nas áreas brañentas abundan os musgos do xénero *spagnum*. Nos lugares máis secos da braña poden aparecer carrouchas (*Erica tetralix*), o toxo gateño ou gatiña (*Genista berberidea*).

A flora dos montes dominan as uces, queirugas, carqueixas. Son formacións leñosas non arborescentes de plantas de follas pequenas e abondosas, propias do clima atlántico e os solos probes. Tamén se dan as toxeirias e xesteiras. Amáis da xeneralización

dos fentais é unha vexetación probe, de aspecto desolado, en contraste con outras formacións vexetais. É resultado da deforestación causada polo home, aínda que en certas áreas pódese tratar de formacións climático-naturais.

1.8. FAUNA.

A acción antrópica nos últimos tempos ten reducido a fauna natural aquí. De calquera xeito pódese contrastar a existencia de anfibios coma: o sapo dos leiros (sapo común), a ran ibérica, a saramaganta; reptis coma o lución e lagartos e lagartiñas, dentro dos saurios e ofidios coma a cobra de auga, nos ríos, e as víboras no monte alto. Dentro das aves aparecen todo tipo de limícolas nas xunqueiras do Tállara: patos, garzas, etc. Nas zonas máis antrópicas hai tanto paxaros de temporada (anduriña, avións, bubelas, rulas, etc.) coma permanentes (pardelas, merlos, etc.).

No bosque hai córvidos, rapaces (rapina, miñado, curuxas, moucho, etc.) insectívoros, páridos, etc.

Dentro dos mamíferos cabería suliñar: a) insectívoros coma o ourizo, b) lagomorfos, coma o coello, a lebre; c) roedores, con diversas especies; d) carnívoros, coma o raposo, a denosiña, o furón, a xineta, e artiodáctilos, coma o xabarín.

Dos peixes, Lousame, que foi unha terra abundosa, hoxe ten menos variedade, pero aínda hai troitas, bogas, anguías, etc.

1.9. OS USOS DO SOLO RÚSTICO.

Dacordo cos datos do Ministerio de Agricultura⁽²⁾ a distribución do solo rústico en Lousame é a que se recolle no anexo correspondente ao presente documento.

Aos efectos que nos ocupan podemos facer a seguinte distinción:

1º) **Cultivos.**

Baixo a epígrafe "*Labor intensivo*"⁽³⁾ aparecen nas Follas 119 e 120 do Mapa, no Termo Municipal de Lousame un total de 1.362 Ha., que supoñen o 14,7 % do total municipal. A meirande parte das terras de labor danse nas parroquias de Tállara e Lousame. Nas outras parroquias a porcentaxe é moito menor.

A alternativa de cultivo máis usual é a que comenza sementando en primavera un cultivo de vran, coma a pataca ou o millo, que se recolecta no outono para sementar seguidamente un cereal de inverno. A colleita do cereal (hoxendía case abandonado) é de verán e tras desta seméntanse nabos (sós ou con alcacer, centeo ou cebada para segar en verde). Logo deste aproveitamento comenza o ciclo coa semente da pataca ou do millo.

Nos terreos máis probes diminúe a proporción de patacas e millo, aumentando a de centeo, que pode chegar a constituir un monocultivo nos casos extremos das partes outas do Concello, sucedéndose a si mesmo na rotación.

Existen tamén cultivos de hortalizas de secano, nas proximidades das aldeas e casais: coles brancas e forraxeira, cebola, leituga, tomate, xudía, pemento.

Outra alternativa é a do millo ou patacas de media estación e vallico.

As producións máis correntes e fórmulas de abonado son as seguintes:

² Mapa de cultivos e aproveitamentos. Follas 119 e 120 (Escala 1: 50.000).

³ Asociado a Prados na meirande parte. As proporcións máis xeneralizadas é de 20-30 %, para prados, e 80-70 % para labores intensivos.

PLAN XERAL DE ORDENCIÓN DE LOUSAME

Productos	Producción Kg/Ha	Forma abonado	Xeira	
			Sementeira	Recolección
Millo	2.800	30.000 Kg esterco 500 Kg (15-15-15)	15/4 15/6	Octubro
Trigo	2.400	30.000 Kg. esterco 400 Kg. superfosfato	20/11 15/12	Agosto
Cebada	2.000	30.000 Kg esterco	15-30/11	15-30/Xullo
Area	1.700	25.000 Kg. esterco	15-30/11	1-5/Xullo
Centeo	1.800	25.000 Kg. esterco	Novembro	15/Xuño 15/Xuño
Pataca extratemperán	12.000	25.000 Kg. esterco	15/1 a 15/3	
Temperán	18.000	30.000	15/3 a 15/6	
Media Estac.	25.000	40.000 Kg. esterco 400 superfosfatos 150 Nitramón	15/4 a 15/10	
Tardía	23.000	25.000 Kg. esterco 300 Kg.	Octubro	

		superfosfato	
--	--	--------------	--

2º Prados.

Acadan unhas 421 Ha. (4,54 % do total). As pradeiras naturais están constituídas fundamentalmente por gramíneas (*dactyloray-grass*) e, normalmente, danse cinco cortes ao ano, posto que o seu aproveitamento é por sega. Con abonados acaídos obtéñense uns rendementos prúximos aos 20.000 Kg./Ha, por cada corta e en verde, se son comenamente sementados.

Unha fórmula tradicional e representativa é a de 30 Kg. por Ha. coa seguinte composición:

- 10 Kg. de ray-grass inglés.
- 8 Kg. de ray-grass italiano.
- 6 Kg. de dactylo.
- 4 Kg. de trébol violeta.
- 2 Kg. de trébol blanco.

Dada a acidez dos terreos (pH entre 4,5 e 6) é necesaria unha corrección a base de engadido de cal, coma a dolomita ou a cal magnésica (uns 2.000 Kg. por Ha.).

3º Pastizais.

Trátase de gramíneas e leguminosas tais coma a poa, a festuca e o vallico, así coma algunha especie de trébol, que se explotan por medio do pastoreo en primavera e no outono. Adoitaselle dar unha corta a fins da primavera (este corte ten menos rendimento: 5 Tm./Ha. Só, ocupa unha

superficie de 206 Ha. (2,22 %) e mixturado con mato, outras 201 Ha. (ó 2,16 %). Neste caso dase a presenza do toxo e das uces.

Os pastizais abundan na zona nororiental do Concello e os prados repártense por todas as parroquias.

4º) **Mato sen arbolado.**

O mato corresponde a unha formación en regresión, derivada da degradación de formacións arbóreas preexistentes en estado de climax, coma os carballos e cerquiños, que nunha primeira xeira se pasa ao predominio do mato de leguminosas con certa exixencia de fertilidade (toxos, xestas), pasando a unha segunda xeira de degradación coa invasión masiva de ericáceas.

As especies principais son:

- O toxo, con tres especies: *Ulex manus*, *Ulex gallii* e *Ulex europeus*.
- As uces: *Erica cinerea*, *Erica ciliaris*, *Erica tetralix* e *Erica arborea*.
- As xestas: *Sarothamnus scoparius*.
- A carqueixa: *Chamaespartium sagittale*.
- A aulaga: *Genista sp.*

As toxoiras aproveitanse (aproveitábanse) coma abastecedoras de cama para o gando e materia prima da produción do esterco, para o que é ideal. Rexida doadamente (4-6 anos), contén moito máis N. que a palla de cereal.

As áreas de mato tamén se utilizan para pastoreo extensivo da vexetación herbácea que neles medra.

A superficie de mato sen arbolado é de 1.602 Ha., que representan o 17,3 % do total municipal.

5º) **Mato con arbolado.**

Trátase de terreos coas mesmas características descritas no punto anterior que manteñen un estrato arbóreo con escasa cuberta, ben por tratarse de repoboado natural de coníferas (*P. Pinaster*), ben por restos de incendios dunha masa arbórea preexistente ou zonas castigadas polo home con aproveitamentos excesivos da masa arbórea.

Ocupan 446 Ha., (4,8 % do total), practicamente con *P. pinaster*.

6º) **Superficie arbolada con especies forestais.**

Ocupa 4.613 Ha. (prácticamente, o 50 % do total municipal). A inmensa maioría é con Piñeiro marítimo (*P. pinaster*), máis do 70 % do total arbolado.

Esta árbore foi introducida en Galicia no século XIX e hoxendía a súa presenza é tan habitual que se lle coñece co sobrenome de piñeiro galego, nome ben posto por ter configurado xa uns certos ecotipos, todos eles de grande produción madeireira (as existencias na provincia de A Coruña, segundo datos de 1972 eran de 85 m³ por Ha., con casca), con turnos de corta explotables de 30 anos.

A representación das frondosas que aparece eiquí asociada ao *piñeiro marítimo* e o *Quercus pedunculata* (o carballo cerqueiro), pero a súa presenza non chega ao 0,5 % do total do bosque de Lousame.

O piñeiro insigne ocupa unhas 370 Ha. el só, e outras 276 asociado co eucalipto. (O inventario forestal do ano 72 confirelle 63 m³ con casca por Ha. e o crecemento anual cifrábase en máis de 19 m³/Ha. con casca.

O eucalipto aparece eiquí en 92 Ha. el só máis, en 272 Ha. asociado a *P. insigne* e en 622 Ha. asociado ao *P. pinaster*. A especie principal é o *Eucaliptus globulus*, que ofrece rendementos de 30 m³/Ha/ano.

Estes datos de extensión -xa o dixemos- son de 1980. Hoxendía coidamos que xa ocupa bastante máis superficie de bosque. Pero consideramos que esa

extensión continua constitúe un erro, tanto dende o punto de vista ecolóxico coma dende o punto de vista económico, entendendo a economía con máis perspectiva que a de unha xeneración.

7º) Solos improductivos.

Por tais enténdense as zonas sen ningún tipo de aproveitamento agrario, augas das redes fluviais, asentamentos de poboación, etc. Estimáronse en 250 Ha, aproximadamente, que representan o 2,7 % do total municipal.

Cadro de aproveitamentos agrarios (1980)

	Superficies	%
Labor intensivo.....	1.362	14,08
Frutais.....	1	0,01
Prados.....	421	4,54
Pastizais.....	206	2,22
Pastizais/Mato.....	201	2,16
Mato.....	1.602	17,26
Mato e Piñeiro marítimo (P. Pinaster)....	442	4,76
Mato e Piñeiro insigne (P. Insignis).....	4	0,04
Mato e improductivo.....	179	1,93
Piñeiro marítimo.....	3.228	34,79
Piñeiro marítimo e Piñeiro insigne.....	370	3,99
Piñeiro marítimo e eucalipto.....	622	6,70
Piñeiro insigne e eucalipto.....	276	2,97
Eucalipto só.....	92	0,99

PLAN XERAL DE ORDENCIÓN DE LOUSAME

Carballo e P.marítimo.....	25	0,27
Improductivo.....	249	2,68
	<hr/>	<hr/>
TOTAL.....	9.280	100,00

Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do Mapa de Cultivos e Aproveitamentos do M^o de Agricultura. 1980.

1.10. A PAISAXE.

1.10.1. **Introducción.**

Afirmaba Don Ramón Otero Pedrayo que non hai máis paisaxe que a *paisaxe histórica*. Lousame non é unha excepción desta grande verdade posta de manifesto polo insigne xeógrafo de Trasalba.

En Lousame, coma non podía ser menos, o medio aparece formado -poderíamos dicir ata estruturado- por unha serie de elementos naturais e artificiais, orgánicos e inorgánicos que, no seu conxunto deviñeron no legado natural e histórico cultural máis vivo e concreto do que podemos dispor encol do pasado.

Os elementos dese legado téñense estudado dende perspectivas sectoriais diversas: coma obxectos arqueolóxicos e históricos, coma obxectos etnográficos ou antropolóxicos, coma obxectos botánicos, agrolóxicos, artísticos ou simplemente pintorescos. Pero é, ao noso xuízo, a dimensión estrutural e dialéctica (antre forma e función, antre condicionante necesario e reto para o home) a que lle confire a eses obxectos un carácter dinámico, permitindo a súa contemplación coma algo esencial nese labor ininterrompido - ás veces atinado e outras, desacertado- de **construcción do territorio**. A paisaxe non é outra cousa que o resultado, en cada xeira histórica, dese labor de construción do territorio.

É, pois, esa perspectiva evolutiva e autotransformadora de que están dotados estes **obxectos e superobxectos**, a de teren sido creados e modelados pola **Natureza** (poñamos por caso, formacións xeolóxicas, rede hidrográfica, etc.) ou polo **ser humano** (agricultura, repoboación, camiños, presas, edificios...), e responderen a leises ou pautas concretas que foron evolucionando co tempo, a que os converte en entes **necesarios** e imprescindibles non soio para a súa **conservación coma legado histórico-artístico-arqueolóxico ou natural** (cousa, de seu, xa importantísima), senón como **pezas indispensables para calquera transformación futura e positiva do territorio**.

Convén aclarar dende xa que, aínda que o seu coñecemento é imprecindible, non resulta suficiente para afrontar de xeito acáido as transformacións presentes ou futuras do Medio Físico. Coidamos que ningunha comunidade debe renunciar á modernidade (os cambios son algo que non está nas mans de ninguén deter, aínda que si darlle unha axeitada canle), entendida esa modernidade coma as cousas positivas que pode aportar a nosa xeira, o tempo que nos tocou vivir.

Só se se contempla a realidade paisaxística de Lousame baixo este enfoque é que poderemos entender fundamente a súa **paisaxe** ou as súas paisaxes. Porque, no fondo, a **paisaxe é unha visión conscente** do mundo; paisaxe é o **obxeto dun ollar intencionado**. En tanto que realidade conformada ao longo de millóns de anos no que respeita ao seu sustrato; e de milleiros, centos ou ducias, no que ten que ver cos superestratos, a paisaxe é coma unha combinación de **fotografías transparentes** que deixan ver a esencia e, ao mesmo tempo, descubrir as leises para transformar permanentemente esa realidade sen deixar de ser fideis a aquela esencia.

Naide pon en dúbida que na conformación da paisaxe son fundamentais uns condicionantes físicos (xa que logo, obedentes a leises físicas), tais coma: clima, orografía, solo, agua, vexetación, mais inciden tamén as construcións e destrucións levadas a cabo polos homes (a elección que leva a ter uns usos do solo ou outros en cada lugar, as construcións de todo tipo, etc. etc.), igoalmente observables, medibles, cuantificables, con connotacións racionais e, polo tanto, conscientes. Mais a **paisaxe é, igoalmente, percepción**, algo que se sente, que non soio se ve, senón que se escoita, que se ule, que se vive; algo cheo de connotacións sensitivas que chegan e motivan o subconscente.

A **paisaxe** é, pois, **unha interpretación do mundo**, a percepción dunha formas que representan unha orde, unha organización social e cultural. É unha testemuña. En definitiva, a paisaxe ven ser o resultado das tres compoñentes esenciais: **Espacio, Materia e Memoria**.

Estas reflexións, aínda sendo un resultado do noso andar por moitas terras deste vello e construído territorio que é Galicia, víronse outravolta reforzadas polo achegamento feito ao territorio, á paisaxe, de Lousame, a esta terra sinuosa, mais con horizontes; esgrevia e doce; pola que se pasa, pero que convida a apousar logo de cobizar o coñecemento do que hai detrás de cada outeiro, o val ou o valiño que está máis alá; un espacio para os de fóra, aparentemente, pouco definido, pero que amosa a súa estrutura de xeito ben nidio a pouco que un se pare a enxergala. Unha paisaxe interior na que é doado acobillar fronte dos rigores do mar, pero que desvela eiquí e acolá á proximidade a ese mar, non só coa posibilidade de divisalo (dende un bó fato de outeiros), senón de intuilo, de ulilo, de sentilo. Unha terra que ten moita da dureza do seu basamente xeolóxico, "*artísticamente*" exposto nos seus montes (Iroite, San Mamede, Muralla, O Treito...), mais tamén da dozura duns vales de escala humana, marabillosamente traballados pola acción multiseccular dunhas xentes que modelaron a fasquía orixinal das súas abas, con cómaros, socalcos, seves, regos, camiños, pontes ou construcións edificatorias de todo tipo, dende un parapeto castrexo ata un mosteiro, dende unha casoupa ata unha fábrica de papel, dende un cadoiro para un muíño ata unha piscifactoría. Todo en Lousame deixa ver esa dualidade antre dureza e dozura, e tamén antre natureza e artefacto, onde se evidencia o máis depurado saber constructivo da tradición, artefactos que hoxendía balizan a paisaxe nese obxectivo individualizador (que non individualista) resolto en pedra, non só para o propio acobillo das xentes, ou para construción de infraestruturas de todo tipo, senón para senlleiras mostras de espiritualidade ao longo dunha historia, que non por pequena e apartada, deixa de ser importante. Porque a paisaxe reflecta ansias, arelas, desexos, necesidades, e tamén frustracións, de milleiros de persoas que sentiron, padeceron, sentiron ledicia, ofrendaron solidariedade ou sufriron a inxustiza, que viviron e morreron eiquí. Todo iso xurde xa, ou intúese no que un se mergulla por vez primeira na paisaxe de Lousame, cando un afasta do arquivo da memoria impresións obtidas só co "*coñecemento*" de quen vai de paso e non apousa. Unha persoa pode pasar

un milleiro de veces pola estrada de Santiago a Noia e admirar a torre de Toxos Outos alá no fondal polo que ás veces é podente a presenza da fervenza do San Xusto. Pero se non se detén, se non baixa ata o mosteiro, se non apousa nese esceario de singular beleza -un pouco síntese antre o espírito desta terra cuberta de ríos e a sublimación dun xeito de vida doutroa, reflectada na disposición, fasquía, beleza das construcións que alí se integran nun territorio tan peculiar-, será difícil que poida entender os riscos esenciais da paisaxe desta terra. Outro tanto cabería dicir da persoa que vai pola estrada de Noia a Padrón e non se detén no Castro para se achegar ao edificio inzado por un dos galegos máis universais dos últimos séculos, Domingo Fontán, que foi quen de intervir nun territorio con preexistencias de grande valor e significación (á beira do propio recinto castrexo), sen coutar irreversiblemente eses preexistencias, senón engrandecendo a paisaxe existente, só cunha metodoloxía: a de facer as cousas ben, tendo moi craros os obxetivos, os medios para acadalos e as proporcións. Outro tanto cabería dicir do que non se achega ao interior de Vilacoba, percorre ese espacio construído por centos de persoas anónimas a traveso dos séculos que demostra a racionalidade dos nosos devanceiros; ou do que sube ao Iroite e só mira cara o mar.

Para comprender a paisaxe fai falla pois un limiar temporal mínimo, un acougo. É imprescindible saber ollar, imaxinar, mais tamén pode un "*prepararse*" para a contemplación.

Este documento non se pode converter el mesmo nun manual para esa preparación moito máis alá do que vimos dicindo. Mais, para axudar a quen queira ensaiar a contemplación activa -non pasiva- deste territorio, imos apuntar unhas cantas cousas. Doutra parte ese apuntamento é obrigado para a propia confección do Plan de intervención no territorio. Non debemos esquecer que un Plan Xeral de Ordenación ten por obxeto a regulación dos usos do solo e a edificación e, xa que logo, é preciso non esquecer que tanta importancia ten a pauta -mesmo, xurídica- que obriga ou proibe, coma a conciencia sobre do que é bo ou malo, ou a sensibilidade sobre a forma de construír

permanentemente o territorio. E por máis que é difícil que nese cometido haxa recetas de valor universal, tamén é certo que haberá menos risco de equivocarse cando as cousas novas (as vellas xa se sabe como son) se realizan con escalas, con proporcións que un domina, que a comunidade entende.

1.10.2. Tipos ou categorías de elementos da paisaxe de Lousame.

Aínda que toda clasificación leva parello un certo degraio de esquematismo e, mesmo, que todo obxecto espacial é, de seu, ambivalente, coidamos de proveito facer un esforzo por acadar unha certa clasificación dos elementos que no seu devalar histórico chegan a formar a paisaxe de Lousame.

1º) O **sustrato do Medio Físico**. É aquel que ven composto por elementos ou conxuntos de elementos inorgánicos e orgánicos que constitúen a primitiva base morfolóxica do territorio. Veñen ser os **elementos naturais** (que, coma vimos, resulta difícil aillar en todo o territorio galego, pois a acción do home a traveso da historia foi extraordinariamente intensa). A eles referímonos xa cando repasamos a xeoloxía, a edafoloxía, o sistema hídrico ou a vexetación de Lousame. De calquera xeito, eiquí podemos distinguir os seguintes grupos básicos:

a) O **sustrato granítico** conformador da morfoloxía básica do territorio que actúa dende o punto de vista da paisaxe, mesmo cando non é visible, por situarse por baixo da capa de vida que é a terra vexetal, mais que en Lousame amosa a súa valencia e poder en todos os montes que conforman o anfiteatro das terras baixas ou as maiores elevacións que estruturan os vales (tanto os fundamentais coma os secundarios).

b) As **terras dos vales outos**, onde sempre se deu un certo equilibrio antre o cultivo e o monte (de mato ou arbolado). Outrora con usos máis deversos, hoxe evidencian unha paisaxe menos variada, cromáticamente menos ricaz (prado-monte repoboado). Pero a presenza da auga e da vexetación ripícola compensa sobradamente as

eivas apuntadas. Esta vexetación é sustancial dende o punto de vista medioambiental e paisasístico.

c) A **veiga baixa do Tállara e o Pesqueira**, hoxendía fondamente alterada no parcelario histórico (por mor da concentración) e, tamén, na uniformización dos usos do solo.

Eiquí en Lousame non ten moito senso falar da contraposición montaña e ribeira, nin polo mesmo aparece eiquí a bocarribeira. Porque os ríos deste territorio, pesie ao considerable aporte anual dos máis compridos, son todos ríos de curto percorrido, que axiña salvan as cotas de nacemento para se achegar á veiga e ao mar, co seu camiñar a choutos, coa forza que da andar por desniveis tan acusados.

Pero iso non quita para que en determinados treitos aparezan -nalgúns dos máis importantes ríos- imaxes máis repousadas por mor dos caneos sinuosos, das godas que eses ríos tracexan arredor dos outeiros.

Eiquí habería que falar de **terras outas** -coa división entre as esgrevias do Leste do Sur e do Oeste e as de máis planura do Norte-; de **cursos medios dos ríos** (con meirande diversidade morfolóxica e, polo mesmo, con paisaxes máis diversas); e das **terras baixas** da veiga. Pero, propiamente falando, en Lousame non hai unha distinción tallante entre ribeira e a bocarribeira, por esa falla dun río de maior capacidade. A auga eiquí abundantísima (coma corresponde a un outo rexime de precipitacións), ten que elixir o discurrir por ducias e ducias de vasos capilares sen chegar a formar grandes arterias. Son ríos a escala do territorio e, xa que logo, non se lles poden pedir unhas formas que non son posibles. Mais polo mesmo, non se pode modificar a súa estrutura, curso, etc.

Nun plano xa máis descriptivo, no canto dos elementos naturais, en Lousame podemos atopar unha profusa lista de elementos conformadoras da paisaxe. Sen ánimo, nen moito menos de esgotalos, cabería citar: **abas, agoeiros, avesíos, barrancos, brañas, restos de vellas carballeiras, cesuras, codesidos, corgas, covas, crebadas, curutos**, pequenas **chairas, ermos, fentais, fontes, lameiras, laxeiras, penedais, regos**,

regatos, ríos a máis diversa formación de **rochas, sequeiros, soalleiros**, -recordo de vellos **soutos**-, **toxeiras, uzais, veigas, xestais**, etc. etc.

2º) **Elementos espaciais**, que son froito da acción do home sobre da natureza, xeneralmente de carácter productivo, que foron ocupando e superpoñéndose á orixinaria estrutura do territorio, modificándoo no seu aspecto formal e funcional, pero que co paso do tempo foron confundíndose coa propia natureza.

Tamén sen ánimo de exhaustividade, podemos citar: **agras, alcoubes, almuñas, arrós, cómaros, coutos, chousas, devesas, eidos, eixidos, eucaliptais, guichas, herbeiros, hortas, leiras, nabais, parreiras, patacais, piñeirais, pomares, pradeiras, resíos, seves, socalcos**, etc.

3º) Dentro das realizacións plenamente humanas, distinguimos coma elementos de extraordinaria importancia na paisaxe os **asentamentos humanos**; ou sexa, os núcleos ou entidades socio-territoriais-habitacionais, que estruturan o territorio, elevándoo a categoría de **espacio dominado polo sentimento e a razón**.

En Lousame, basicamente, temos tanto elementos con plena vixencia coma: **aldeas, lugares, barrios** ou **casais** coma outros que xa non cumpren esa función, pero aínda coa súa impronta espacial, como é o caso dos **castros**.

4º) **Espacios, sitios** ou **lugares** de carácter público, semipúblico, privado ou comunitario, de diversa magnitude e usos diferentes ou múltiples, de forte significación espacio-cultural; espacios que aparecen definidos permanentemente pola súa forma ou accidentalmente pola súa función.

Cabería citar: **adros, cercados, curros, eiras, encrucilladas, eixidos, explanadas, miradoiros, parques, prazas e praciñas, quinteiros, resíos, rúas, rueiros, terreiros**, etc. etc.

5º) Descendendo na aproximación chegamos ás **edificacións de diversa tipoloxía**, feitas con obxetivos artístico-funcionais que, en xeral, constitúen a parte máis permanente e significativa de toda a arquitectura do territorio.

Podemos distinguir:

a) **Edificación de carácter civil**, entre as que cabe, á súa vez, facer a distinción entre:

- **Residencial.**
- **Residencial-productiva.**
- **Productiva.**

Ao longo do territorio as edificacións de carácter civil teñen a cualidade maioritaria de Residenciais-productivas ou productivas. É moi difícil atopar exemplos na arquitectura tradicional onde a vivenda non leve parello sempre o carácter de "*fábrica*" agropecuaria. Só moi recentemente é que aparecen algunhas edificacións destinadas exclusivamente ao uso puramente residencial; mais son exactamente esas edificacións as que están a poñer de relevo o que non é a esencia da paisaxe de Lousame; son eses exemplos -aínda non numerosos, pero xa significativos- os que apuntan -se non se regulan- unha construción negativa do territorio.

Coma exemplos deste tipo de elementos tradicionais temos **casas, casoupas, casarellas, casagrandes.**

Pero onde a profusión é verdadeiramente grande é na morea de **edificacións** puramente **productivas**, sobre todo nas de carácter **terrestre**, aínda que tamén é importante a significación das de carácter **fluvial**.

Dentro das primeiras hai que consignar a existencia de: **adegas, alfolíns, almacéns, atafonas, baiucas, canizas, casetas, celeiros, fábricas, fornos, forxas, minas, obradoiros de diverso tipo, pallotas, pelamios, pousadas, secadoiros, tendas, etc. etc.**

Dentro dos segundos: **muíños, lavadeiros**, etc. é dicir, infraestructuras productivas que se insiren nos ríos sen, practicamente, alteralos.

b) **Edificacións de carácter relixioso**, das que Lousame dispón dun patrimonio, senón cuantitativa si cualitativamente importante: **adros, cabildos, camposantos, mosteiros, capelas, igrexas**, etc.

c) **Edificacións singulares**. Aparte das edificacións relixiosas -case todas elas cun carácter singular, -hai que resaltar eiquí outro tipo de edificación que ben coma memoria, ben coma presenza actual, constitúen fitos de grande importancia. Neste senso cabe salienta: **fábricas de papel, pequenos pazos**, etc.

d) **Edificacións complementarias de carácter productivo**. Completan a panorama edificatoria e da paisaxe de Lousame: **albarizas, alboios e alpendres, cabaceiras, canizos ou hórreos, cortes e cortellos, esterqueiras, estrumeiras, galiñeiros, leñeiras, pendellos, poleiros, pombais, porcarizas, tendais**, etc.

6º) **Construcións adxetivas** non edificatorias, de carácter conmemorativo, representativo, decorativo e eminentemente simbólico e artístico, que constitúen a parte menos utilitaria, productiva ou habitacional de toda a arquitectura do territorio. Lousame, nesta tipoloxía, ten exemplos magníficos de **cruceiros, petos de ánimas, fontes, marcos...**

7º) **Construcións infraestructurais ou de servizo**, de carácter terrestre ou fluvial que son o que decote se soe ubicar no campo de enxeñería, antre as que salientamos: **atallos, agoeiros, atoles, botadeiros, breixas, cadoiros, camiños, canles, cancelas, cómaros, congostras, corredoiras, cunetas, enlousados, estradas, fontes, foxos, levadas, pasais, pesqueiras, petrís, pías, pichos, poldras, pontes e pontellas, presas, regos, rúas, serventías, sumideiros, valados** e todo tipo de **vedacións, venelas**, etc. etc.

8º) Toda unha serie do que poderíamos chamar **patróns arquitectónicos** que aínda que non son exclusivos de Lousame si conforman os aspectos esenciais da cultura material do seu territorio. A lista sería interminable, mais coidamos que compre salientar: **andadeiros, afumadoiros, antepeitos, arcadas, balaustradas, balcóns, barandas, bufardas, canzorros, cimborrios, corredores, cheminés, escadoiros e escaleiras, frisos, galerías, gárgolas, lareiras, linteles, lumeiras, maineis, miradoiros, páteos, patíns, peitorís, pilastras, pinchos, portas de aire, sobrados, sobrepenas, solainas, trabes, tragalús, veletas ou cataventos, ventanucos, xanelas,** etc. etc.

Todo ese mundo artificial do que estamos certos que somente catalogamos unha mostra, foi realizado polo home utilizando técnicas propias, tanto no eido da agricultura (a maioría perdidas): **adevesar, afollar, amachocar, arar, asollar, asucar, escardar, espedrar, estrar, mallar, recolleitar, regar, repoboar, rozar, sachar, semear, socialcar,** etc. etc. coma no da arquitectura: **abuxardar, alicerzar, apicoar, arristrar, asoleirar, encintar, enfoscar, estucar, laxar, marcar, revocar, tabicar, trabexar,** etc. etc., para o que se teñen utilizado tradicionalmente materiais a pé de obra: **area, cachote, lexas, lousas, madeiras de diversas clases, pastas, perpiaños, xabre...**, ou de adquisición doada -**tella, ladrillo, cemento, cal, ferro...**

1.10.3. A percepción da paisaxe de Lousame.

Xa dixemos máis atrás que tanto pola situación coma pola **oroografía**, o territorio de Lousame é especialmente **acaído** para que a **percepción** da **paisaxe** sexa sempre **doada**. Eiquí é practicamente imposible sustraerse á presenza de todo ese mundo que xenerou a natureza. O Home, sen deixar de esprementar sempre, de intervir, de actuar sobre desa natureza, por mor das necesidades dunha poboación que ocupa o territorio con multitude de pequenos núcleos, ata hai poucos anos, fixo sempre construcións positivas

nese territorio: pola contra, hoxendía pódense advertir actuacións que supoñen impactos negativos, tanto nos núcleos da veiga como nos das terras outas.

Agora, interesa quedármonos coa percepción que dese territorio maravilloso pode ter calquera que a el se achegue con ollos de fitar sen límite.

Este que ven, é preciso aclaralo, só é un antre mil discursos posibles sobre da paisaxe dese vasto territorio municipal.

Un territorio que linda con territorios de sete concellos, a cabalo de dúas rías e situado antre o mar e as terras de interior, con veigas e montaña, con penedos esgrevios e mesta vexetación, con habitat expandido (agrupación de entidades de poboación nun amplo territorio) e habitat disperso en concentracións apretadas de pequeno tamaño, con vales abertos e vales pechados, con bosque, mato, prados e terras de labor, con cursos de auga estruturando a paisaxe, case permanentemente...; á forza é un **territorio difícil de percibir dun só "golpe de vista"**. Segundo por onde se entre nel ou segundo por onde se ande (e sen perder o concepto de unidade que sempre ofrenda unha topografía accidentada), teremos unhas ou outras percepcións.

Así, se un se achega dende o interior pola estrada de Santiago, ten a impresión, cando entra no Concello por Fontefría que non houbo creba de ningún tipo. O norde da parroquia de Toxosoutos non se distingue esencialmente do resto das terras altas chairegas de Rois, coas que un se atopa logo de ascender dende Urdilde. Pero é unha sensación falsa, pois a pouco de continuarmos, xa aparece a corga do San Xusto e a beleza esgrevia do val asucado polo río, contrapunteada polas fortes actuacións humanas (marabilloso conxunto de San Xusto de Toxos Outos). Distinto sería baixar polo camiño agrario que leva directamente a Servia e Comparada, na parroquia de Vilacoba, onde a percepción do amplo val do río do mesmo nome, se acada na súa globalidade. Pola estrada, non. Eiquí baixase seguindo, básicamente, o río e a topografía e a vexetación non axudan á percepción de paisaxes longas. Pero non quita iso para que sexa menor a percepción de beleza, só se trata de belezas distintas. Coma sucede, poñamos por caso, coas sensacións

que se teñen se un se achega a Lousame dende a Ría de Arousa para entrar polo Confurco. É impresionante a sensación que da achegarse ante un inmenso pasillo de pedra, que se estreita no que un vai subindo. Da a sensación de que no que un chegue á portela do Confurco vai aparecer xa o val da veiga baixa. Mais os caprichos xeolóxicos unidos á vexetación de repoboación impiden esa percepción. Hai que baixar algo máis ata atopar o fondo dos dous vales (indo cara a Carantoña) ou a traballadísima morfoloxía do val de Lousame indo cara a Portobravo.

É, pois, cuestión de escoller o punto de vista. Coma sempre, é preciso subir. A ofrenda de outeiros dende os que mirar é ben profusa, coma xa vimos ao referírmonos á orografía. Dende o Iroite ou dende a Muralla si se pode entender a paisaxe global do que se amosa e do que se oculta de Lousame -característica sempre acusada nos territorios onde os ríos son os elementos que debuxan.

Pero hai outras sensacións paisaxísticas tan fondas coma as da grandiosidade do escenario. Son as que provocan unha goda do río envolvendo a un outeiro redondeado no que os cómaros, os socalcos ou as vedacións (vexetais e petreas) cobizan permanentemente o cruce da canle para camiñar polos arrós intuídos ou os carreiriños insinuados. Outro tanto cabe dicir da contemplación dos avesíos que intermitentemente ofrece a profusa vexetación de ribeira. E, por que non, a contemplación das obras do home: a aldea maciza vista dende lonxe, a imponente imaxe de unha fábrica de papel coma a do Castro, a batería de muíños en calquera dos ríos ou a soberva imaxe de podente nao que ofrece dende o alto a piscifactoría de Vilacova (que utilizou sabiamente as preexistencias)⁴. Se quen se achega a estes espacios sabe algo do pasado botará de menos as moreas de batáns que outrora poboaron estes ríos. E cecais sinta ver parada a actividade por San Finx. Xa se sabe, tamén ten o seu aquel unha paisaxe de mineiría cando a capacidade tecnolóxica de modificación non racha coas escalas humanas.

⁴ Outravolta hai que facer fincapé no feito de que a construción dun encoro neste río sería un golpe mortal para o Vilacova e para o ecosistema que el conforma.

E en calquera parte un pode descubrir a paisaxe dos primeiros devanceiros dos que se ten noticia, que habitaron os castros de Lousame dos que, afortunadamente, fican abondosos restos que é preciso conservar. Entenderase un pouco mellor a estrutura dunha xeira anterior na historia deste territorio.

Coma tamén se entenderá se un busca a xeografía dos dous sonados curas-poetas de Fruíme, ou se detén e pasea pola redonda das obras do xenial Domingos Fontán.

Pero por riba de todo elo, Lousame aínda ofrenda hoxendía, xa nos albores do século XXI, á beira mesmo de dúas Rías sobrepoboadas, un territorio, unha paisaxe, na que a medida do tempo e a sensación de amplitude espacial, preñan de acougo, de tranquilidade, de pracidade ao que a contempla. É o mellor medicamento contra da premura, o estrés, a tensión, a agresividade..., que hai que pagar por un, ás veces, malentendido progreso.

Cada territorio debe ofrendar -e, mesmo explotar- aquilo que posúe. Lousame, á beira dos recursos agropecuarios, forestais e extractivos, ten este outro recurso a mancheas: a **natureza e a historia dun marabilloso país rural, incrustado no corazón de territorios (mal) urbanizados.**

II. ANALISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

2.1. INTRODUCCIÓN.

Falando con rigor, historicamente, en Lousame, nunca houbo unha realidade á que se lle poida dar a denominación de urbana. O "coto" de Toxosoutos, o señorío eclesiástico que está na base do futuro Concello de Lousame, coma xa se apuntou ao falar da historia destas terras, non propiciou máis actividade económica que as que conforman o mundo típicamente rural.

Xa que logo, Lousame chega ata a Xeira Contemporánea, cunha estrutura territorial nidiamente rural.

Tanto na centuria pasada -despois da abolición dos señoríos-, coas fábricas de papel, coma na primeira metade deste -coas explotacións mineiras- as cousas foron de xeito parecido. Ningunha destas actividades puntuais foi quen de pular por un nido desenvolvemento urbano. A persistencia da propia demarcación municipal débese posiblemente á resistencia campesiña a se integrar nun ámeto territorial máis amplo (os intentos de Noia por anexionar Lousame resultaron fallidos pesie a que durante un tempo estivese a "*Casa Consistorial de Lousame*" nun piso da vila noiesa) no que a pantasma dunha maior carga impositiva sen contrapartidas, se vía coma inevitable.

Ata agora mesmo, é dicir ata hai coma moito un par de décadas, non se tiña producido nada eiquí que nos levase a categorizar algún tipo de asentamento nidiamente urbano.

Mais, a partires de entón, comeza a se producir unha tímida tendencia a se formaren asentamentos que en puridade xa non responden por enteiro á denominación de núcleo inequívocamente rural. Das características desas novas realidades imos falar nos capítulos que veñen de seguido.

Pero dende agora xa queremos significar que a propia existencia de Lousame como entidade administrativa municipal vai depender de que esas tendencias se consoliden, mercede a unha boa ordenación que pule polo desenvolvemento naqueles

lugares onde, por razóns diversas, xa se manifesta a tendencia e que inequívocamente son: Merelle-Ponte San Francisco-Meixonfrío; Eirexa-Pousada-San Roquiño (estes dous, en Tállara) e Cruído-Portobravo (en Lousame). Polo de agora habería que falar de disposición de infraestructuras e servicios urbanísticos (auga, alcantarillado, aceras, etc...), e de dotacións equipamentais de carácter xeral (administrativas, sanitarias, educativas, etc.).

Pero ese é o comenzo. Sen menoscabo de que se entenda que os labores agrogandeiros e forestais fosen no pasado, sexan agora e poidan ser no porvir, a base fundamental da economía de Lousame, cremos que é sustancial para o futuro cobizar usos terciarios e axudar a un mínimo de concentración dos mesmos neses núcleos de poboación que manifestan a súa vocación de "*centros*", especialmente, arredor do núcleo de Portobravo onde xa teñen asento actividades que poden cobizar un mínimo desenvolvemento do núcleo.

2.2. ESTRUCTURA TERRITORIAL. CARACTERIZACIÓN TIPOLÓXICA, MORFOLÓXICA E EVOLUCIÓN DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

O Termo Municipal de Lousame constitúe un exemplo nidio dunha estrutura eminentemente rural nun territorio moi prúximo -case tanxente- ao mar, pero debrocado cara os labores agropecuarios, forestais e extractivos.

Dominado na xeira medieval polo Coto de Toxos Outos, (era xurisdición do Mosteiro de Bieitos e máis tarde do Císter), e polos foros de señores de fóra, no Antigo Réxime, a estrutura territorial non se viu notoriamente trabucada ao pasar a mellor vida os señoríos (de posesión e xurisdicionais). Antes coma agora, os asentamentos humanos agrupáranse arredor dos vales dos curtos pero podentes cursos fluviais do Concello: Toxosoutos ao norde, sobre a conca do río de San Xusto; Vilacoba e Lesende, sobre a do Vilacoba; Cruído e Lousame sobre a do Pesqueira; Tállara sobre a do Tállara e Comboño sobre da do Hornanda.

A abundancia de auga, conseqüencia dun réxime pluviométrico outo, deu pé á existencia dun bo fato de núcleos de poboación, na súa maioría pequenas aldeas e casais, predominando orixinariamente as entidades dun só núcleo, con caserío maioritariamente denso. Nos últimos lustros, porén, colleu pulo -coma en tantos outros territorios rurais galegos- o fenómeno do espallamento. Así, o que era un habitat disperso, pero craramente organizado a nivel parroquial, cunha xerarquización nidia en case todos os casos, deu pé a un certo degraio de espallamento da edificación, non tan exaxerado coma nos concellos darredor, lindeiros co mar das rías, pero si o suficientemente operativo coma para dar paso a un habitat no que aparece unha morfloxía polinuclear (asentamento formado por dous ou máis núcleos de poboación, no que o carácter denso ou craro da edificación repártese ao 50 %).

Para comprobar canto dicimos pódense ver os cadros que figuran no último epígrafe do presente capítulo, así como nas fichas dos núcleos que figuran nun anexo aparte deste documento. Desagregados polas sete parroquias que existen no Concello de Lousame: San Xoan de Camboño, San Martiño de Fruime, San Martiño de Lesende, San Xoan de Lousame, San Pedro de Tállara, San Xusto de Toxosoutos, e Santa Eulalia de Vilacoba. Nos citados cadros recollemos ademais os actuais núcleos de poboación, isto é, os contínuos edificatorios actuais. A seguir caracterízase a tipoloxía deses asentamentos na dicotomía maior-menor ruralidadel⁵. Esa caracterización é o resultado da acción combinada de diversos factores. En primeiro lugar o nivel e, sobre todo, o tipo de servizos urbanísticos que posúe o núcleo. Mais tamén inflúen á hora de determinar ese carácter, o parque de vivendas e a poboación que nelas mora. E, tamén a morfoloxía do núcleo, o tipo de edificación predominante, etc.

A seguir no Cadro refléctanse o número de entidades singulares de poboación que se integran no núcleo. Na maioría dos casos, os núcleos actuais seguen a estar compostos só pola entidade tradicional orixinaria. Así, ó 80 % dos núcleos actuais contan cunha soa entidade -nuclear ou polinuclear- orixinaria. Ocorre así, obvio semella afirmalo, nas parroquias máis rurais, onde hai unha completa identificación entre núcleos actuais e entidades de poboación orixinarias -Fruime, Toxosoutos e Vilacoba son exemplos do que vimos de afirmar, Camboño e Lesende son excepcións-, pois aínda sendo núcleos moi rurais, a proximidade das entidades orixinarias levou ao agrupamento actual. En Tállara e en Lousame -onde a urbanización é máis evidente- ese agrupamento é moito máis nidio.

A continuación, no Cadro que comentamos, refléctase a morfoloxía actual atendendo ao carácter uninuclear ou polinuclear e á densidade da edificación. Aparte do que a respecto desta cuestión se di máis atrás, hai que suliñar o feito de que existen tres núcleos que non se axustan á dicotomía xeral. Trátase do poboado mineiro de San Finx, e

⁵ Hai que suliñar que todos os núcleos rurais teñen un carácter tradicional, mesmo a colonia mineira de San Finx, construída hai xa moitos lustros.

o asentamento espallado de Silvarredonda (ambos os dous na parroquia de Vilacova) e un casal, Nabal, (na parroquia de Camboño).

Na seguinte columna do Cadro figuran os servizos e dotacións urbanísticas cos que contan os núcleos. Figuran reflectados co seguinte código:

1 = Acceso rodado, con pavimento de asfalto, formigón ou semellante.

2 = Abastecemento de enerxía eléctrica.

3 = Abastecemento de auga (destes tres servizos dispoñen todos os núcleos, aínda que nalgúns casos o servizo respectivo sexa insuficiente ou de mala calidade).

4 = Evacuación de augas residuais.

5 = Evacuación de residuos sólidos.

6 = Alumeado público.

(Destes dous últimos tamén é xeral a disposición).

7 = Beirarrúas (só dispoñen delas núcleos que caracterizamos como urbanos).

8 = Equipamentos Públicos. Dentro deles, distínguense:

8.1. Administrativo.

8.2. Docente.

8.3. Sanitario.

8.4. Deportivo.

8.5. Sociocultural.

8.6. Relixioso.

9 = Tendas de alimentación, restaurantes, tabernas, bares ou establecementos semellantes.

10 = Lavadeiros públicos.

11 = Cemiterios.

12 = Espacios libres públicos (terreiros, campo da festa, adros, etc.)

13 = Outros.

A continuación, nos Cadros repetidamente citados, refléctase o número de vivendas e as cifras da poboación de feito de cada un dos núcleos, tal coma se configuran na actualidade, é dicir, logo do agrupamento exprementado por mor da expansión dalgúns núcleos orixinarios ocurrida nos últimos tempos.

A vista de todas as características reflectadas, hai que concluir:

1º. Hoxe por hoxe aínda non asistimos no Termo Municipal á consolidación e apousamento definitivo do desenvolvemento urbano; pois, polo de agora, ningún dos núcleos con maior nivel de urbanización dispón do volume edificatorio e da carga demográfica suficientes como para entender que se poida encadrar inequívocamente como vila ou entidade semellante.

2º. Pero tamén é certo que **tres dos núcleos agrupados hoxendía existentes** teñen características específicas, que non se dan no resto de núcleos, e que nos inclinan a que se están a dar neles condicións coma para pensar que é nesos núcleos onde se está a perfiar o **desenvolvemento** máis acusado de Lousame.

3º) Esas características, básicamente, son:

a) **Existencias de servizos urbanísticos completos**, ou con proxectos en execución para dispoñer deles. Todos os núcleos de poboación do Concello dispoñen de acceso rodado, enerxía eléctrica, abastecemento de auga -por medio de captacións e redes de dominio privado- alumeadado público máis ou menos acaído e recollida de lixo. A diferenza é que en algúns poucos núcleos, amáis deses servizos contan con rede de evacuación de augas residuais. E dentre eles, tres contan tamén con encintado de aceras.

b) **Unha maior diversidade de usos**. Amáis dos usos residenciais comúns ou dos agropecuarios xeneralmente ligados no rural de Lousame a aqueles, nos núcleos máis desenvolvidos danse outros usos do solo: comercial, dotacional, de pequena industria - obradorios-, etc.

c) **En xeral**, son tamén estes núcleos os que **dipoñen dun parque de vivendas máis numeroso** (superior ás 150 vivendas, e do meirande continxente poboacional), superior aos 200 habitantes.

4º) Nestas condicións aparecen tres núcleos:

a) **Portobravo.**

Trátase da capitalidade do Concello. Engloba aos núcleos orixinais de Cruído, Portobravo, Silva, Bouciñas e Brandia. É a área onde teñen asento as principais dotacións equipamentais do Concello (administrativas, escolares, sanitarias...), así como o núcleo de maior número de vivendas e de habitantes (140 vivendas e 356 hb.). Amáis do sinalado, esta área ten condicións acaídas para un desenvolvemento harmónico das demandas de nova incorporación ao sur da Casa Consistorial. Conta coa totalidade dos servizos urbanísticos demandados pola lexislación vixente para que o seu solo sexa clasificado coma urbano pero, en razón da fasquía rural que aínda posúe, entendemos -en consonancia co disposto na lexislación urbanística vixente- que debe ser clasificado o seu solo como de núcleo rural.

b) **Tállara (Eirexa-Cernande-Cruceiro).**

Trátase doutro núcleo agrupado arredor do centro da parroquia de Tállara. Dispón igualmente dos servizos urbanísticos exixibles para que o solo se clasifique coma urbano pero entendemos que se debe tratar como núcleo rural. Ten un peso poboacional menor que Portobravo (189 habitantes), e tamen un menor parque de vivendas (65).

Ten un nivel de dotacións equipamentais de carácter local suficiente e vense definindo coma área de atractividade para a localización de residencia.

c) **Merelle-Meixonfrío-Ponte San Francisco.**

Lindante co concello de Noia, non presenta solución de continuidade co solo urbano do Concello citado. Dispón de todos os servizos urbanísticos demandados pola lexislación vixente para que o seu solo sexa clasificado coma urbano. Mesmo conta co

encintado de aceras ao longo de todo o núcleo. Ten un Censo actual de 183 habitantes e un parque de 72 vivendas. Polo xa dito, deberá ser tratado como núcleo rural polo PXO.

Tanto no caso de Portobravo coma nos dous casos de núcleos de maior diversidade e de grao de urbanización que se dan na parroquia de Tállara, aínda que hai rede de evacuación de residuos líquidos non hai depuración acaída dos mesmos, producíndose o verquido directo ao río.

Outros núcleos de peso poboacional e parque de vivendas outro é Aldea Grande (75 vivendas e 200 habitantes). Non dispón de todos os servicios e, ademais, o seu carácter rural é máis acusado, ao non se dar eiquí a diversidade de usos nin o nivel dotacional mínimos coma para pensar que debe ser considerado coma núcleo rural de maior diversidade.

O resto dos núcleos destas dúas parroquias máis poboadas, -Lousame e Tállara- que representan o 56,83 % do total poblacional municipal- así coma a totalidade dos núcleos das parroquias rurais menos poboadas, ten un carácter inequívocamente rural e neles non se advirten sinais de troco desa súa condición esencial.

2.3. INFRAESTRUCTURAS.

2.3.1. De Comunicación.

No Sistema de Comunicacións de Lousame podemos distinguir nidiamente os seguintes tipos de vías:

a) **Viarío de unión co exterior do Concello.** É a rede que canaliza os fluxos cara fóra e dende fóra do Concello, así coma moitos dos desprazamentos que se dan antre diferentes lugares do Concello.

Caba facer a distinción antre catro vías, segundo as características da vía e importancia dos fluxos:

1º) A **estrada C-543, de Santiago a Noia.** Pon en contacto a capitalidade de Galicia coa C-550 (estrada de Fisterra a Tui, por toda a costa). Actualmente é unha vía tipo Redia. Aínda que por terras do Concello só decorre un treito máis ben pequeno, seis kilómetros escasos (todos eles pola parroquia de Toxosoutos), é un vial importante para as comunicacións municipais de todas as parroquias da metade norde, pois é polo que se accede a Noia dende Lesende, Vilacova e boa parte de Lousame (tanto polo trazado actual, coma pola vella traza). Tamén é obrigado o seu uso para as comunicacións, de practicamente, todo o Concello para ir a Santiago ou aos territorios da metade N. de Galicia (fóra da Ría de Muros e da Costa da Morte). Forma parte da Rede Primaria Básica das estradas autonómicas.

2º) **Estrada CP-1105, de Noia a Cabo de Cruz.** Ten un percorrido semellante á C-543 por terras do T. Municipal de Lousame: 5,3 Kms. É un vial de importancia grande para o artellamento intercomarcal (pon en comunicación a unha parte dos Concellos do Barbanza, enlazando as dúas Rías antre os centros urbanos de Boiro e Noia. Mais tamén compe o rol de comunicación interna, antre os núcleos de Tállara, sendo alternativa para outras parroquias nos desprazamentos a Noia.

Forma parte da Rede Provincial.

3º) **Estrada AC-301 de Padrón a Noia.** Con máis importancia comarcal outrora, o seu difícil trazado motivou a utilización -no seu rol de estrada intercomarcal- de vías alternativas de maior capacidade e velocidade. Pero segue a ser un vial esencial no rol de comunicación intramunicipal para as parroquias de Lesende e Vilacoba, así como dende estas cara a Rois e Padrón, ou cara a Noia no caso da última das estradas. Tamén utilizan este vial os núcleos septentrionais de Lousame (Castro, Cerquides). Ten un percorrido polo Concello de 9,8 Kms. O tramo que discurre polo concello de Noia (escasamente un kilómetro, entre Portobravo e Cruceiro de Ró) é utilizado por moita máis poboación, sobre todo de Lousame e Fruíme.

Esta vía pertence á Rede Secundaria de estradas.

4º) **Estrada CP-1104 de Ponte San Francisco a Ponte Beluso (polo Confurco).**

Atravesa o Concello de NW a SE, cun percorrido de 6,6 Kms. O treito dende o cruce de Pousada ata P. San Francisco é alternativo ao de enlazar coa estrada CP-1105 en Igrexa (Tállara). Esta é igoalmente unha vía de comunicación intercomarcal, enlazando os concellos da Barbanza arousán cos da comarca de Noia e resto da Ría de Muros. Tamén se serven deste vial, lóxicamente, as xentes dos núcleos orientais da parroquia de Tállara.

b) **Viario Municipal básico.**

É aquel que, independentemente de que se poida utilizar como viario de relación co exterior do T.M., fundamentalmente, compre roles de comunicación interna. Neste grupo hai que salientar:

1º) **A estrada de Portobravo ao Confurco** (CP-4201), cun percorrido, todo el municipal, de 7,9 Kms. Enlaza eiquí coa estrada de Ponte San Francisco a Noia. É un eixo central para o Concello, enlazando Lousame coa Ría de Arousa. O seu trazado sinuoso, a estreitez da calzada na meirande parte do percorrido, e a ausencia de beiras acaídas, porén, mingoa en este rol de artellamento N-S., por mor de que se elixen percorridos alternativos (viais da parcelaria, poñamos por caso). Parece aconsellable proceder a unha mellora sensible deste vial, procedendo ao seu ensanchamento en todo o

traxecto, á corrección da maioría das curvas perigosas, ao incremento da seguridade vial, construíndo aceras nos tramos que atravesan núcleos de poboación, coma Aldea Grande e Cruído, etc.

2º Estrada de Noia a Aldea Grande (pasando dentro do Concello por Costa, Quintáns e Berrimes.

Ten un percorrido municipal de 3,6 Kms. É o vial de acceso a Noia máis curto dende a parte meridional e oriental de Lousame e dalgunhas aldeas de Vilacoba, incluídas as Minas de San Finx. No seu rol de estrada que comunica núcleos de poboación pode parecer medianamente acaído este vial, pero como infraestrutura de comunicación con Noia ofrece máis problemas, dado que a súa penetración na vila faise por un rueiro estreito e complicado (tanto se se entra pola ponte de Traba coma se se fai por San Bricio). Por conseguinte, entendemos que precisaría de ensanchamento e tratamento acaído nos núcleos.

3º Estrada de Ponte Beluso a Comparada (CP-1103).

No Concello entra por Millón (antes hai unha derivación a Fruíme e Ces) e logo enlaza Ardeleiros, Escabia, Fruíme, Aldarís, Xestoso (logo sae uns 500-600 mts. do Concello para voltar xa perto do seu desemboco na LC-301. O percorrido por terras do Concello é de 14 Kms. A variante de Burzo acurta cinco Kms. o percorrido. Requeriría de mellora sobre todo nos treitos máis estreitos e curvas perigosas.

4º De Lousame a Vilacoba, por Seoane e Afeosa.

Ten un percorrido de 8,2 Kms. e comunica ademáis Marselle, e Vilar de Recondo.

5º Do alto do Confurco á anterior (coa que se xunta en Cruz da Armada), pasando por Ces, Vilar, Silvarredonda (con desviación eiquí a San Finx, Froxán e Afeosa). Ten unha lonxitude de 8 Kms.

6º De Vilacoba á C.543, en Albariza. Ten un percorrido total de 6,2 Kms., dos que 4,9 son por terras do Concello.

7º Estrada de Hornanda (na C-550) a Arxellas.

É o vial a traveso do que se comunican os núcleos de Camboño co exterior e entre eles. Ten unha lonxitude total de 4,6 Kms., dos que 3,4, son por terras desta parroquia.

As últimas catro estradas precisarían igoalmente de melloras en treitos perigosos.

8º) Estrada (que vai dende a igrexa de Tállara ata Portobravo).

Ata o cruce de Pousada é, como dixemos, viario alternativo ao da Ponte San Francisco Ponte Beluso, se se colle a estrada Noia-Boiro. Dende o cruce de Pousada a Portobravo é un vial a potenciar como alternativa de comunicación para acceder á capitalidade municipal. Precisa de melloras no seu acondicionamento para ese fin.

c) Outro viario de comunicación entre núcleos.

Comprende unha notable diversidade de vías, tanto de titularidade municipal coma vías abertas pola concentración parcelaria. Cabe salientar:

- De Igrexa (Tállara) á Barreira.
- De Igrexa a Parada (Tállara).
- De Cernande a Carantoña.
- De San Roque a Marracín e Outeiro (enlazando coa de Lousame a Noia).
- De Ces a San Finx (por Gandarela).

Este tipo de vías, en xeral, aínda é máis estreito co anterior. Pero, todo o viario ata agora referenciado está asfaltado, con diverso tipo de firmes.

d) Viario interno dos propios núcleos.

Englobanse baixo este epígrafe todas as rúas e rueiros internos dos núcleos que non están comprendidos na rede anterior. Son vías moi irregulares, de traza constantemente variable, de anchura, polo común, moi cativa (agás nos cruces, ou nos curros), con diverso tipo de tratamento (firmes de cemento, aglomerado, formigón, empedrado, terra, etc.) e con moi distinta topografía e imaxe.

e) **Viarío que ten unha función básica de relación cos recursos productivos.**

Eiquí, fundamentalmente hai que distinguir:

1º) **Pistas** construídas pola **concentración parcelaria**. Teñen, decote un ancho uniforme e, na actualidade, a meirande parte está asfaltada. Algúns tramos están a servir de soporte a procesos de tímida urbanización; pero aínda segue a ser básica a súa función de poñer en relación aos núcleos cos recursos agrarios.

2º) **Pistas forestais**. Eiquí, pola contra, seguen a ser camiños afirmados con terra, xabre, ou macadan. Poñen en relación á poboación cos recursos do monte, preferentemente para a explotación madeireira, mais tamén para acceder a pastos e outros usos.

3º) **Outro tipo de vías** conducen ata usos puntuais moi sofisticados, tal coma é o caso do acceso ao Iroite (Estación DECCA), ou ao Repetidor do Monte Colou.

f) **Outras vías**. Eiquí habería que meter o resto de corredoiras, congostras, carreiros, sendas, etc. etc.

Como se pode apreciar, as infraestructuras de comunicación en Lousame son moi variadas e extensas. Precisan, ao noso xuízo, de mellora, alomenos:

- a) A estrada de Noia a Boiro.
- b) A de Portobravo a Comparada (Noia-Padrón).
- c) A de Portobravo ao Confurco.
- d) A de Ponte San Francisco ao Confurco.
- e) As sinaladas como viario básico municipal.

2.3.2. **Rede viaria urbana.**

Falando con rigor, en ningún dos núcleos de Lousame que caracterizados coma menos rurais, se estende a rede viaria urbana moito máis alá das estradas que os atravesan e dos vellos camiños hoxe acondicionados para o trafego de vehículos de motor ou para soporte de infraestructuras dos servicios.

Así, Portobravo asenta sobre da estrada de Portobravo ao Confurco; Pousada-San Roque, sobre a de Ponte San Francisco a Ponte Beluso; e A Eirexa e Merelle, sobre da estrada de Noia a Boiro. Na súa meirande parte xa conta con aceras de xeito que esas estradas ao seu paso polos núcleos se convirten no que poderíamos chamar travesías urbanas.

Outro tipo de viario urbano, coma dicimos, é o que xa existía nos núcleos primixenios, hoxendía adondicionado para o tránsito de vehículos a motor. Trátase dun viario, en xeral, estreito, sinuoso, que decorre antre edificios e valados. A circulación por eles é moi cativa e, polo mesmo o seu deseño futuro non ten por qué transformalos de xeito radical.

2.3.3. Parque automobilístico.

O parque de vehículos a motor en Lousame semella ter chegado a teito no intre en que foron recollidos os datos de información (Ver cadro anexo estatístico correspondente). No que a automóviles de turismo se refire ata se produce unha diminución, aínda que case imperceptible (aproximadamente, un 1 % anual).

Se acaso prodúcese un aumento de cilindrada. Así, mentras que en 1993 os de menos de 8 cabalos fiscais supoñían o 8 % do total, en 1995 só supoñen un 4 %. Descenden tamén, pero en menor proporción os da franxa intermedia (8-12 C.V.), que pasan de representar o 80 %, a situarse no 75 %. Pola contra, medran os de maior cilindrada (> 12 C.V.) que do 11,6 % pasan a ser o 20,7 %.

As cifras de vehículos para o transporte privado de viaxeiros indícanos que se está ás portas de dispor de 1 un automóbil por vivenda (1,12 vivendas por automobil en 1995).

O resto dos grupos de vehículos teñen lóxicamente un censo moito menor.

No que fai ao transporte público de viaxeiros no Concello, existen 8 licencias de taxis todas elas con parada en Portobravo, principal foco de atracción dentro do Concello (administración, saúde, etc.), coma xa apuntamos repetidamente.

Tamén existen servicios regulares de transporte de viaxeiros no T.M., coma se amosa no cadro estatístico correspondente (Empresas Castromil e Comparada).

2.3.4. **Infraestructuras de Servicios.**

1º) **Abastecemento de auga.**

Non existe rede municipal de abastecemento de auga. A rede aparece compartimentada por parroquias, lugares ou, mesmo, colectivos menores. A práctica totalidade dos núcleos de poboación con máis de 10 vivendas ten a rede de abastecemento. No seu defecto abastécese de auga con captacións individuais.

Algunhas poboacións, noustante, teñen deficits de abastecemento na xeira de vran, mentras que a outras lles sobra auga.

Non existe tratamento da auga de ningún tipo en ningunha das traídas.

Por todo elo, e seguindo o parecer da Corporación Municipal, consideramos que é moi necesario que se chegue a unificar e mellorar o servicio, para o cal parece obrigado, coma paso previo, á municipalización do mesmo, para logo elaborar o proxecto ou proxectos de captación, distribución e tratamento axeitados, segundo as seguintes prioridades:

- a) Municipalización da rede Portobravo, Merelle e Tállara.
- b) No resto, tender á municipalización, colaborando coas comunidades nunha xestión mixta.

2º) **Saneamento.**

Os únicos núcleos de Lousame que teñen rede de condución de augas residuais ou que o están neste intre a construír son os que presentan unha fasquía, digamos, máis urbana dentro do carácter rural xeral do Concello. Trátase dos núcleos seguintes:

- a) O que conforman Merelle, Meixonfrío e Ponte San Francisco (lindante cos núcleos urbanos de Noia).
- b) O que conforman, tamén en Tállara, a zona de Eirexa e O Cruceiro (sobre da estrada CP-1105; e Parada-San Roque, sobre da estrada de Ponte San Francisco a Ponte Beluso).
- c) O que se estrutura arredor de Cruído e Portobravo (cabeceira do Concello).

Tamén contan con este servizo os seguintes núcleos:

Parroquia de Camboño: Arxellas, Corral de Abaixo e Sotuelo.

Parroquia de Fruíme: Aldarís e Escabia.

Parroquia de Lesende: Cairo, lesende, Mirón e Quintans.

Parroquia de Lousame: Bouciñas, Costa, Chave, Seoane e Silva.

Parroquia de Tállara: Abelendo, Barreiro, Carantoña, Cernande, Guiende, Marracín de Abaixo, Marracín de Arriba, Portela e Pousada.

Parroquia de Toxosoutos: Bargo, Sabugueiro e San Xusto.

Parroquia de Vilacoba: Afeosa, Froxán, Marselle, Vilacoba, Vilar Reconco e Xestoso.

O resto dos núcleos non conta con redes acaídas de saneamento e resolve o tratamento das augas residuais ou ben con conducións curtas que verquen en regueiros ou nos campos; ou ben contan con fosas sépticas e/ou pozos negros.

Dada a ubicación dos núcleos que dispoñen de redes de saneamento, parece lóxico que nun futuro próximo se poidan integrar todas elas no saneamento integral da Ría de Noia-Muros.

Tamén se considera preciso estender a rede de saneamento ao resto dos núcleos rurais de máis de 10 vivendas.

3º) **Resíduos sólidos.**

O lixo recollido cífrase nunhas 1.200 Tm/ano, ou sexa 3,3 Tm/día.

Na actualidade o tratamento de residuos sólidos resólvese a través do complexo medioambiental ubicado no lugar de Fontefría, infraestrutura de tratamento integral de residuos de ámbito supramunicipal.

4) **Infraestructuras de Telecomunicación.**

No Concello ten acobillo unha importante infraestrutura de telecomunicacións, (segmento da navegación) o D.E.C.C.A. do Monte Iroite, cunha ocupación aproximada de 28,02 Has.

Tamén existe no monte Colou, unha infraestrutura de telecomunicación (TV).

No que respeita ao servizo telefónico temos que dicir que neste momento, amáis dos teléfonos mobeis que xa se teñen desenvolvido considerablemente en Lousame, no Concello hai da orde do milleiro longo de liñas instaladas, das que unhas 285 radican nas zonas máis densas (Portobravo-Cruído -120, Merelle -75-, e Tállara (Pousada-Eirexa - 90); e unhas 735 nos núcleos rurais, repartidos por parroquias do seguinte xeito: (Camboño, 45; Fruíme, 105; Lesende, 80; Lousame, 210; Tállara, 15; Toxosoutos, 50; e Vilacoba, 90).

5º) **Enerxía eléctrica e alumado público.**

Na actualidade existen tamén dentro do termo municipal de Lousame instalados unha serie de aerogeneradores de enerxía eléctrica no Monte do tgreito cunha potencia de 30,35 MVA, 66/20 Kv, promovido pola empresa “Gamesa Enerxía Europa”.

2.3.5. Solo con servizos urbanísticos básicos.

En sentido estrito e funcional en Lousame ata hai ben pouco tempo non se tiña producido o desenvolvemento do que, para enterdermonos, poderíamos chamar fenómeno urbano. Pesie a teren existido tradicionalmente industria dende hai case 200 anos (fábricas de papel) ou actividade mineira forte ao longo da primeira metade do século XX, non callou eiquí o desenvolvemento dun núcleo inequivocamente urbano podente. Con toda seguridade, a razón hai que buscala na proximidade de vilas podentes ao seu redor, nomeadamente, a de Noia. Pero, hoxendía, mercede aos labores de urbanización levados a cabo nas zonas máis dinámicas (demográfica e, cecais, economicamente falando), xa é posible facer o distinguo dunhas áreas nas que xa non resulta tan extraño falar dun carácter menos rural do solo: existencia de dotacións de carácter xeral, construción de edificacións para usos distintos dos agrarios e, coma é lóxico, a construción de infraestruturas de servizos e urbanizacións (auga, alcantarillado, alumeado, aceras, etc.). Esta caracterización atinxe, básicamente a tres áreas:

a) **Area de Portobravo-Cruído**, (capitalidade do Concello), onde, amáis dos núcleos principais hai que incluír tres pequenos núcleos preexistentes: Bouciñas, Silva e Brandia.

b) **Area de Tállara**. Con dous polos principais: Eirexa-Cruceiro, por un lado, e Pousada-San Roque, por outro.

c) **Area de Merelle**. Abranxendo a este núcleo e tamén á parte do núcleo de Ponte San Francisco que non pertencen a Noia, e tamén a Meixonfrío. En conxunto estas áreas abranxen, aproximadamente, unhas 140 Has.

Dacordo coa letra e o espírito da lexislación urbanística, estes núcleos, pesie ao nivel de urbanización acadado deben ser tratados como núcleos rurais. Pero entendemos que é preciso distinguilos do resto dos núcleos rurais existentes no municipio.

2.4. A EDIFICACIÓN.

2.4.1. A evolución do parque edificatorio.

O extraordinariamente outo descenso da poboación no Concello non levou parella unha diminución proporcional do censo de vivendas. Así, mentras que de 1970 a 1991 perdeuse máis do 20 % dos activos demográficos, o número de vivendas exprementou unha subida do 6 % entre 1970 e 1981 e unha subida insignificante entre 1970 e 1991 (1,34 %).

Pero o máis interesante é o acontecido nos cinco anos que van de 1991 a 1995. Neste período concedéronse licencias para a construción de vivenda nova cun montante de aproximadamente o 3 % do parque de 1991. Pero se ás licencias de obra nova se engaden as otorgadas para ampliación, adición de planta, rehabilitación e reforma, o parque anovado neses cinco anos escasos sitúase no 22,3 % do parque total existente no inicio do período, ou sexa en 1991.

Pero o que aínda é máis de salientar é a evolución dos distintos tipos de núcleos. Dacordo cos datos que figuran no cadro estatístico de evolución do nº de vivendas no anexo á presente memoria, o núcleo conformado pola agregación de Cruído, Silva, Brandia e Bouciñas, xunto con Portobravo (que por primeira vez se recolle coma tal no Nomenclator de 1991), dispón nese ano dun parque edificado un 35 % superior ao existente en 1981. Pola contra, tanto os outros dous núcleos con tendencia a se conformaren como urbanos (ambos os dous na parroquia de Tállara), coma no resto dos núcleos rurais do Concello o parque edificado decrece no decenio analizado (un 8 % nos núcleos máis rurais e un 4 % no total do municipio).

É esta unha primeira evidencia, no eido que agora nos ocupa, do que vimos avanzando ao longo da presente memoria informativa: o rol de centro que vai adquirindo o núcleo conformado arredor da capitalidade municipal actual.

Esta tendencia aínda é máis acusada se analizamos os datos das licencias de construción concedidas no período 1991-1995. Así, mentras os tres núcleos de meirande degrao de urbanización dispuñan do 20,98 % do parque en 1981 é do 23,76 %, en 1991, no lustro comprendido entre 1991 e 1992 acaparan o 34,65 % das licencias otorgadas para construción, rehabilitación ou ampliación e reforma de vivendas en todo o Concello é o 40 % de todas as licencias (é dicir incluíndo as que non eran para vivendas). E, por último, outra proba do que queremos suliñar é que esa porcentaxe aínda sube ata o 66 % no caso das licencias para construcións non residenciais de carácter distinto ás agrarias (industriais, comerciais, almacéns, garaxes, etc.).

2.4.2. **Presión constructiva.**

As cifras dos cadros estatísticos que figuran no anexo ao presente documento referente á evolución das licencias de construción (período 1991-95) así coma, no que lle corresponde, as do cadro de evolución do número de vivendas, indicánnos que a presión constructiva aínda sen ser outa, empeza a significarse en Lousame, sobre todo nas áreas de maior poboación e fasquía máis urbana.

Vimos que só en cinco anos o parque de vivendas construído de novo ou obxeto de labores de rehabilitación e mellora, vense situar case na coarta parte do total. Isto significa -nun Concello coma o de Lousame- que hai relativamente outo dinamismo na construción e reconstrución de edificios.

De calquera xeito, hai que suliñar que ese dinamismo afortunadamente non é sinónimo de grande presión constructiva coma para incidir en actividades especulativas.

2.4.3. **Ocupación.**

As cifras actuais recollidas no cadro estatístico de vivendas segundo destino e ocupación na Comarca de Noia, recollido no anexo ao presente documento son ben

expresivas do outro nivel de ocupación da vivenda no Concello de Lousame. Aténdonos só á porcentaxe de ocupación que sobre do total de vivendas representan aquelas que se ocupan coma principal ou primeira residencia, Lousame ofrenda nada menos que un 84,07 %. Como base de comparación poden valer as porcentaxes para esa mesma situación nos concellos que compoñen a comarca, que se sitúa máis de 13 puntos por riba.

Se en troques de baseármonos só nas vivendas principais collemos todo tipo de vivendas utilizadas, a porcentaxe de ocupación acada en Lousame o 89,58 % do total do parque (cifra que é igualmente a máis outa dos concellos da comarca: 81,75 %).

Polo de agora é tamén baixa a porcentaxe de vivendas secundarias ou de segunda residencia (un 5,36 % do total do parque); cuestión que nos remite outravolta a unha situación de falla de explotación dun recurso que Lousame si pode explotar: solo para edificar vivenda aillada para persoas que vivindo noutro lugar desexan vir eiquí fins de semana, vacacións, etc.

En definitiva, as cifras do citado cadro reflectan a necesidade de ordenar o territorio de Lousame, non só para facer máis doadas as satisfaccións constructivas das xentes que viven xa nel, senón tamén para cobizar a xentes de fóra a vir vivir eiquí -por máis que a súa vida laboral se desenvolva fora, en Noia, Boiro, Santiago, etc-, ou en dispor no variado e tranquilo territorio do T.M. dunha vivenda de segunda residencia.

2.4.4. **Tipoloxias.**

Dentro da edificación tradicional, e como consecuencia lóxica do que xa se dixo na epígrafe 2.1. anterior, non é posible distinguir en Lousame entre tipoloxías urbanas e rurais. Xa dixemos que ata case agora mesmo a edificación residencial no T.M. respondía case na práctica totalidade a un modelo de vivenda rural fortemente influída polos usos agrogandeiros. Só escapaban a esa tipoloxía, os edificios fabrís ou manufactureiros (fábricas de papel, fábricas de coiro), os edificios de uso escolar (escolas unitarias), os de

carácter relixioso (igrexas, capelas) e, craro está, os hórreos, lavadeiros, muíños, batáns, alboios aillados, cortes ou cortellos, etc. etc.

Pero o feito de que a edificación residencial tradicional teña ese inequívoco carácter de "fábrica" agraria, non obsta para que as tipoloxías da edificación sexan reducidas. Hai unha serie de tipos e patróns constructivos que se repiten masivamente, pero a diversidade morfolóxica, tipolóxica e espacial non é pouca.

No que respeita ás características máis repetidas da vivenda rural tradicional deste territorio, hai que suliñar unha propensión acusada á pranta rectangular e á disposición da cuberta a dúas augas que se xuntan no cumio ou cumieiro.

Os **paramentos exteriores** son sempre de pedra por máis que as fábricas coas que esta se constrúe difiren. A maioría é de mampostería desconcertada, utilizando a sillería só para a apertura de ocos (portas e ventás) e, ás veces tamén nos esquinais para trabar a construción. Aínda que para este mester adóitase usar tamén pezas de grande tamaño traballadas só nas caras vistas, que ofrecen noustante fasquía irregular no escafilado. De calquera xeito tamén se atopan exemplos de fábricas máis coidadas de mampostería concertada e, mesmo, sillería. A beira da estrada hai exemplos de edificios que empregan sillería cara á estrada e outro aparello no resto das fachadas. O que si era corrente, aínda que non xeral, era o enfoscado, enlucido e pintado ou encalado, dos panos construídos con fábricas de cachotería, que deixaban ver só a pedra traballada no recercado dos ocos e, se acaso, tamén nos esquinais.

Todos os **ocos** (por suposto, portas, mais tamén ventanas) teñen acusada a verticalidade. Unha característica moi repetida é a acusación desa verticalidade a base do emprego de dúas feiras de sillares no antepeito das ventanas do primeiro andar, que, ao non se enluciren, salientan o carácter alongado, evidenciando unha fasquía de porta de aire que non é tal. Non son frecuentes pero hai bos exemplos de balcóns, de pouco ancho sobre lousa de pedra inserda nas paredes, tanto nas fachadas que recollen augas coma nas que teñen pincho. Non é xeneralizada a existencia de ventana neses pinchos, pero si

corrente. Adoita ser máis pequena co resto das ventanas (das outras plantas) e ás veces desacusa a verticalidade para se converter en cadrada.

Salienta sobremaneira o **rigor compositivo das fachadas** na edificación tradicional. É cecais esta a cualidade que antes salienta na edificación destinada a vivenda, máis acusada nos edificios que se inzan dando fachada pincipal ao viario (sobre todo ás estradas importantes).

Son máis numerosas as fachadas sen vóos que con eles, e no suposto de que estes existan son máis frecuentes os casos de balcóns abertos de pouca lonxitude (un balcón por porta ventana ou ou corrido para dúas; tamén hai moi bos exemplos de alternancia de oco con balcón e oco sen él). Mais non son raros os casos de vóos formando galerías sobre lousas que primitivamente foran balcón. Dado que as pendentes das cubertas teñen inclinación sobrada, a solución da cuberta da galería ou miradoiro amosa a racionalidade da continuación da cuberta orixinal sobre da proxección do voo, sen crebas na pendente. Os miradoiros e galerías soen aparecer no centro da fachada longa, equidistante dos extremos, coma corresponde a esa coidada composición da que falabamos denantes.

A composición máis corrente é a da **correspondencia de ocos entre as dúas plantas** (baixa e alta). Pero hai moita a riqueza de tamaños, variacións dos ocos centrais (porta de aire e porta ventá, tamén central). Xa que logo non é un tipo único. Hai casos onde non hai ocos en pranta baixa (acontece isto cando na pranta baixa hai dependencias coma adegas, cortes, celeiros, etc.). Hai algún caso de grande interés no que o voo, aberto coincide cun retranqueo do paramento repartindo cara adentro e cara afora o espacio do balcón.

A **estructura da cuberta** -ao igoal que a totalidade da **carpintería exterior** e todos os forxados- é de **madeira**. A **cubrición**, de **tella de barro cocido do país**. Os aleiros adoitan non sobresair moito do plano de fachada (30-50 cms. nos que reciben augas; 10-20 cms. nas que nonas reciben).

Non sabemos se é de agora ou ben de atrás a **escaseza cromática** das carpinterías exteriores. Hoxendía abundan as cores moi craras (brancas), pero algúns exemplos que aínda permanecen indícanos que é moi probable que outrora abundasen outras cores coma as ocres, tella, verdes, -de moitas tonalidades- etc., cores que aínda se poden ver en numerosos portais, de casas e de alboios.

Cando a casa se constrúe con materiais distintos á pedra ou con pedra que pola súa calidade é preciso enfoscar e enlucir, adoitase remarcar os cercos dos ocos con resaltes que se pintan de cor distinta á do resto da fachada (polo común branca), pero fanse sempre con tonalidades craras. Nestes casos tamén se soe pintar o zócalo e os esquinais coa mesma cor cá dos ocos (predominan entón os ocres -craros ou escuros- máis tamén os azuis, grises azulados, etc.)

Menos frecuente ca casa de dous andares é a de pranta baixa, pero hai mostras desta tipoloxía en edificios que se soen caracterizar pola estreitez da fachada principal, á que abran tres ocos: porta e dúas ventanas. Polo común veñen coincidir con terreos en pendente, de xeito que cara o interior da parcela se xeneran dúas plantas; a gañada, lóxicamente, en semisoto. As veces, resulta difícil precisar se a edificación de planta baixa é un anexo da de dúas plantas (cando hai arrimo ou medianeiría), destinado a usos diferentes ao residencial, ou se trata dunha vivenda distinta.

Aparte das edificacións destinadas a habitación en Lousame hai exemplos magníficos de **edificios industriais**, coma as fábricas de papel, da que tanto a de Castro -dunha beleza e calidade arquitectónica indubidable- coma a de Soutorredondo son boa mostra; ou as de curtición, coma a que aínda se conserva en Berrimes (hoxe utilizada como vivenda). En todos os casos, noustante, se segue a conservar a tipoloxía de edificio a dúas augas, moi acusadamente rectangular, agás no caso de Soutorredondo, no que as proporcións da fachada do pincho non se corresponden enteiramente co patrón máis xeneralizado.

No eido da **arquitectura relixiosa** os exemplos existentes de igrexas e capelas amosan tamén unha relativamente ampla diversidade tipolóxica, dentro, claro está do que poderíamos denominar arquitectura relixiosa rural. Polo común, as igrexas parroquiais non adoitan ter grande tamaño, son proporcionadas, con diferente grao de esbelteza. Abonda a torre barroca, na portada ou en corpo aparte, pero tamén hai exemplos de espadaña, coma o de Lesende. As ábsidas son de pranta rectangular. A construción é, en todos os casos, de fábrica de pedra de sillería (non sucede isto coas capelas, onde a mampostería mesmo con pezas ciclópeas en función estrutural (coma a ermida da Gorgoxa) é o que prima. Trátase de construcións onde a ornamentación cede fronte da sinxeleza e a sobriedade, fóra dos clásicos remates (bolas, pináculos...) tan propios do xeito de construír rural, que realzan comedidamente as construcións, xa magnificadas pola súa posición no territorio.

Onde si se da maior **profusión ornamental** é no extenso catálogo de cruceiros e petos de ánimas (como se pode comprobar na información gráfica do catálogo que se incorporará ao P.X.O.).

Outro tanto pódese dicir dos hórreos, **fontes**, lavadeiros, e tamén **dos muíños que profusamente balizan** o decorrer dos ríos e regatos municipais (como se pode apreciar no Anexo ao presente epígrafe).

Hai un certo labor de rehabilitación do parque edificado (como apuntamos máis atrás dentro do epígrafe 2.4. Pero hai que suliñar que non todo o que se está a facer está ben. Así, estanse a producir actuacións impropias no uso de materiais (especialmente no que atinxe á utilización do aluminio na súa cón natural na carpintería exterior; a utilización xeneralizada de bloques de formigón de mala calidade e colocados de calquera xeito mesmo en edificacións principais, inzamentos de paredes de ladrillo sen reboco; utilización de tellas de cemento en troques de barro cocido, etc.), ao tratamento da carpintería de madeira que en lugar de pintarse aparece barnizada no exterior, tratamento absolutamente non recomendado para un clima coma o noso, etc. etc.

Resulta tamén abondo impactante o abano de engadidos, adicións de plantas ou construcións novas chantadas á beira das existentes que non gardan as debidas proporcións coas preexistentes; por outra banda, soen estar mal resoltas, construídas con materiais impropios e, moitas veces, de mala calidade.

De calquera xeito, e por regra xeral, a construción en Lousame caracterízase por non ter caído de modo xeneralizado nas modas destructivas tan comúns nos concellos costeiros que lindan con el ou que se sitúan na Comarca.

2.5. EQUIPAMENTOS.

2.5.1. Equipamento administrativo.

Localízase por enteiro na Casa Consistorial de Portobravo.

É un edificio de dúas plantas no que actualmente se dispón:

a) **Planta Baixa:**

- Salón de Sesións. É abondo para a función administrativa, pero non serve coma Salón para usos onde se prevexa certa asistencia.
- Biblioteca (que moi pronto pasará á Casa de Cultura de recente construción ubicados nas proximidades).
- Xulgado Municipal.
- Oficina de desenvolvemento de Emprego Local, de recente creación.
Posta en marcha para xestionar unha Escola-Obradoiro e un Centro homologado de Formación Ocupacional.
- Aseos.

b) **Planta alta.**

- Alcaldía.
- Secretaría.
- Oficinas Xerais.
- Oficina Técnica.
- Asistencia Social.
- Oficina sen uso definido.
- Aseos.

Os arquivos municipais localízanse na Biblioteca.

O resto de equipamento administrativo que adoito se necesita pola poboación poñamos por caso, cuartel da Garda Civil, Xuzgados de Instrucción, etc. está localizado en Noia, vila da que se depende igualmente para outras dotacións.

2.5.2. Equipamento docente.

En Lousame existe actualmente unha Escola Infantil no lugar do Sanguinal (Tállara) e un Centro Público Integrado (CPI) no lugar de A Silva (Lousame) no que se imparte o ensino infantil, primaria e secundaria.

As características da Escola Infantil do Sanguinal son as seguintes:

NIVEL EDUCATIVO	Nº Ud.	Curso Idade (anos)	Nº ALUMNOS	NENOS	NENAS
E. INFANTIL	1	3 anos	6	1	5
		4 anos	4	3	1
		5 anos	4	4	0
TOTAL	1		14	8	6

Esta Escola Infantil conta cunha aula básica e cun pabillón e pista polideportiva.

No que se refire ao C.P.I. denominado “Cernadas de Castro” no lugar de A Silva (Lousame) as súas características son as seguintes:

NIVEL EDUCATIVO	Nº UD.	CURSO	Nº ALUMNOS	NENOS	NENAS
E. INFANTIL	1	-	18	8	10
	1	-	18	9	9
	1	-	19	13	6
E. PRIMARIA	1	1º	22	8	14
	1	2º	16	11	5
	1	3º	21	16	5

	1	4º	14	7	7
	1	4º	13	7	6
	1	5º	17	8	9
	1	5º	18	8	10
	1	6º	23	13	10
	1	6º	23	13	10
E.	1	1º	16	12	4
SECUNDARIA	1	1º	15	12	3
	1	2º	24	12	12
	1	1º	24	16	8
	1	3º	17	9	8
	1	3º	17	9	8
	1	4º	12	4	8
	1	4º	10	6	4
TOTAL	20		357	201	156

Este C.P.I. dispón de 22 aula básicas e 7 aulas específicas (idiomas, música, informática, plástica, laboratorio, biblioteca e un aula de apoio).

Ademais dispón de ximnasio, un pabillón e dúas pistas polideportivas e un patio cuberto.

Conta tamén o centro de cociña e comedor.

Entre as súas deficiencias de espacio están quizás a falla dun salón de actos e un salón de xogos.

Se engadimos os datos anteriores aos da Escola Infantil de Tállara temos o seguinte resultado para a totalidade do concello de Lousame:

Nº DE UNIDADES: 21

Nº DE ALUMNOS:

a) INFANTIL ----- 69 (38 nenos e 31 nenas)

b) PRIMARIA ----- 167 (91 nenos e 76 nenas)

c) SECUNDARIA-----	135 (80 nenos e 55 nenas)
TOTAL	371 (209 nenos e 162 nenas)

Dada a estrutura de idades existentes en Lousame e as tendencias da taxa de natalidade, considerase que a dotación escolar existente resulta suficiente.

3.5.3. Equipamento deportivo.

O Equipamento deportivo existente, agora mesmo en Lousame é o seguinte:

- **1 Pabellón Polideportivo** cuberto en **A Silva** (situado á beira do Grupo Escolar, e utilizado tamén por este). Utilízase por parte de todo o municipio. Neste mesmo lugar acabase de construír unha **piscina descuberta**.
- **1 Pista Polideportiva** cuberta en **Sanguiñal** (Tállara). Tamén é municipal.
- As seguintes **pistas polideportivas descubertas**:
 - Confurco.
 - Escabia.
 - Camboño.
 - San Xusto.
 - Vilacoba.
- 2 pistas en Silva, dentro do C.P.I. tamén usadas polas poboacións próximas.

Estas pistas polideportivas úsanse preferentemente polas parroquias onde están enclavadas.

- **Campos de Fútbol**. Existen os seguintes:
 - En Cruído (Lousame). De propiedade vecinal.

- En San Roquiño (Tállara). Municipal.
- En Lesende. Veciñal.
- En Ardeleiros (Fruíme). Veciñal, pero de utilización municipal.
- En Fontefría (Toxos Outos). Municipal.
- En Ces (Lousame). Municipal
- En Vilacoba (Vilaboa). Municipal

Coma **carencias no eido deportivo** advertíronse as seguintes:

- Pistas de tenis.
 - . Alomenos deberíase contar cunha pista nun dos núcleos de maior diversidade (Tállara ou Portobravo).
- Alomenos unha piscina máis.
 - . Cremos que se debería dispor, alomenos, dunha piscina municipal. Proponemos construíla á beira do río Vilacoba, no Castro (no complexo turístico-cultural do que máis adiante se fala).

Amáis destas actividades deportivas cremos que o Concello é especialmente acaído para prácticas de sendeirismo, "*orienting*" e deportes semellantes.

Relacionado co monte cremos que actividades de tiro, coma o tiro ao plato, ou tiro con arco podíanse desenvolver moi axeitadamente nos montes de calquera das parroquias de Lousame.

2.5.4. **Equipamento sanitario.**

O Equipamento sanitario existente localízase no Centro de Saúde de Portobravo.

Está dotado con:

- 3 médicos de Medicina Xeral (un está no Centro durante toda a mañán -8 a 14,30 horas; dous están no centro arredor de 2-2½ horas, se ben se poden localizar permanentemente).

- 1 médico pediatra. Toda a xornada (8-14,30 h.)
- 2 A.T.S. (de 8 a 14,30 h.)
- 1 Auxiliar (idem).

Para urxencias, análise clínicos, ambulancia (Cruz Bermella) e temas de Sanidade hai que acudir ao ambulatorio de Noia.

O Centro de Saúde conta con:

4 Consultas.

2 Salas de Curas (consulta de enfermería).

2 Aseos Públicos.

2 Aseos de Persoal.

1 Oficina de cita previa.

1 Laboratorio (polo de agora, e de xeito provisorio, está ocupado por veterinarios).

En Portobravo existe, asimesmo unha Farmacia (única existente no Concello).

Dada a dispersión da poboación e a próximidade de Noia, coa construción do Centro Primario de Saúde coidamos que se cubren as necesidades actuais en materia de equipamento sanitario público municipal.

2.5.5. **Equipamento cultural.**

A totalidade de escolas municipais existentes no Termo Municipal constitúen hoxendía a rede -completamente descentralizada- de oferta de infraestrutura para a realización de actividades culturais, independentemente da intensidade ou diversidade de usos que se dea neles hoxendía.

Tamén se comprende na oferta de equipamento cultural a Biblioteca Pública Municipal, ubicada actualmente -coma dixemos- na planta baixa da Casa Consistorial, que funciona de 9 a 14 horas de luns a venres.

As Escolas Unitarias son:

- A de **Camboño** (En Corral de Arriba). Soe utilizarse preferentemente no vran. Cine, teatro e actividades varias.
- A de **Lousame** (en Filgueira). Utilízase por amas de casa (mulleres rurais) para clases de inglés.
- A de **Lesende** (en Lesende). Tamén se desenvolven nela actividades de cine ou teatro, amáis do uso coma gardería infantil.
- A de **Tállara** (S. Miguel). Utilízase como escola de nenos e no 2º piso como Escola de Música Municipal.
- A de **Toxos Outos** (San Xusto). Só se soe utilizar coma local social (reunión dos veciños).
- A de **Vilacoba** (en Vilacoba).

Coma se pode apreciar, as dotacións equipamentais de carácter cultural están moi descentralizadas a nivel parroquial. Ao noso xuízo, iso é altamente reconfortante.

Recentemente tense construído no lugar de Portobravo, preto da Casa do Concello e Centro de Saúde unha Casa da Cultura, que serve de equipamento xeral a todo o municipio.

Trátase dun edificio de planta baixa, planta alta, entreplanta e planta baixo cuberta que dispón das seguintes dependencias:

a) Planta baixa:

- Cafetería
- Salóns de actos
- Sala de exposicións
- Aseos

b) Planta primeira:

- Sala de exposicións

- Biblioteca (pronto se procederá ao traslado da biblioteca existente actualmente na Casa do Concello).
 - Aseos
- c) Entreplanta (entre planta primeira e planta baixo cuberta)
- Sala de informática.
- d) Planta baixo cuberta:
- Sala de xogos
 - Sala polideportiva

Recentemente téñese adquirido tamén unha edificación de planta baixa no lugar de Cruído (Lousame) que funciona na actualidade como sala de reunións de veciños pero que se pensa utilizar para un fin asistencial (atención a xente da terceira idade).

Aínda que se ten construído unha Casa de Cultura en Portobravo e que é numerosa a rede de edificios que xa se veñen dedicando como dotacións socio-culturais no Concello, bótase en falla un Centro multifuncional de carácter xeral onde poidan ter acobillo distintas actividades culturais: teatro, cine, aulas de ensino, fogar da terceira idade, etc. etc.

Nese sentido considérase que a opción máis atractiva para dispor deste centro pasaría pola adquisición e rehabilitación da vella Fábrica de Papel construída por Domingo Fontán e ubicada no lugar do Castro (Lousame).

E todo elo, porque en primeiro lugar, considérase que un edificio de tanta importancia histórica e tanta calidade arquitectónica, que forzosamente ten que ser rehabilitado, logo de interesar a todas as instancias administrativas capaces de axudar nese cometido de recuperar a memoria histórica dunha xeira e dun

territorio que tivo vocacións que se descoñecen mesmo en Galicia, fóra de por algúns especialistas.

E en segundo lugar, ten unhas condicións ideais para servir como símbolo, "*buque insignia*" ou motor dese proxecto de novos roles deste territorio que se albiscan como necesarios e posibles: incremento da atractividade tanto para vivir nel coma para ser visitado. O edificio, que ten capacidade abondo para moitos usos, pode compartir funcións hosteleiras de grande calidade (turismo rural, restaurante de calidade, centro de convencións, reunións de empresa, etc. etc.), xunto coas de Centro Cultural, onde tamén cabe dispor actividades museísticas sobre a fabricación do papel, de carácter moito máis amplo co comarcal.

Estamos a pensar en algo semellante ao que Allariz fixo co coiro: a restauración das vellas fábricas de curtición para acobillar fondos, documentación e actividades museísticas, xunto a outras de carácter cultural xeral. E todo elo compartido con funcións hosteleiras (restaurantes, mesóns, tabernas, turismo rural). Este proceder permitiría -pola vía da concesión administrativa- a gratuidade do mantemento das instalacións para o Concello, cousa que nos casos de concellos pequenos coma o de Lousame resulta esencial.

A calidade dun centro cultural-lúdico-económico no edificio que estamos a comentar, aínda tería un factor máis de atractividade se temos en conta a súa localización á beira dun dos castros máis interesantes que hai no Concello.

A única desvantaxa desta solución é o afastamento do "*centro*" de Portobravo. Pero cremos que esa teórica eiva é só relativa, pois a distancia verbo dese centro non é maior da existente entre Portobravo e o Centro de ensino "Cernadas de Castro", poñamos por caso. Pola contra tería a ventaxa de poder comunicar directamente coa C-543, a traveso da ponte xa existente só con

acondicionar acaidamente o acceso da marxe dereita do río (sen desbotar, craro está, o acceso polo Oeste de Castro, que tamén sería preciso acondicionar).

En calquera caso, a necesidade -e mesmo urxencia- de rehabilitación do vello edificio e de acondicionar o espacio todo da finca e as infraestructuras de captación de auga e demais, é incuestionable se non se quere perder un monumento de capital importancia da historia de Lousame e tamén de Galicia. Coma acontece con toda tarefa grande vai requirir moitos e complexos esforzos e non menos inversións (partindo mesmo da adquisición da propiedade), pero son cousas así as que axudan a cambiar positivamente o rumbo dun pobo. E Lousame precisa perentoriamente de cousas coma a que estamos a propoñer para crarexar un futuro que vemos cheo de mouras nubes.

En Portobravo e na súa redonda tamén é preciso que se xeneren actividades comerciais, bares, tabernas, restaurantes, etc.; mais para elo é necesario que a oferta equipamental pública sexa completa. Un equipamento coma o que propoñemos pode axudar moito na súa implantación. Noutro lugares con problemática parella funcionou este modo de actuar coma un bó dinamizador. É imprescindible e loubable a descentralización de actividades, mais tamén hai que comprender que certos usos requiren unha escala mínima e, no canto do que agora nos ocupa, a escala mínima é municipal.

2.5.6. Equipamento asistencial.

Dispón o Concello dos servicios dunha Oficina de Asistencia Social, na propia Casa Consistorial, atendida por unha A.S. con horario de 8 a 13 horas.

Non existe gardería municipal pero sería desexable que existira.

Xa se ten comentado anteriormente que se ten adquirido recentemente unha edificación en Cruído (Lousame) que se pensa destinar a centro de atención á terceira idade, ante a falla deste servizo no Concello

O feito, outravolta, da proximidade de Noia e, xa que logo, a grande dependencia que para moitas cousas ten Lousame da vila mariñeira, fai que actualmente este tipo de necesidades se cubran en Noia, onde existiu de vello a Fundación Monroe -familia de orixe de Lousame- que sempre se tivo por propia ou por sitio onde acudir.

O relativo a Saúde mental aténdese igoalmente en Noia. Tamén a atención as drogodependencias.

En calquera dos casos, estímase necesario prever reservas de terreos que poidan dar acobillo a calquera dos servizos asistenciais sinalados dos que carece o Concello.

2.5.7. Equipamento comercial público.

Non existe e non se detecta necesidade del. Se acaso, o Concello podería estudar a posibilidade de construír un camping municipal, explotado comercialmente por medio de concesión administrativa otorgada por Concurso convocado ao efecto. Hai moreas de lugares onde se pode instalar. O Concello ten terreos para este fin no seu patrimonio de bens de propios. Unha oferta desta natureza axudaría a incrementar esa atractividade da que tanto falamos, aínda que só funcionase coma tal camping unha parte do ano e como oferta de restauración, cafetería ou actividades semellantes durante máis tempo.

2.5.8. Equipamento relixioso.

Ten carácter parroquial. Está composto polos conxuntos parroquiais de San Xoán de Camboño, San Martiño de Fruíme, San Martiño de Lesende, San Xoan de Lousame, San Pedro de Tállara, San Xunto de Toxos Outos e Santa Baia ou Santa Eulalia de Vilacoba. Outrora existiu a parroquia de San Martiño de Corenza, hai anos xa incorporada á de Lesende.

Amáis das igrexas parroquiais hai un fato de capelas no Concello, todas elas recollidas igoaal que as igrexas, no Catálogo de bens de interés histórico-artístico.

2.5.9. Cemiterios.

Todos os cemiterios son de titularidade parroquial agás os de Lesende, Vilacoba e Camboño, que son de particulares. En xeral aparecen aínda lonxe da saturación, agás o caso de Toxosoutos, no que recentemente se acometeu un novo.

2.6. ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES.

Coma espacio significativo desta natureza, no Concello só existe unha boa dotación. O parque existente arredor da ermida de San Lourenzo, no Monte de San Mamede. Ten unha superficie aproximada, incluída a súa zona de influencia de 19.500 m² e constitúe un lugar extraordinariamente usado nos meses de vran.

A ausencia ou extraordinaria febleza da vida urbana, polo tanto, a sobreabundancia de espacios agrícolas e forestais, de carácter privado e tamén a existencia de espacios públicos na práctica totalidade das parroquias (no conxunto parroquial formado por igrexa, adro, campo de festa, cimiterio, etc.), non ten cobizado -nin falla que facía- a construción de espacios especificamente concebidos coma verdes ou libres.

Mais agora, ao se iren perfiando uns núcleos con máis vocación de concentración, coidamos que si é precisa a previsión de zonas verdes públicas.

III. A SOCIEDADE

3.1. A HISTORIA.

3.1.1. ARQUEOLOXÍA.

1.- INTRODUCCIÓN.

Esta memoria resume os labores arqueolóxicos levados a cabo para a obtención dunha delimitación de áreas integrais e cautelares de protección dos xacementos arqueolóxicos catalogados pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura no concello de Lousame, e co fin de contribuir á elaboración dun Plan Xeral de Ordenación que regule os usos do solo e a edificación.

A memoria estrutúrase en base ás directrices plantexadas no proxecto presentado polo equipo de traballo e encabezado pola súa directora, Elena Lima Olivera, e nomeado como **"Proxecto de catalogación arqueolóxica dos bens definidos e afectados como PHAC e incluído no P.X.O. de Lousame"**. Consecuentemente presentamos aquí un apartado de obxectivos plantexados no proxecto, figurando no Documento do Catálogo a metodoloxía de traballo realizada, así coma os resultados obtidos, concretados nunha revisión da información proporcionada polo catálogo de xacementos arqueolóxicos inventariados pola D.X.P.H.A., e o catálogo propiamente dito de fichas pormenorizadas para cada xacemento, facendo fincapé na delimitación das áreas de protección.

Nun segundo plano, aínda que non menos importante, consideramos que sería moi positivo completar todos estes labores cunha recolleita de información a partires da cal suxerimos, e suliñamos que son suxerencias, unhas propostas de sinalización, limpeza e acondicionamento dos xacementos arqueolóxicos e os seus entornos. E son unicamente suxerencias porque calquer traballo que poidese xurdir destas propostas, constitúen uns novos obxetivos co seu respectivo proxecto, e o conseguinte control técnico e administrativo da D.X.P.H.A. Para nós sería unha ledicia que de aquí xurdise algo máis,

e que se acadara, de feito, unha rentabilización social do Patrimonio Histórico-Arqueolóxico do Concello de Lousame.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO DE CATALOGACIÓN ARQUEOLÓXICA.

Previamente á definición das aplicacións do proxecto, é necesaria a concreción duns obxectivos xerais que sirvan como marco para unha posterior ordenación do traballo:

- Creación dun catálogo e unhas fichas individualizadas sobre bens protexidos ou afectados, que servirán de guía para a concreción dunhas normas de ordenación e caracterización dos usos dos solos, tanto de bens como de propiedades definidas ou afectadas pola identificación de bens pertencentes ó Patrimonio Arqueolóxico, entendido éste coma o conxunto de bens mobles e inmobles, de carácter histórico, susceptibles de seren estudados con metodolía arqueolóxica.
- Estas normas concrétnanse na creación dunha zona de protección integral, abarcada polo perímetro exterior do xacemento, máis unha banda de seguridade anchura variable e adaptada ó contexto específico de cada xacemento. Dentro desta área non se permitirán aquelas actuacións determinadas polo grao de protección que teña asignado.
- Coma complemento a esa zona de protección integral crearase unha área de protección cautelar. A delimitación e grao de protección serán determinados polas propias características do ben, que en calquera caso suporá unha restricción significativa dos usos do solo. Para levar a cabo calquera actuación que conleve unha alteración dos usos tradicionais será necesaria a elaboración dun informe previo e vinculante por parte da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

As especificidades correspondentes á delimitación e á adxudicación dos distintos graos de protección son explicitadas no apartado relativo á metodoloxía empregada no proxecto, contida no documento titulado “Catálogo de elementos a protexer” que integran o presente P.X.O.M. de Lousame.

3.1.2. APROXIMACIÓN HISTÓRICA.

3.1.2.1. **Dende os albores ata a Idade Moderna.**

O concello de Lousame nace como tal á caída do antigo Réxime (real Decreto de constitución dos concellos de 23 de xullo de 1835). Pero moito antes, a mediados do século XII ese territorio de pequenos vales costeiros que baixan dende a serra do Barbanza ata a Ría de Noia, adquiría unidade xurisdiccional como coto do mosteiro de Toxosoutos.

Antes desa data un silencio documental milenario cubre a historia destas terras. Só a arqueoloxía nos proporciona abundantes testemuñas do seu poboamento pre o protohistórico.

Castros, mámoas e petroglifos aparecen repartidos polo término municipal, segundo podemos cotexar na Carta Arqueolóxica de Noia de Xerardo Agrafoxo e sobre todo na catalogación dos xacementos arqueolóxicos que vimos de recoller na epígrafe anterior.

Restos todos eles que testemuñan a importancia da comarca no calcolítico e no bronce, e que cecáís tería que ver coa abundancia de estaño e as míticas "*Cassitérides*" dos autores clásicas.

Pasando por alto a Idade Antiga e Altomedieval, dos que non temos referencias documentais nin apenas arqueolóxicas, as terras de Lousame entran na historia como xurisdición do mosteiro de Toxosoutos (Tojis Altos), fundado polos cabaleiros Froila Alonso e Pedro Muñiz (o seu primeiro abade) a comezos do século XII. En calquera caso en 1135 era consagrada a nova igrexa e estaba en construción o recinto monástico.

O rei Alfonso VII e Dona Berenguela que visitaron o mosteiro en 1138 concederonlle non só a xurisdicción sobre o coto senón numerosas propiedades en terras lonxanas como Carnota, A Lanzada, O Grove ou o Ribeiro (vila Gomariz en Leiro).

Coto e propiedades que foron confirmadas por Fernando II e Alfonso IX e ampliadas con novas propiedades en Ribadavia (viñedos), A Mahía, Duio, Fisterra e o Salnés.

Coa cesión de Noia á Mitra Compostelana por Fernando II (1168) a xurisdicción do novo porto arcebispal exténdese e ocupa algunhas terras do antigo coto dando lugar a unha dualidade xurisdiccional e mesmo a división das fegresías do actual concello en dous bloques: o de Toxosoutos e o de Noia, que explica en boa parte a orientación vilega do Concello, a situación excéntrica da propia casa consitorial, e os dous intentos de incorporar a Noia o concello de Lousame, (1926 e 1952).

Pola documentación conservada (contratos de foro e pleitos especialmente) podemos afirmar que as actividades dominantes da poboación eran a agricultura (centeo, trigo, millo miudo, liño, coles e hortalizas) e gandeiría (cabras, ovellas, porcos e galiñas) e o aproveitamento forestal (aparecen reseñados soutos de castiñeiros, carballos, e algúns frutais).

Os contratos forais abarcan xeneralmente tres voces (tres reis ou tres xeneracións de foreiros), renovándose habitualmente o contrato os sucesores unha vez esgotado o prazo inicial.

Tanto as rendas forais como as señoriais ou eclesiais: décimos, primicias e outras cargas como a luctuosa ("*la menor cosa de quatro pies*") ou laudemio²(o décimo das rendas) debían ser entregados na data fixada en cada unha (normalmente en San Martiño de novembro agás os anos de Pascua ou os capóns de Nadal) no propio mosteiro ou nas tullas que séculos despois edifica na vila de Noia. Tanto para a explotación das terras como para o transporte das vendas o mosteiro constrúe a primeira rede de camiños da xurisdicción, complementada andando o tempo coa rede da vila arcebispal de Noia.

A fins da idade Media prodúcese unha intensa penetración fidalga ou señorial nas propiedades do mosteiro e mesmo nas terras xurisdiccionais de Noia. Penetración acentuada no caso do mosteiro pola perda de autonomía e poder, ao pasar a depender do abade de Sobrado e de Valladolid, e no caso da xurisdicción arcebispal polas loitas

nobiliarias de finais do século XV e/ou pola prodigalidade dos arcebispos cos seus familiares ou aliados, ou con mosteiros santiagueses. A documentación conservada reflicta dabondo a presenza de cabaleiros e doutros mosteiros nas terras e rendas de Toxosoutos.

A comezos da Idade Moderna os conventos santiagueses de San Martiño e Santa Clara figuran como titulares de rendas, sinecuras e beneficios do antigo mosteiro.

Por outra banda, aparecen como foreiros de grandes bens do mosteiro unha longa lista de cabaleiros que perturbou o dominio que ata entón exercían os monxes, sin que valeran de gran cousa as clausulas forais que establecían que *"no lo podais vender, dar, donar, trocar, concambiar a caballero, clérigo, hospital, cofradía, universidad ni otro lugar pío"* e só a *"persona lega, llana, abonada y semejante a vos que las labre y abite"*.

Cabaleiros ou donos como García de Caamaño, Beatriz de Ulloa, Pardo Nogueiral, María Mendoza, ou os pontevedreses García Sarmiento, Tristán de Montenegro, Cristóbal e Paio Mariño de Lobeira, Teresa Montenegro, e outros membros da *"Casa de la Sierra"* invaden con rapacidade e moitas veces violencia terras dos mosteiros e mesmo arcebispaís, incrustándose no seu dominio mediante simbólicas rendas en diñeiro que lle permitiron detraer crecentes excedentes en especie.

Non faltaron os pleitos pero ao final a igrexa acabou plegándose ás exixencias señoriais según consta na documentación conservada. Tal é o caso da querella antre o mosteiro de San Martiño e os Mariño de Lobeira. Segundo a *"avinça"* con que remata, o mosteiro *"teniendo atención al aprecio que él y sus antepasados habían tenido con el monasterio"* apartábase do pleito e aforaba *"a Cristóbal Mariño de Lobeira y a su hixo Paio, por sus vidas y dos vidas más"* o lugar de Outeiro, sito na fegresía de San Xoan de Lousame, especificando que ofrecían *"en tan baja renta"* para que o lugar se mantivera sempre *"unido e incorporado a la dicha casa de Sierra"*, *"reparado y perfectado, y las*

heredades cerradas y muradas de manera que baya en aumento y no benga en disminución".

Como actividade artesana aparecen citados muíños e batáns no río de San Xusto e nos regatos que recollían as augas das feligresías que compoñían a xurisdicción.

3.1.2.2. **Lousame en Jerónimo del Hoyo.**

Sobre a situación do Termo municipal a comezos do século XVII, proporciónanos algúns datos as *"Memorias do arzobispado de Santiago"*, redactadas polo cardenal Jerónimo del Hoyo arredor 1607. As fegresías formaban parte do arceprestazgo de *"Postmarcos de abajo"*. Só a fegresía de Tállara, a máis rica de todas con douscentos ducados de renta para o rector, era presentación de San Xusto. As restantes, salvo as de Lousame e Camboño que eran laicas, eran de presentación do mosteiro de San Martiño

A máis poboada era a parroquia de Tállara con sesenta feligreses, seguida de Vilacoba con trinta, Lesende con vintecatros, Fruíme con quince e Camboño e San Xusto con catorce cada unha.

Sobre o priorato de San Xusto, que estaba reducido a un prior e seis monxes, sinala que era anexo a Sobrado e que tiña un pleito co arcebispo sobre os frutos e rendas.

Outros datos nos ilustra sobre a decadencia da vila de Noia: (*"Solía tener esta villa ochocientos vecinos (cuando era de xurisdicción arcebispal) y ahora que 'lo vendio el rey a un genoves', 'tiene poco mas de quatrocientos" e "esta pobre y necesitada"*). Aínda así, mantiña coas rendas dous hospitais (un fora e outro intramuros) e unha cátedra de gramática.

A situación dos feligreses debe cambiar radicalmente a comezos do século seguinte. Non sabemos se pola maior racionalidade da administración dos Borbóns, ou,

como parece máis probable, pola chegada do "*millo grosso*" que multiplicou os rendementos agrarios e cáseque triplicou o vecindario, como podemos comprobar no Catastro de Ensenada.

3.1.2.3. Lousame no Catastro de Ensenada.

O Catastro que por orde do Marqués de la Ensenada se elaborou a mediados do século XVIII (1752) tiña por obxeto substituír o complexo, obsoleto e inxusto sistema tributario do Antigo Réxime por unha contribución "*UNICA*" e directa repartida entre tódolos veciños, sin excepcións nin privilexios, en proporción aos seus "*haberes*". A medida era demasiado radical por este país e a reforma fracasou. Pero gracias ao Catastro dispoñemos dunha radiografía socioeconómica do país a finais do Antigo Réxime.

No caso do concello de Lousame a documentación conservada no Arquivo do Reino de Galicia está bastante incompleta. A maioría das fegresías non ten o "*interrogatorio*", e de moitas delas faltan algúns dos libros do Personal ou Real de Legos e Personal ou Real de Eclesiásticos. Aínda así proporcionáanos datos dabondo para debuxar con bastante precisión a realidade social e económica das fegresías do Concello.

Situación xurisdiccional.- O primitivo territorio do coto de Toxosoutos aparece xurisdiccionalmente dividido.

Tres fegresías (San Xusto, Camboño e Lesende) siguen pertencendo á xurisdicción do mosteiro de Toxosoutos. Outras tres (Lousame, Tállara e Vilacoba) pertencen, como anexas á xurisdicción de Noia, o señorío da Mitra Compostelana. E unha delas (Fruíme) pertence a Rianxo.

Demografía.- Polos datos do catastro sabemos que a poboación era de 950 veciños, cuns catro mil habitantes.

Os veciños de cinco fegresías constan na documentación conservada: Camboño, 64 veciños; Lousame, 236; Lesende, 94; Vilacoba, 174; e Toxosoutos, 58. Os datos das

dúas restantes fegresías: Fruíme (uns 135) e Tállara (uns 190) non constan nin nos interrogatorios nin nos restantes libros conservados. Os datos que utilizamos obtivémolos por análise comparativo das rendas.

Socioloxía laboral.- A práctica totalidade das cabezas de familia figuran inscritas como "*labradores*". Antre as actividades exclusivas ou complementarias aparecen as seguintes:

Sector secundario.

- Oficios relacionados co traballo da pel: Curtidores e zapateiros.
- Oficios relacionados co traballo do liño e da lan: Cardadores, tecedores e xastres.
- Oficios relacionados co traballo do ferro e a madeira: ferreiros e carpinteiros.

Sorprendentemente, non figura ningún canteiro, oficio cecais pouco especializado e de carácter ocasional. Tampouco mariñeiros, o que reflecta o relativo aillamento de Noia e o carácter agropecuario do territorio do Concello.

Sector terciario.

Antre os oficios do que poderíamos chamar, aínda que impropriamente, sector terciario ou de servicios, aparecen os seguintes:

- Xuíz (un).
- Maiordomos pedáneos (un por fegresía).
- Estribano real (un).
- Alguaciles de cárcere (dous).
- Curas e monxes: un por feligresía (o párroco), dous máis en Tállara e once. monxes: tres en Fruíme e oito en San Xusto, incluíndo o prior.
- Estanquilleiras de tabaco: tres.
- Agrimensores: dous.
- Arrieiros e mercaderes de viño: media ducia, con datos incompletos.
- Tratantes de gando: outra media ducia, aproximadamente.

- Taberneiros: dous.
- Milicianos: dous (prestan servizo en Pontevedra).
- Soldados en filas: cinco.

Non figuran médicos, sangradores nin farmacéuticos, servizos radicados en Noia. Tampouco figuran mestres.

Aínda que os "*pobres de solemnidade*" oscilan entre 2 e 15 por fegresía, o número de veciños probes debía ser moito maior, cecais arredor dun tercio do vecindario.

Actividade económica.

Agricultura.- É, xunto coa gandeiría, a base da produción e da actividade laboral.

Cereais.- Millo. O seu cultivo ocupa xa un lugar moi destacado encabezando a renda agraria a moita distancia do centeo, trigo e millo miudo. O dato que recolle Antonio Fraguas sobre o labor divulgador do seu cultivo realizado polo cura de Fruíme, D. A. Zernadas, ou se refire soio a súa parroquia ou aos primeiros anos de curato, pois non só está xeneralizado o seu cultivo senón o hábito de sementar fabas e alubias en "*cultura promiscua*".

Centeo. Ocupa o segundo lugar nas rendas.

Trigo e millo miudo.- Figuran como cultivos de escasa importancia. No primeiro caso pola exixencia en calidade de terras e cantidade de esterco en relación coa produtividade, e no segundo pola súa progresiva substitución polo "*millo grosso*". Debe terse en conta que un ferrado de terra produce cinco de millo, catro de centeo e tres de trigo, e que o millo precisa moita menos cantidade de semente.

Hortalizas.- Figuran na documentación coles, nabos, cebolas, pementos, cabazas, melóns e sandías. Non figuran como cultivo aparte as fabas e alubias por sementarse antre o millo.

Forestal.- Aparecen reseñados soutos de castiñeiros (aínda que a maioría son bravos e dan pouco froito), carballos, sobreiras e algúns álamos. Hai unha "*Dehesa Real*" en Vilar de Reconco (Vilacoba).

Ante as árbores frutais enuméranse, ademáis dos castaños: cerdeiras, perais, limoeiros, viñas e parrais, que producen froitas para autoconsumo dos veciños, sin dar lugar a transaccións comerciais.

Viño. Nas terras máis baixas prodúcese algo de viño, pouco e de mala calidade. Adícase ao autoconsumo (anque algúns canados figuran nas rendas) porque é tan fluxo que "*no puedo mantenerse sino en la madre*".

Gandeiría. A enumeración das especies e cantidade de gando é a seguinte:

- Vacuno (antre dúas e tres cabezas de media veciñal).
- Ovino (arredor de dez cabezas por veciño).
- Cabrío (arredor de oito cabezas por veciño).
- Porcos (arredor de oito cabezas por veciño).

Cabalar-mular-asnal. Pouco máis dunha cabeza de media por casa contando egoas, cabalos, mulas e burros.

Aparecen sin contabilizar (só figuran nas rendas) as galiñas, mentras os pombares parecen ser exclusiva dos curas.

Figuran igoalmente moitas colmeas de avellas, dúas de media por veciño anque moi irregularmente repartidas.

Industria.- A actividade industrial aparece reducida a varios muíños fariñeiros e batáns para o liño. Uns e outros aparecen concentrados nos cursos dos ríos en cantidade moi irregular segundo as fegresías. Só na fegrexía de Lousame aparecen reflexados trinta e tres muíños. Os batáns son menos numerosos, apenas dúas ducias en total, dos que trece están en Vilacoba.

Rendas.- Mención especial merece o estudo das rendas, é dicir, as cargas que por un ou outro motivo gravan os campesiños.

Proporcionan unha idea aproximada de produción bruta e transaccións veciñais e testemuñan a drástica captación de excedentes en beneficio da igrexa, da fidalguía e da Administración do Estado, reorganizado polos Borbóns, no marco do Antigo Réxime.

Explican tamén as fortes resistencias con que traspasaría a implantación do sistema constitucional, a desamortización eclesiástica, e a redención de foros que só recibirían o golpe de gracia na dictadura de Primo de Rivera e na II República. Algunhas variantes perdurarían ata ben avanzado o franquismo.

Independentemente do beneficiario concreto poderíamos dividilas en tres grandes apartados: eclesiásticas, señoriais e estatais.

Rendas eclesiásticas.- Aparecen encadradas no décimo, primicias, oblatas e o Voto.

Décimas.- Gravan cun 10 % os cereais, o liño, o viño, años e lan, castañas e mel.

Para facérmonos unha idea, na fegresía de Lousame supoñían uns 2.000 ferrados de millo, 300 de centeo, 150 de trigo, e 4 canadas de viño. O liño, lan e años aparecen en diñeiro cun monto de 700 reais.

Primicias.- Cobradas, ao igual que as oblatas, íntegramente polo clero parroquial, equivalían a 1/6 do Décimo, ao o que se engadía 1/3 das "*menudencias*" (productos non cargados no Décimo). A súa coantía en cada fegresía viña a ser de 400 ferrados de centeo e 40 galiñas.

Oblatas.- Pagaban esta renda os cabezas da casa e as viúvas, entre dous e tres reais, que facían un monto medio por fegresía entre 400 e 700 reais.

O Voto.- Iba para a mesa capitular do cabildo Compostelano. Consistía en 4 concas ou 8 coartillos de centeo, e debían pagalo os veciños solteiros ou viúvas cabezas de casa, que tiveran gando de labranza. O monto total oscilaba arredor de 60 ferrados por fegresía.

Rendas señoriais.

Por señorío (pagados á Mitra Compostelana ao prior de Toxosoutos ou a Rianxo), estaban establecidas as seguintes rendas:

A luctuosa. De 14 a 50 reais cando morría o titular dunha explotación.

Os foros. Unha cantidade variable, segundo as estipulacións dos contratos, pagada ao titular eminente do dominio, que podía ser a igrexa ou un fidalgo. Gravaba só a unha parte das explotacións (as máis antigas) e consistía nun tercio aproximado da produción total.

Unha parte das alcabalas ía tamén parar ao titular do señorío.

Rendas reais. Pagábanse a tesorería de rendas de Santiago. A maior parte estaban "*encabezadas*", é dicir, fixadas nun tanto alzado que se repartía entre os veciños. Oscilaban entre mil e dous mil reais por fegresía. Eran as seguintes:

Alcabala. En teoría o décimo das transaccións. Encabezada entre 400 e 800 reais por fegresía.

Sisa. Gravaba e peso de certos artigos (sisa no peso) e viña a supoñer a metade aproximada das alcabalas.

Centos e millóns. Rendas extraordinarias convertidas en ordinarias. Supoñían un monto lixeiramente superior ás alcabalas.

Servicio Ordinario e Extraordinario. Un vello imposto real vido a menos. Entre 150 e 300 reais por fegresía.

Os Utensilios. Renta complexa que oscilaba arredor de 100 reais por fegresía.

Os datos antecedentes permítennos debuxar un cadro aproximado da vida de Lousame a mediados do século XVIII.

A agricultura e a gandeiría son as bases da actividade laboral e da produción campesiña, destinada cáseque absolutamente ao autoconsumo e a satisfacción das rendas, que zugaban a metade da produción agraria sin dar apenas lugar aos intercambios.

A industria, de carácter familiar e complementaria, limitábase á elaboración de produtos de autoconsumo: moenda, mazado do liño, tecido do liño e lan; e pouco máis.

Podemos imaxinar as tarefas estacionarias do ciclo agrario e as ocupacións dos invernos. Retellar ou colmar as casas, facer portas, ventanas, carros ou cestas, cardar, fiar e tecer, e facer zocos.

Aínda que poucos figuran como "*pobles de solemnidade*", a maioría vivía baixo os limiares da pobreza.

A alta taxa de natalidade, conformada nalgunhas fegresías, como Fruíme, en base ao número de nenos, equilibrábase coa emigración ben fose urbán ben castelán e portuguesa; ou con epidemias e fames.

3.1.2.4. Lousame na transición do século XVIII ao XIX: Unha protoindustrialización fallida.

A finais do século XVIII prodúcese en Galicia diversas experiencias industriais, das que foron pioneiras a de Raimundo Ibañez en Sargadelos e a dos ingleses Lee en Pontevedra.

Algo deste espírito fabril, alentado pola revolución industrial inglesa debeun chegar a Lousame, onde en data imprecisa, arredor dos anos de cambio de século, se monta unha industria papeleira en Brandia.

Nunha instancia dirixida en 1810 o "*Intendente General del Ejercito y Reyno de Galicia*", "*Don Peregrino Riba y Compañía de Comercio de Villajuan*" manifestaban "*haber establecido en el sitio que llaman Brandia, feligresía de San Juan de Lousame, una Fábrica de papel blanco de todas las calidades, la que sin embargo de los muchos y considerables caudales que se han invertido en su construcción no se ha concluído y perfeccionado con la extensión de que son susceptibles su propio terreno y fondos*".

Queixábanse tamén os dous da falta dunha tina especial para papel de estraza, que limitaba a produción de papel branco, e influía no precio do xénero, da falta de

almacéns para materiais, utensilios e productos, e de casa "*para arraigo de los operarios*". Pero o fondo da cuestión era o medo á competencia dunha "*nueva fábrica de papel que ya se principió en la inmediación del mismo monte*", a que pretendía impedir arrincar pedra decindo que a precisaba para o seu remate.

Tratabase da fábrica de "*El Castro*", da que Domingo Fontán era un dos socios fundadores, cacaís o máis importante, pero non o único como afirma Carré Aldao na "*Geografía de Galicia*", coa que parece que o Estado contratou o "*papel de oficio*".

A principios de 1857 un incendio destrúe a fábrica de Fontán e compañía (nas augas de papel figura o nome de FONTAN), pero foi restaurada e posta en funcionamento pouco despois, xa que en 1864 aparece no "*Indicador*" como propiedade de Domingo Fontán.

Domingo Fontán faleceu en 1866 e a fábrica aparece nos estados de 1879 e 1888 a nome do seu fillo Manuel Fontán Riva. Nos anuarios destes anos apareceu tamén en Noia a entidade "*Fontán Hermanos*" fabricantes de papel, cecaís un establecemento exclusivamente comercial e postal.

Algúns Fontáns permanecen residindo en Lousame, concello do que foi varias veces alcalde, nas últimas décadas do XIX e nos comezos do XX, Rosendo Fontán, según consta nos libros de actas do Concello, conservadas dende a década dos setenta. Non sabemos con certeza a data en que a fábrica deixou de producir e comezou a súa ruína. Nas "*Estadísticas de la Industria del papel*" de 1934 xa non figura.

Máis dilatada, aínda que con menos pretensións técnicas, foi a vida da papeleira de Brandia, traladada a finais da década dos sesenta ao Concello de Santiago (Laraño). En 1864 era propiedade de Martín Riva, e de 1879 a 1884 de José Riva Amad.

Aínda que tampouco figura nas "*Estadísticas de la Industria del papel*" de 1934 e 1943, a comezos dos anos cincuenta funcionaba cunha máquina plana contínua de 90 cms. de ancho que producía estraza a base de recortes e papel vello sendo propiedade de "*Papelera de Brandia S.A.*".

Segundo noticias dos paisanos houbo outra fábrica nas inmediacións do mosteiro de Toxosoutos.

3.1.2.5. **A CREACION DO CONCELLO. FIN DO ANTIGO RÉXIME.**

En 1835, en plena guerra carlista, por decreto do 23 de xullo, creábanse os novos concellos. Un deles era o de Lousame, formado polas seguintes fegresías:

- San Xoan de Lousame.
- San Xoan de Camboño.
- San Martiño de Fruíme.
- San Martiño de Lesende.
- San Pedro de Tállara.
- San Xusto de Toxosoutos.
- Santa Baya de Vilacoba.
- E a desaparecida de San Martiño de Corenza, actualmente incluída na de Lesende.

Os comezos foron pouco prometedores. Durante moitos anos (ata o último tercio do século) non tivo casa do Concello, véndose obrigada a corporación a alquilar unha casa para celebra-las sesións.

As razóns dunha vida municipal pouco activa foron múltiples. Básicamente, os limitados presupostos municipais (4.000 reais en 1850, cerca de 10.000 en 1875, cerca de 20.000 en 1900 e 36.000 en 1929) para facer fronte aos gastos da burocracia municipal e dos novos servicios, como as escalas (4 en 1850, 11 en 1920). O déficit convírtese nun mal crónico; nada menos que o 50 % do presuposto en 1875, que atenaza as corporacións e obriga en ocasións a suprimir algún servicio, como ocorre coa escola de Tállara en 1875.

Dos anos que median entre 1835 e 1871 non sabemos cáseque nada. A partir desta data dispoñemos de libros de actas, pero ten pouco interés. Apenas reflexan outra

cousa que as liortas políticas (que en ocasións teñen que ser derimidas por mediación do Gobernador Civil de A Coruña), o arrendo dos consumos, ou os chamados a quintas.

Especialmente movidos deberon ser os anos do Sexenio Revolucionario (1868-74) nos que se producen plantes de concellais, peticións de dimisión do alcalde, ou o procesamento do secretario por ocultación e retención de documentos. Unha das medidas que mellor permite constatar os aires revolucionarios do sexenio, iniciado con aquel "*Abajo los Borbones*", "*Abajo las quintas y los consumos*" é a organización en Lousame da Milicia Nacional, unha forza que durante décadas fora o brazo armado do progresismo español.

Ao final do período accede á alcaldía o primeiro Fontán, Manuel Fontán. O seu sucesor Rosendo Fontán detentaría frecuentemente a alcaldía nas seguintes catro décadas.

Durante o medio século longo da restauración, incluso o epílogo da dictadura de Primo de Rivera, a situación política podrece pola lacra do caciquismo, pero a situación económica, especialmente nos comezos do novo século, mellora enormemente, gracias á minería, á industria e, sobre todo, ao aumento da renda agraria coa mellora dos cultivos e a chegada dos novos arados AJURIA.

A República foi como en todas partes un paréntese de esperanza. Parentese frustrado polo levantamento do 18 de xullo e a represión conseguinte. Período amplamente estudiado nas obras de Xerardo Agrofoxo ("*A segunda república en Lousame e Noia; Radiografía dunha época*"; e "*1936, a guerra civil en Lousame e Noia*") publicadas polo Concello.

Despois virían os anos da "*longa noite de pedra*", rematados politicamente coa morte de Franco e a Constitución de 1978, e dende o punto de vista municipal coas eleccións de 1979.

2.1.2.6. **Lousame na idade contemporánea.**

Demografía.

O máis destacable é o estancamento demográfico producido nas décadas inmediatas ao cambio de século. Os 950 veciños rexistrados en 1753 (Catastro de Ensenada) convírtense en 956 (4.547 habitantes) ao cabo dun século (1850. Diccionario de Madoz).

A falta de censos ata fins do século XIX impídenos coñecer a evolución neste medio século.

A partir de 1900 os datos que recollemos a continuación reflectan a evolución demográfica.

1900	-	5.543 habitantes de feito
1910	-	5.477 de feito
1920	-	5.500
1930	-	5.857
1940	-	6.214
1950	-	6.555
1960	-	6.004
1970	-	5.361
1981	-	4.661
1991	-	4.275
1996	-	4.461
2002	-	4.035

O Concello a pesar da intensa emigración medra demográficamente ata acadar o seu máximo histórico en 1950. A partir desa data volve diminuír; entendemos que por unha dobre sangría migratoria: Europa, e a vilas e cidades próximas, e polo desmantelamento industrial: Minas de San Finx e Papeleira de Brandía.

De todos modos, a tendencia migratoria ven de lonxe. Segun os datos incompletos do censo de 1900 atopábanse fóra do Concello os seguintes veciños:

- En Paradeiro descoñecido	47
- En América:	
. Sin especificar	9
. Arxentina	129
. Cuba	24
. Brasil	3
Total	165
- En Portugal	3
- No extranxeiro (sin especificar país)	3
- Fora de Galicia	
. Cadiz	7
. Madrid	1
. Cartagena	2
. Valladolid	1
. Serv. Militar	1
Total	12
- Noutras vilas de Galicia	
. Noia	19
. Ferrol	9
. Pontevedra	7
. Coruña	3
. Rianxo	3
. Sta. Comba	3
. Padrón	4
. P. do Caramiñal	2
. Santiago	2
. Boiro	1

. Arzúa	1
. Cangas	1
Total	55

Total ausentes: 285

Na década seguinte (1910) a diferenza entre os 6.280 habitantes de dereito e os 5.477 de feito, 803, mide con máis aproximación a intensidade da riada migratoria

Estructura laboral.

Do censo, aínda que incompleto, de 1900, obtemos os seguintes datos, que reflectan a estrutura laboral do Concello.

A inmensa maioría son labradores (deles un 10 % xornaleiros).

- **Sector secundario** (oficinas).

. Zapateiros	74
. Canteiros	49
. Carpinteiros	32
. Ferradores	21
. Costureiras	26
. Serradores	8
. Xastres	5
. Terreiros	4
. Mariñeiros	4
. Papeleiros	4
. Tecedoras	3
. Fragüeiros	2
. Camiseira	1

- Minería		
. Inxeneiro	1	
. Sobrestante		1
. Mineiros	2	
. Mecánico	1	
. Empleados	3	
- Sector terciario (servicios)		
. Profesores	2	
. Maestra	1	
. Médico	1	
. Practicantes	2	
. Párrocos	3	
. Coadjutores	2	
. Presbíteros	2	
. Sacristáns	2	
. Estudiantes	3	
. Escribente	1	
. Taberneiro	4	
. Comerciantes	2	
. Industriais	2	
. Peóns camiñeiros	2	

A maior sorpresa é o outro número de canteiros (49), que non aparecían no Catastro, nin en reseñas posteriores. Tamén, o desproporcionado número de zapateiros, explicable cecais pola proximidade de Lousame a Noia.

Actividade económica.

A agricultura-gandeiría. Segue a ser, como no Antigo Réxime a actividade que absorbe a maioría da man de obra. Agás os funcionarios do sector terciario e algúns mineiros e papeleiros, continúa sendo a ocupación exclusiva ou alternativa no vecindario.

Millo, trigo, centeo e patacas son as principais producións agrarias, complementadas polas hortalizas.

Na gandeiría prodúcese un cambio significativo. Aumenta a cabana bovina, mentras diminúe a ovina e mantense a equina e porcina.

Minería. A finais do século pasado comenzou a explotación de estaño e wolfran a cargo da mineira de San Finx, (The San Finx Tm Mine Limited), posteriormente Industrias Gallegas S.A., que acadaron os seus máximos durante as dúas guerras mundiais e deron ocupación ata hai poucos anos a máis de medio cento de traballadores, algúns inmigrantes portugueses. Hoxe as minas están pechadas.

Industria. Ademáis de muíños e batáns, fábricas de curtidos e aserradeiros, houbo ata hai poucos anos varias fábricas de papel. As de máis longa traxectoria foron a de Brandia, Fontán e Tomé Fuentes.

Mención especial merecen as dúas hidroeléctricas. Unha construída para proporcionar enerxía ás minas (Comparada), e outra para alumeado.

Un cadro obtido da matrícula da contribución industrial permite seguir, a pesares dos cambios de epígrafes, a evolución das actividades catalogadas como industriais (este cadro figura nos anexos que se xuntan ao presente documento como “Anexo ao epígrafe 3.2.1.6.).

3.2. A DEMOGRAFIA DE LOUSAME.

3.2.1. Evolución demográfica.

Segundo amosan os datos do cadro nº 1 do Anexo ao epígrafe 3.2.1. que reflectan as poboacións de feito dos censos de poboación, na demografía de Lousame correspondente ao século XX podemos advertir tres períodos ben definidos:

a) **1900-1920. Estancamento.** Existe crecemento vexetativo, pero este é enteiramente absorbido pola emigración. A poboación ao final do período é practicamente a mesma que ao inicio.

b) **1920-1950. Crecemento relativo.** A poboación medra neste período cunha taxa de crecemento anual do 0,6 %. Correspóndese co período de máis pulo das explotacións mineiras.

c) **1950-1991. Caída en picado.** Pérdense máis de 500 habitantes por decenio, cunha taxa de decremento anual superior ao 1 %. Da gravidade do retroceso demográfico é boa proba o feito de que en 1991, Lousame tiña só o 77 % da poboación existente a primeiros de século. De seguir así corre perigo a mesma existencia municipal.

A situación, segundo o Padrón de Habitantes de 1996 supuxo unha recuperación apreciable. Nos catro anos transcorridos dende 1991 a 1995, Lousame viu invertida a tendencia medrando por riba do 1 % anual, e gañando 174 habitantes. Fícanos a dúbida de se o Padrón non reflectará cifras obtidas por procedementos metodolóxicamente diferentes aos que se utilizan na confección dos Censos decenais. Mais, se non é así, podemos asistir, alomenos, á detención neste ano da perda de efectivos demográficos que ven azoutando a este territorio, polo efecto combinado de dous fenómenos tan repetidos no rural interior galego: detención ou crecemento vexetativo negativo e emigración. Eliminada a emigración, alomenos do xeito tan brutal coma se produciu

entre 1900 e 1975, o fenómeno negativo básico é o descenso acusadísimo da taxa de natalidade e o envellecemento da poboación, conseqüencia de teren emigrado e non voltado amplos montantes de poboación demográficamente activa.

Sen embargo a situación actual volve a ser negativa xa que segundo o censo de poboación do ano 2002 Lousame conta con 4.35 habitantes o que supón unha variación absoluta en relación co censo do ano 1996 de - 426 habitantes (variación relativa de - 9,55 %).

Por todo elo, coidamos que debe ser **preocupación primordial das corporacións municipais de Lousame**, a de agora e as do futuro, conseguir, **que se deteña a perda demográfica**, que poidan **voltar emigrantes** e, sobre todo, **que asenten eiquí xente nova** que procedente de medios urbanos prefere para vivir zonas máis tranquilas.

Para os últimos 25 anos estudados no momento de recollida de datos para a elaboración do PXOM (1970-95), podemos ver a evolución demográfica cos datos desagregados por parroquias e, mesmo por entidades singulares de poboación no anexo que se xunta ao presente epígrafe.

A primeira conseqüencia que se tira do seu análise é que ningunha das parroquias de Lousame, no seu conxunto ve incrementada a súa poboación no último coarto do século XX. A que perde menos poboación -sempre dentro do seu pequeno tamaño poboacional-, é Camboño, onde 6 dos seus 11 núcleos incrementan lixeiramente os seus activos. En Fruíme é só o núcleo de Ardeleiros o que exprimenta variación positiva. En Lesende, só o núcleo de Horta, tamén moi lixeiramente. En Lousame son Brandía e Bouciñas as que suben poboación no período. En Tállara, O Cruceiro, Pascual e Ponte San Francisco. En Toxosoutos, Bargo; e en Vilacoba, Froxán e Silvarredonda.

3.2.2. Estructura de idades e sexos.

Pero máis negativa aínda que a evolución é a estrutura de idades que presenta no momento do estudio a poboación de Lousame.

Xa dixemos que o descenso de natalidade -provocado tanto pola emigración dos anos 60-80, coma polo descenso vertixinoso de fillos no seo do común das parellas- era en Lousame o factor ou un dos factores máis preocupantes de cara ao futuro. Se analisamos as cifras do cadro nº 1 do anexo ao presente epígrafe, podemos observar con toda craridade como a cada lustro que pasa empeora a situación. Poñamos por caso, os rapaces que teñen entre 10 e 14 anos, hai dez anos eran o estrato de menor idade (0-4 anos) e representaban o 6,9 % do total municipal. En 1996, os nenos de menos de 5 anos só supoñen un 1,6 % dese total. O descenso é mesmamente abraiante.

Xa non se trata soio de ver coma a faixa de poboación nova perde peso demográfico, senón a velocidade á que perde ese peso.

Para que unha poboación dada teña un comportamento demográfico acaído os expertos sinalan que os índices de dependencia xuvenil e senil (isto é o número de mozos menores de 16 anos e os de 65 ou máis, en relación cos potencialmente activos, ou sexa, os comprendidos entre 16 e 64 anos) non deben baixar do 40 % no caso dos novos e non debe subir do 20 % no caso dos vellos. En Lousame o Índice de Dependencia Xuvenil⁽⁶⁾, en 1995, situábase só no 24,7 %; e o IDSenil⁽⁷⁾, subía ata o 43,5 %. Os expertos tamén din que a porcentaxe de poboación potencialmente activa (16-64 anos) non deba baixar do 60 %. Este é o único dato que case compre Lousame, xa que en 1995 era do 59,5 %. Pero, ¿ata cando poderá manterse esa porcentaxe?. Mesmo se xa se chegou a tocar fondo no que respeita aos índices de natalidade, ¿é posible un futuro demográfico cun aporte de 70 nenos nunha franxa de cinco anos? Nós cremos que non, pois iso

$$6 \quad IDX = \frac{Poboacion(0 - 15)}{Poboacion(16 - 64)} \times 100$$

$$7 \quad \boxed{IDS = \frac{Poboacion(65 e emáis)}{Poboacion(16 - 64)} \times 100}$$

significaría que dentro de dez anos a poboación xuvenil (0-15) viría a ser só dun 36 % da xa pequena actual, isto é, practicamente, só un tercio dos xoves que viven hoxe en Lousame.

Volvemos insistir, calquera política conducente a recuperar poboación capaz de enxendrar fillos, ha ser cunha política acertada.

A nivel parroquial a situación aínda ofrece tintes máis sombríos. Segundo se desprende dos datos desagregados -Cadros nº 2a) a 2g) anexos ao presente epígrafe-, o número de nenos de menos de cinco anos vai dende 3 en Toxos Outos a 18 en Lesende.

No que atinxe á estrutura de sexos, o resultado global municipal sinala que a porcentaxe de homes/mulleres é do 88,5 %. En franxas de xente nova invírtese (0-9 anos). Pero esa situación non deixa de ser normal.

As gráficas dan pirámides de poboación, ofrendan unha imaxe absolutamente invertida, e amáis diso, aguzada na base, por todo o que vimos apuntando. Son gráficas abondo expresivas e tráxicas.

3.2.3. Niveis de instrucción.

Dacordo cos datos do Cadro nº 1 e 2a) a 2g), anexos ao presente epígrafe no que atinxe aos niveis de instrucción no Concello, habería que falar dos seguintes riscos:

1º) **A nivel municipal.**

a) Unha poboación analfabeta feminina un chisco outa (6,7 %). Non sucede iso coa masculina onde o analfabetismo sitúase só no 1 %).

b) Unha moi outa poboación que non rematou ningún tipo de estudos. Se aos 2.366 casos se lle restan os menores de 10 anos (282), aínda fican 2.084 persoas, que supoñen un 46,8 % do total da poboación nese ano de 1995. Nesta condición de "*sen estudos*" non hai diferencias acusadas antre sexos; a relación é proporcional ao montante demográfico de cada sexo.

c) Tampouco se dan distincións entre os que cursan estudos de Básica ou de BUP e FP1., que son relativamente normais.

d) Pero si se dan no caso da Formación Profesional de 2º grao onde o número de homes dobra ao de mulleres. De calquera xeito, tanto nun coma no outro caso son cifras máis ben pequenas as que cursan este tipo de estudos.

e) E, por último, unha cifra moi pequena de estudos universitarios. Collendo todos os graos (medio, superior, doutoramento...) non se chega ao 0,75 %.

2º) Os datos desagregados por parroquias ofrecen unha panorámica semellante, se ben hai que facer constar algunhas peculiaridades:

a) En Camboño non hai ninguén con estudos universitarios e en Toxos Outos, só unha persoa.

Pola contra, en Lousame hai 11 e en Tállara, 8.

b) O nivel de analfabetismo feminino é moi alto en Toxos Outos (16,42 % das mulleres e 8,73 % do total da parroquia).

c) Os niveis de estudos medios (que se desenvolven fora do Concello) gardan bastante relación coa distancia da parroquia ao centro onde se imparten (Fruíme, Lesende, Toxos Outos e Vilacoba teñen, proporcionalmente, menos estudantes de medias que as parroquias máis próximas a Noia (Camboño, Tállara e Lousame). Mentras en Camboño, poñamos por caso, hai un 5 % de persoas con estudos de BUP FP1 e FP2, en Fruíme só hai un 1,65 %; en Lesende; 1,89 %; en Toxos Outos, 1,69 % e en Vilacoba, 3,17 %.

3.2.4. **Actividade da poboación.**

Dacordo cos datos do Cadro nº 1 do anexo ao presente epígrafe (e neste caso referidos ao ano 1991), a poboación superior aos 15 anos, repártese entre un **55,5 % que é activa** e un **41 % que é inactiva**. Esa taxa é moi superior no caso da poboación

masculina, que chega ao 63,76 %; e, pola contra, é moito menor no caso da feminina, un 42,30 %.

A poboación activa distribúese así:

- un 83,46 % estaba ocupada, en 1991.
- un 16,54 % estaba parada, en 1991.

Co cal, a **taxa de ocupación** (isto é, a relación entre poboación que traballaba a e poboación total maior de 15 anos) era do **46,31** % (50,84 % no caso dos homes e 37,47 %, no caso das mulleres).

A **taxa de paro**, coma vimos, era do 16,54 %. Pero ascendía no caso dos homes ata o 20,26 %; e descendía no caso das mulleres, ata ó 11,43 %.

A **poboación ocupada** (ver Cadro nº 2), o estaba **preferentemente** na **Agricultura** (40 % do total), pero hai que ter en conta que un 77 % dos que traballan neste sector eran **mulleres**. Só o 16 % dos homes teñen a súa ocupación no agro.

Séguelle, por orde de importancia no emprego o subsector da **Construcción**, cun 21,4 % do total de activos ocupados (eiquí, ao contrario do agro, a proporción de homes é do 95 %).

Nos **Servicios** atopa emprego o 21,1 % dos activos ocupados. Antre sexos a cuestión aparece máis equilibrada (un 60 %, homes e un 40 %, mulleres).

A **industria** ocupa ao 12,9 %. Eiquí traballan o 15 % dos homes e o 10 % das mulleres.

Na **Pesca** (que emprega ao 8,2 % dos homes ocupados) ten traballo o 4,6 % de todos os activos ocupados.

No que fai á **poboación parada** (ver Cadro nº 3) as taxas máis fortes son as da **construcción** (22,8 %) e a **industria** (21,19); seguida da **pesca** (19,2 %) e os **Servicios** (14,5 %). No agro a taxa de paro era só do 0,9 %.

Mais no que se refire ás porcentaxes sobre do total de parados, logo dos parados na construción (32 % do total) sitúanse aqueles que andan na procura do primeiro emprego (25 %) e os parados dos servicios (18 %).

O número de mulleres que buscan a primeira ocupación case dobra ao dos homes.

3.2.5. **Movimientos migratorios.**

Dende 1981 a 1995 a poboación de Lousame decrece en 288 persoas. Dese total 21 persoas corresponden a un crecemento vexetativo negativo e 267 a saldo migratorio igualmente negativo. A taxa migratoria anual (en %) sitúase, pois, en -0,45, a máis outa de todos os concellos da Comarca de Noia, onde só o concello da vila cabeceira ten unha taxa anual positiva (0,28). Outes ten para o período unha taxa anual de -0,39 e Porto do Son , -0,29.

A taxa bruta de natalidade (nacementos por 1000 hb.) pasou en Lousame de 12,9 no período 1982-86 a 7,7 en 1993. É a máis baixa de toda a comarca de Noia, agás Outes, onde nese ano a taxa foi do 7,0.

3.2.6. **Previsións demográficas.**

De non intervir no proceso accións extrademográficas, a tendencia neste eido no futuro non se vai diferenciar da habida nos últimos trinta-corenta anos; se acaso un chisco aminorada.

Para calcular a poboación futura en base aos datos do comportamento do pasado utilizamos un procedemento que se ten amosado antre nós coma bastante atinado. É o que decote se utiliza pola D.G. de Obras Hidráulicas do MOPTMA para o cálculo de poboacións potenciais demandantes das infraestructuras que se acometen por este organismo (auga, saneamento, etc.).

Para o cálculo utilízase a fórmula:

$$P_n = P_a(1 + r)^t.$$

onde,

P_n = Poboación no ano "n".

P_a = Poboación actual (real).

t = Número de anos da proxección.

r = Taxa acumulativa anual de crecemento estimada para o período proxectado.

Este valor sae, á súa vez da fórmula seguinte:

$$r = \frac{2r_1 + r_0}{3}$$

sendo r_0 a máis significativa entre as taxas de crecemento r_2 ou r_3

r_1 = taxa anual do período 1982-1996.

r_2 = taxa anual do período 1961-1981.

r_3 = taxa anual do período 1941-1960.

Na fórmula utilizada para Lousame os datos das ditas taxas son os seguintes:

$$r_1 = -0,0036$$

$$r_2 = -0,0126$$

$$r_3 = -0,0018$$

Xa que logo, temos que $r_3 > r_2$ e, polo mesmo, o cálculo da taxa prevista é:

$$r = \frac{2r_1 + r_3}{3} = \frac{(-0,0036) + (-0,0018)}{3} = \frac{-0,0054}{3} = -0,0018$$

Aplicando os valores de "r" na fórmula de proxección elexida temos os datos para cada ano dos futuros, que figuran no Cadro nº 1 anexo ao presente epígrafe obtido polo propio procesamento de tódolos datos demográficos no ordenador.

O ano horizonte das presentes N.S. de Lousame pensando que se aprobaron definitivamente no ano 2000, debe ser o 2.008. Para entón a poboación estimada sería de 4.279 habitantes. Xa que logo, unha poboación inferior á actual.

De calquera xeito entendemos que no futuro inmediato débese producir un cambio de roles do territorio (esta vai ser unha hipótese de traballo para a realización do presente planeamento), coma consecuencia dos valores que Lousame poida ofrendar de cara a un incremento de atractividade que debe levar a unha meirande diversidade productiva (medre do sector servicios), potenciando a creación de novos postos de traballo que non teñen por que -máis ben ao contrario- iren en detrimento daqueles que xa son sostén da economía municipal.

Cuantificar os efectos deste cambio non é doado, pois depende de moitas variables, en boa parte moitas delas, externas. Pero, a pouco que se desenvolva o sector terciario coidamos que se pode non só cortar a pingueirada migratoria secular, senón tamén cobizar algúns retornos de emigrados e, sobre todo, a de asentamento eiquí de parellas novas (profesionais de diversos campos). Por iso, aínda que non se producise un crecemento vexetativo apreciable, coidamos que medraría algo a poboación de feito. Por todo elo, consideraremos coma cifra de previsión de habitantes estables en Lousame para o ano horizonte a de 4.500 habitantes residentes durante todo o ano.

Pero esa cifra poderíase ver incrementada nos meses veranegos e vacacións a pouco que se publicite o territorio en base ás súas potencialidade arqueolóxicas, histórico-artísticas e medioambientais. Neste senso non é utópico pensar nun incremento de 300-500 persoas, sobre todo no vran (onde sempre veñen xentes deiquí residentes fóra).

Polo tanto, se aos 4.500 hb/residentes durante todo o ano se suman os 500 flotantes na xeira-punta, habería que dar coma cifra utilizada para o cálculo dos mínimos necesarios en dotacións urbanísticas a de **5.000 persoas**.

3.3. A ECONOMIA.

3.3.1. Niveis de renda.

Os Cadros nºs 1.a a 3. do anexo correspondente ao presente epígrafe verquen información sobre dos niveis de renda familiar dispoñible (no sucesivo, R.F.D.) en Lousame para o período 1982-86, únicos para os que posuímos datos desagregados a nivel municipal. Coma facemos noutros apartados, estes datos sobre R.F.D. refléctanse para todos os Concellos da Comarca na que se inscribe Lousame (tal e coma a configuramos con anterioridade). Dese xeito temos base comparativa coa que botar lus sobre das cifras, pois o período analizado, ao ser abondo curto, non é suficientemente ilustrativo.

O que salienta en primeiro lugar das cifras é o dato de que Lousame, que dispón do 22,7 % do territorio comarcal e o 5,4 % da poboación da comarca do Barbanza, só dispoñía en 1982 do 4,82 % da Renda Familiar dispoñible da mesma, cun montante global de 1.310.350.000 pts. Referido á provincia, Lousame, que dispón do 1,17 % do territorio provincial e do 0,39 % da poboación de A Coruña, dispón só do 0,32 % da R.F.D. provincial. Reflecta esta comparación o feito de que Lousame é un territorio amplo e pouco poboado e tamén a súa condición esencialmente agropecuaria e forestal, pois os niveis de renda comarcal sitúanse por enriba das porcentaxes que lle corresponderían por territorio. Así, as xentes da comarca do Barbanza, cuxo territorio supón o 5,2 % do total provincial pispoñían en 1982 dunha R.F.D. total que representaba o 6,72 % do total provincial. Hai que consignar, noustante que a poboación comarcal ven supoñer sobre do 7 % do total provincial e, xa que logo, os niveis de renda da Comarca, concebida globalmente, viñan ser un chisco máis baixos.

Esa situación millora para o conxunto dos municipios analizados en 1986, pois nese ano a R.F.D. comarcal supuxo o 6,96 % do total provincial, cifra parella á da porcentaxe de participación demográfica. Lousame, porén, aínda baixou máis a súa

participación tanto na comarca (pasando do 4,82 % a 4,13 %), coma na provincia (pasando do 0,32 % ao 0,29 %).

As cifras aínda son máis reveladoras das desigualdades comarcais se as referimos non á súa globalidade, senón á distribución por habitante. Así, a R.F.D./habitante da Comarca (368.025 pts en 1982 e 345.011 pts. en 1986 -en pts. constantes de 1982-) sitúase moi por enriba da media provincial. A taxa de Variación anual é de 1,17 para a comarca e de 0,31 para a provincia de A Coruña. Pero Lousame non só non ve medrar esa renda per capita senón que a ve decrecer ostensiblemente. Doutra banda, a taxa é negativa (-2,42 % de taxa de variación anual) sómente en Lousame.

Os concellos que máis aumento experimentan son Boiro (T.V. anual do 3,64), Porto do Son (1,19) e Pobra do Caramiñal (1,12).

En números índices, a RFD/hab. provincial era 100 en 1982, a da Comarca situouse en 89,5 en 1982 e en 92,6 en 1986. E a do concello de Lousame pasou de 71,0 en 1982 a 63,5 en 1986. As cifras coidamos que son abondo significativas. A perda do poder adquisitivo da poboación de Lousame foi evidente no período e aínda que non dispoñemos de datos máis recentes, todo está a indicar que non cambiaron as cousas sensiblemente máis para acá.

A razón hai que buscala no feito de que as rendas agrarias perden peso progresivamente fronte ás da industria ou as xeneradas no sector terciario. En 1991, coma xa deixamos apuntado no capítulo anterior, Lousame aínda tiña o 40 % da súa poboación ocupada empregada na Agricultura, cifra que subía ata o 45 % se se refire ao sector primario no seu conxunto. Para comparar abonda con dicir que esa mesma porcentaxe era do 23,7 % para o conxunto de Galicia e do 19 % para a provincia de A Coruña.

3.3.2. Análise dos sectores económicos.

3.3.2.0. **Introducción.**

A análise dos sectores económicos realizase partindo dos seguintes presupostos:

a) A consideración da realidade municipal dentro do ámbito máis amplo da realidade comarcal. Iso non só permite a realización de comparacións, senón que ven exixido pola propia amplitude do marco económico. Entenderase isto mellor cun exemplo: o 34 % da poboación ocupada de Lousame traballa na industria e na construción. Calquera que coñeza Lousame ten que se decatar de que a maioría deses traballadores teñen o lugar de traballo fora do Termo Municipal. Aínda que algúns o fagan fora do ámbito da comarca, resulta evidente que a maioría o ten dentro dela. Outro tanto cabería dicir dunha boa parte das xentes que laboran no sector terciario (funcionarios, comercio, finanzas, transportes, etc.).

b) Dado o carácter básico que para Lousame teñen as actividades do sector primario (agricultura, gandeiría, silvicultura, acuicultura, etc.), o esforzo estatístico realizase para as actividades deste Sector.

c) Non se reproducen eiquí os datos de poboación activa por sectores, por telos incluídos xa no capítulo anterior. Tampouco os relativos á utilización do solo, pois xa se recolleron no capítulo anterior.

3.3.2.1. **Sector Primario.**

3.3.2.1.1. ***O Subsector agrario.***

Inclúe as actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

Analizamos dúas series estatísticas, correspondentes aos anos 1982 e 1989, últimos dous anos nos que se realizaron Censos Agrarios publicados no momento de començar os traballos de redacción do PXOM.

En Lousame as explotacións agrarias censadas acadaban unha superficie de case 7.000 Ha. en 1982 e máis de 8.500 Ha. en 1989. Polo tanto, aparece censado máis do 91 % do territorio municipal; a cifra máis elevada de todos os concellos da Comarca (onde a media fica no 80 %).

Pola contra, a porcentaxe de terras labradas só supoñía un 12 % en 1982 e un 6,6 % en 1989. (Na comarca, as medias situábanse no 18 % en 1982 e no 12 % en 1989). Así, pois, a porcentaxe de terras labradas no T.M. de Lousame vense a situar no 50 % da media comarcal. Dito doutro xeito, mentras que Lousame dispón do 25,8 % das terras das explotacións agrarias comarcais, só conta co 14,4 % das labradas.

No lado oposto hai que situar a pradería, que pasou de significar o 28,2 % da comarca en 1982 a representar un 42 % en 1989.

A porcentaxe de territorio adicado a aproveitamentos forestais correspóndese, máis ou menos, co peso superficial de Lousame, pois sitúase, en ambas as dúas datas (1982 e 1986) no 27 % do total comarcal. A importancia do Monte é evidente en Lousame. Existen 34 comunidades que posúen montes en man común. As especies arboladas das explotacións son, en primeiro lugar, o piñeiro, onde sobresa o piñeiro marítimo (*Pinus Pinaster*) que dispón de 442 Ha. en repoboación onde é exclusivo, 379 onde aparece misturado co piñeiro insigne (*Pinus insignes*) e 622 Ha.

O piñeiro insigne, amáis das superficies onde aparece asociado ao piñeiro marítimo, aparece asociado ao eucalipto en 276 Ha.

O eucalipto só aparece en repoboacións que acadan a centea de Ha. Pero a súa extensión en asociación coas dúas variedades básicas de piñeiro semella que vai en aumento.

A explotación dos montes de man común é moi disímil. Parecería aconsellable que dende o Concello de debería pular para que as comunidades que non levan a cabo hoxe unha explotación racional do monte o poidan poñer en valor.

Nese no Plan Xeral deberanse distinguir as áreas de monte en función dos valores económicos e tamén, e sobre todo, medioambientais.

Con moito, son estes aproveitamentos os que definen mellor a realidade económica agraria comarcal e municipal. Se a comarca representa o 5,2 % da extensión provincial e o 7,1 % da poboación desa demarcación, só os aproveitamentos forestais se sitúan craramente por enriba desa participación. En 1982 aparecía máis ou menos equilibrada (7,3 %), pero no período septenal 1982-1989, a superficie obxecto de aproveitamento forestal pasou a significar o 11,65 % do total provincial (ver cadros nº 1a) e 1b), que figuran no anexo correspondente ao presente epígrafe).

En Lousame aparecen censadas (cifras de 1989) un total de 986 explotacións agrarias (todas elas con terras). A cifra, practicamente non variou dende 1982, cando se censaran 985 explotacións. O que variou foi a dimensión, que pasou dunha media de 7 Has. a unha media de 8,7 Ha., é dicir, un 24 % máis extensas. Coma se pode apreciar polos datos, as medias comarcais evidencian unhas cifras moito menores para o conxunto da comarca: 3,9 Ha/explotación en 1982 e 4,5 Ha/exp. en 1989.

Pesie aos labores de concentración parcelaria desenvolvidos en Lousame nestes lustros, a media de parcelas por explotación aínda era de 16,9 parcelas/unidade de explotación agraria. Sete anos antes, con todo, esa cifra era de 20,4., un 20 % máis de fragmentación. E aínda maior en 1962, onde a cifra total de parcelas sobrepasaba as 33.000, dando, entón unha media de 30 parcelas por explotación. As medias parcelarias da comarca son moito menores (14,2 para 1982 e 11,6 para 1989). A relativamente elevada parcelación das explotacións en Lousame, de calquera xeito, compénsanse co tamaño medio das explotacións que, como vimos, é eiquí case un 100 % máis cá media comarcal, que se traduce lóxicamente no tamaño medio das parcelas, que en Lousame é superior nun 33 % ao da media comarcal (0,51 Ha. en Lousame e 0,38 Ha na comarca)⁸. [ver cadros nº 2a) e 2b)].

⁸ Evidentemente, a media acolle a todo tipo de parcelas, agras, prados,

Nos cadros nº 3a) e 3b) refléctanse as explotacións segundo o tamaño superficial total para os dous anos de estudo.

Podemos observar que se corrobora canto dixemos máis atrás, pois tanto no 1982 coma no 1989 Lousame, que tiña o 13,5 % das explotacións comarcais, só tiña o 11,9 % das máis cativas e, nembargantes, dispuña de porcentaxes iguais ou superiores ao 30 % das explotacións máis grandes. E non acontece isto só coas explotacións forestais, senón tamén coas agrícolas. En 1989, Lousame tiña o 62 % das explotacións exclusivamente agrícolas da comarca comprendidas entre 5 e 10 Ha.; o 45 % das comprendidas entre 10 e 20 Ha. e ó 100 % das maiores de 20 % [ver cadros nº 4a) e 4b)]. Cinxíndonos só ás terras labradas, a inmensa maioría adicanse a cultivos herbáceos: ó 94 %. Un 4,6 % destinábase a viñedo e un 1 % a froitais. As medias comarcais respetivas son: 88 %, 10 % e 2%. O que evidencian estes datos é a importancia en Lousame dos cultivos con destino a gandeiría, fronte a outras adicacións. Todo elo, en calquera caso, de forma moi relativa.

No que atinxe á cabana gandeira [ver cadros nº 2a) e 2b)] hai que suliñar que no período de sete anos que vai de 1982 a 1989 Lousame pasou de ter unha cabana que só representaba o 17,5 % da cabana comarcal total a contar cun censo de unidades gandeiras que supoñía a coarta parte dese total (24,6 %); de ser o terceiro concello a ser o primeiro entre os que conforman a comarca tal coma esta se ven definindo no presente estudo. Porén, a variación non se produciu tanto polo feito de ter aumentado extraordinariamente a cabana de Lousame (fíxoo nun 4 %), senón por teren diminuído as de todos os demais concellos (a comarca perde case un 26 % das Unidades Gandeiras)⁹.

monte, etc.

⁹ Cando falamos de Unidades Gandeiras (U.G) estámonos a referir ao concepto así expresado cuxas equivalencias, segundo os Censos Agrarios son:

a) **Gando bovino:**

Hai que facer constar que en conxunto, a Comarca non é especialmente gandeira; o seu Censo só representa o 3 % do total provincial en 1982 e o 2,17 % en 1988.

A desagregación dos datos por tipos de gando ofrécenos as seguintes características:

- Tanto a nivel comarcal coma no Concello, no último dos anos analisados, o gando bovino representa o montante máis acusado das unidades gandeiras (65 % en Lousame e 58 % na comarca barbazana). No censo de bovino, Lousame conta co 27,2 % do total.
- Séguelle en importancia o porcino (18,40 % do total comarcal e 19,6 % en Lousame. Neste tipo de gando, Lousame conta co 26,2 % do total comarcal.
- En terceiro lugar na comarca, sitúanse as granxas avícolas, co 13,7 % do total de U.G. Pero en Lousame este tipo de gandeiría só supón o 4,9 % das U.G. do municipio.
- O terceiro lugar municipal, en troques, téñeno os cabalos, co 6,9 % do total municipal e o 29,6 % de todo o gando equino comarcal.
- A participación da comarca na provincia só é normal no caso dos coellos (6,84 % do total provincial), as granxas avícolas (5,7 %); o gando ovino e caprino (5,1 %) e o equino (5 %). Pola contra o bovino só acada o 1,7 % do total provincial e o porcino, o 2,4 %.

Vacas leiteiras e touros de 24 meses ou máis = 1; outras vacas = 0,8; chotas de 12 a 24 meses = 0,5; chotos de 12 a 24 meses = 0,7; bovinos de menos de 12 meses = 0,4.

b) **Gando ovino** = 0,1.

c) **Gando caprino** = 0,1.

d) **Gando porcino:**

Porcas nais e para reposición = 0,5; outros porcinos = 0,3; leitóns 0 0,027.

e) **Gando equino:** 0,6.

f) **Aves:**

Galiñas e polas de posta = 0,014; polos de carne e galos = 0,007; pirús, parrulos e ocas: 0,03.

g) **Outros:**

Coellas nais: 0,015.

No que fai á maquinaria agrícola pódese dicir que os datos son expresivos de certa febleza na mecanización agraria do Concello e, mesmo, da comarca. Esta, no seu conxunto só dispón do 4,1 % do parque de tractores provincial, sendo a participación municipal na comarca, do 20,9 % (cifras de 1989, reflectadas no Cadro 7b)). O crecemento nos sete anos analisados foi, nembargantes moi espectacular: 55 % no Concello e 33 % de media, na Comarca. O meirande crecemento de Lousame é lóxico que se deba a ese crecemento (ou non decrecemento, para sermos máis certos) da súa cabana gandeira, no período.

O perfil sociolóxico dos que detentan as explotacións agrarias é revelador do envellecemento da poboación rural de Lousame e de toda a comarca. Se analizamos os cadros nºs 8a) e 8b) ("*titulares*") ou os cadros 9a) 9b) e 9c) ("*Axudas familiares*"), xa nos decatamos doadamente da vellez da poboación que traballa no agro desta zona.

Así, en 1982 os titulares de explotacións de Lousame con máis de 65 anos acadaba case o 50 % do total dos empresarios agrarios do T.M. Esas cifras eran un chisco menores para o conxunto da Barbanza, pero igoalmente expresivas (35 % e 40 % para 1982 e 1989, respectivamente). Pola contra, o empresariado novo non chegaba ao 1 % en Lousame en ambas as dúas datas, situándose no 2,9 % e 2,3 % en 1982-1989, respectivamente, no caso do conxunto comarcal.

Non melloran sustancialmente esa situación as axudas familiares. En 1989, só un 13 % do total de axudas fora presentada por membros da familia menores de 35 anos. No que atinxe á ocupación ou nivel de adicación aos labores agrarios, no caso dos titulares é inmensamente maioritaria en exclusiva (82 % na Comarca e 87 % en Lousame). Só compaxinan, pois esta actividade (agricultura e tempo parcial) o 18 % e o 13 % dos titulares. No caso dos consortes (normalmente as mulleres, o 92 % das que prestan axudas familiares nas explotacións non teñen outra actividade lucrativa. No caso do resto de axudas familiares (fillos, irmáns, avós, etc.) elévase un chisco o simultaneamento de actividades, que atinxe ao 26 % dos que prestan axudas familiares

declaradas. Esa porcentaxe aínda se eleva no conxunto comarcal 33 %. No seu conxunto, o número de axudas familiares mantívose nos sete anos analisados, ou diminuíu imperceptiblemente, tanto no Concello coma na Comarca.

No que respeita ao rexime de tenencia das explotacións agrarias o dato a suliñar é o da casi xeneralidade da tenencia en propiedade das terras das explotacións. No caso de Lousame, deixando aparte o réxime de montes en man común, as explotacións teñen máis do 99 % das terras en propiedade -ver cadros nº 10a), 10b) e 11a), 11b)-.

3.3.2.1.2. **Outras actividades do Sector Primario.**

Amáis da agricultura, cinxida a pequenos hortos de autoabastecemento e algúns "plásticos", da gandeiría e da explotación forestal -verdadeiros puntais das explotacións agrarias- no resto do sector primario de Lousame hai que mencionar dúas actividades importantes: unha, xa case desaparecida por completo hoxendía: a minería, que outrora foi puntal económico no Termo Municipal; e outra moderna, a acuicultura, desenvolvida na conca do río Vilacoba.

A minería -que se desenvolveu eiquí ao longo de varias xeiras, mesmo dende a antigüidade- pódese dicir que hoxe fica cinxida ao tratamento da ganga desbotada nos montes de escoria das minas de San Finx; que agora, logo de lavada, se utiliza como árido para obras públicas e distinto tipo de construcións. Amáis desta actividade -que provoca a inutilización piscícola do río que ten o expresivo nome de Pesqueira- hai canteiras con explotación de áridos na zona oeste do Concello (Montes de Tállara).

A acuicultura ten coma representación importante a piscifactoría de Vilacoba, en Sotorredondo, activa dende que aproveitou infraestructuras e edificacións dunha vella fábrica de papel.

Tanto unha coma a outra actividade coutan, evidentemente por motivos moi diferentes, o aproveitamento da rede fluvial de Lousame para fins de pesca deportiva, actividade que hoxendía habería que recuperar para incrementar o atractivo deste

territorio, axudando así a afortalar as únicas actividades novas que se presumen viables para un mínimo desenvolvemento económico do Concello.

3.3.2.2. O Sector Secundario.

O Sector Secundario en Lousame (industria e construción), pesie aos antecedentes históricos (fábricas de papel, curtición do coiro, fabricación de calzado, etc.), é moi feble en Lousame, tanto no que fai a parámetros obxetivos coma aos comparativos dentro da Comarca na que se inscribe o Concello.

Segundo os datos do Cadro nº 12 do anexo ao presente epígrafe, referidos á estrutura industrial da Comarca, Lousame contaba en 1976 co 2,4 % dos establecementos industriais (incluído o subsector da construción) da Comarca, xenerando tan só o 0,74 % dos empregos industriais. A evolución nestes trinta anos, amosa coma característica máis salientable a nivel comarcal, o desenvolvemento do sector da construción, que hoxe xenera o 42,7 % do emprego industrial comarcal, fronte do pouco máis do 3 % daquela.

O peso do sector industrial de Lousame non xenera máis do 8 % da actividade económica municipal. A construción correspóndelle unha participación aproximada do 15 %. Coma se apuntou son as actividades agrogandeiro-forestais as que xeneran case o 60 %; e aos servicios, unha porcentaxe situada entre o 15 e o 16 %.

Noustante, a mellora das comunicacións, tanto cara as dúas rías coma cara a Santiago, permiten unha actividade laboral fora do municipio, desenvolvida sen necesidade de cambiar de residencia. Iso ten promovido emprego nos sectores industrial e de servicios, en proporción de certa consideración. Segundo os datos de 1991, un 55 % dos activos ocupados de Lousame correspondían a sectores distintos do primario. Esa cifra elevábase ao 60 % se se incluían os activos empregados na pesca.

Dese 55 %, ao sector industrial corresponde un 34 % e ao sector servicios, un 21 %.

Aínda que na actualidade existe unha situación de subdesenvolvemento industrial, dentro do termo municipal, coidamos que non é motivo para prever, desde o planeamento xeral, unha reserva de solo para posibles implantacións de instalacións de tipo industrial.

Consideramos por outro lado que a actividade "*industrial*" que resulta máis doada de potenciar en Lousame é a da construción, desde a extracción de áridos en canteira ata o labor propiamente constructivo, tanto edificatorio coma de obras públicas (ver Cadro nº 12 a). Nese senso unha potenciación de un núcleo urbano na capitalidade municipal ou a clasificación de solos capaces de acobillar edificación residencial e doutros usos compatibles, pode xenerar actividade económica e emprego, amáis de incrementar a coexión necesaria para que Lousame se sega a desenvolver de seu.

En calquera caso, o destino desa "*industria*", non pode ser outro co de pular polo atractivo do territorio (natureza, arqueoloxía e historia) que para ser explotado teríanse que xenerar estas infraestructuras (turismo rural, senderismo, gastronomía, cicloturismo, ecoturismo). Tamén se expandirá esa "*industria*" se se poñen en marcha plans de publicitación de Lousame coma área residencial ideal para vivir para xentes que teñen o seu posto de traballo na comarca ou no "*hinterland*" de Santiago, ou nas zonas máis desenvolvidas das dúas rías.

Nesa dirección terá que actuar o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Pero esas actividades, de seu, xa nos remiten ao Sector Terciario que veremos de seguido.

3.3.2.3. O Sector Terciario.

No Sector Terciario acóllense moi diferentes tipos de actividades. É o Sector coñecido coma "*Servicios*". A el pertencen tanto os labores administrativos coma os sanitarios, educacionais, -ou sexa actividades desenvolvidas por funcionarios ou persoal contratado polas Administracións públicas, así coma tamén os que se adican a labores comerciais, financeiras, de seguros, de transporte, etc. etc.

Dende o punto de vista da actividade económica, o indicador máis salientable é o que fai referencia ao subsector comercial. O indicador usado decote para a avaliación da dita actividade comercial -a falla de datos desagregados máis precisos- é o do número de licencias comerciais. En Lousame, coma se pode ver polos datos dos cadros nºs 13 a) e 13 b), o número de licencias comerciais⁽¹⁰⁾ é extraordinariamente baixo: 28 licencias comerciais de todo tipo, en 1989 e 43, en 1993. O aumento considerable producido nos catro anos transcurridos -54 %- non debe atoubar esa afirmación sobre da febleza do Subsector no Termo Municipal. Ilustran ben o que dicimos as cifras correspondentes aos concellos da bisbarra. Lousame só representaba o 1,15 % das licencias comarcais en 1989, e no 1993 esa porcentaxe de participación comarcal aínda que sube un chisco, segue a situarse moi por baixo do que lle correspondería por montante demográfico.

En realidade o único grupo que dispón de certo peso é o 1º ("*Alimentación*") que supón máis da metade de todas as licencias (51,2 %). Nél agrúpanse tendas, bares, tabernas, etc. Si chama a atención o relativamente outo nivel do grupo 7º ("*Máquinas*"), cuxo montante supón ó 3,27 do total comarcal.

Tamén á abondo ilustrativo da febleza das actividades terciarias en Lousame o feito de que non teña localizado no seu territorio nin unha soa oficina bancaria (nin Banco, nin Caixas de Aforros, nen tan siquiera Caixa Rural).

As razóns hainas que buscar no efecto combinado da proximidade de Noia á zona máis poboada de Lousame (Tállara, Lousame) e a ausencia no Concello dun centro urbano municipal capaz de aglutinar actividades varias deste sector.

O resto de actividade terciaria en Lousame fica reducida a actividades públicas (administración municipal, centro de saude, colexio público...) desenvolvidas por

¹⁰ Que non ten porque coincidir co número de establecementos, pois non é raro que a actividade dun establecemento veña acompañada por varias licencias. Exemplo: tenda de alimentación-taberna-restaurante).

funcionarios ou persoal contratado para eses labores; e tamén pola escasa oferta de transporte (de mercadorías ou de viaxeiros).

Outra cousa é a poboación activa do sector Servicios que ten a súa residencia en Lousame pero o punto de traballo fóra. As cifras xa son, neste eido, menos "escandalosas". Así, da poboación activa do Sector Terciario da Comarca, Lousame participa no 1991 co 3,83 % do total (no conxunto da poboación activa, co 6,78⁽¹¹⁾). Acontece cos servicios o que coa actividade industrial: o posto de traballo, maioritariamente, está fora do Termo Municipal.

¹¹ Por poboación activa enténdense non só os traballadores ocupados senón tamén os parados.

IV. AFECCIÓNS.

4.1. PLANEAMENTO EXISTENTE.

En Lousame houbo un intento de redactar planeamento xeral municipal, pero non se chegou a elaborar ningún documento. Non posúe, pois planeamento de seu.

A concesión de licencias, ata hoxe, tense producido por aplicación directa da lexislación urbanística vixente e polo disposto nas Normas Complementarias e Subsidiarias da provincia de A Coruña.

Así, pois, no eido do planeamento, as afeccións son nulas.

4.2. OUTRAS AFECCIÓNS.

4.2.1. Xerais.

a) **Patrimonio histórico-artístico.** Amáis dos de carácter xeral aplicables ao patrimonio arqueolóxico (petroglifos, castros...), as N.C.S. Provinciais establecen un catálogo que atinxe aos seguintes bens:

- **Arqueoloxía.**

- . Mamoas de Comboño, no Iroite.
- . Mamoas, en Tállara.

- **Castrexo.**

- . Castelo de Fruíme. Fruíme.
- . Eiras do Castro. Lousame.
- . Castro de Lourido. Tállara.
- . Castelo de San Mamede. Tállara.
- . Coto do Castro. Vilacoba.
- . Castro de Servia. Vilacoba.
- . Castro de Comparada. Vilacoba.

- **Petroglifos.**

- . Petroglifos de Lesende. Lesende.

- **Arquitectura Relixiosa.**

- . Mosteiro de Toxos Outos. Toxos Outos.
- . Capela de San Cristovo. Ces.

- . Ermida de San Lourenzo. Tállara.
- . Igrexa de Fruíme. Fruíme.
- . Igrexa de Lesende. Lesende.
- . Igrexa de Tállara. Tállara.
- . Igrexa de Vilacoba. Vilacoba.

- **Etnografía.**

- . Cruceiro de Berrimes. Lousame.
- . Cruceiro de Tállara. Tállara.
- . Cruceiro de Ponte de San Francisco. Tállara.

Será de aplicación nestes casos o disposto na vixente Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

b) **Estradas.**

Lousame é atravesado por varias estradas de titularidade autonómica. Xa que logo elle de aplicación o disposto a respecto da protección do sistema viario autonómico, na Lei 4/1994, de 14 de Setembro, de Estradas de Galicia (D.O.G. de 31/X/1994 e BOE de 20/XII/1994) e no seu regulamento.

c) **Afeccións agrícolas.**

Existe concentración agraria en varias parroquias do Concello. Xa que logo, son de aplicación nas áreas concentradas as afeccións previstas na normativa vixente ao respecto.

d) **Ríos e Regatos.**

É de aplicación nos cursos de auga dos ríos e regatos do Concello o disposto sobre do rexime de augas de superficie na vixente Lei de Augas (texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001).

e) **Liñas eléctricas.**

É de aplicación o disposto no Regulamento de liñas de alta tensión (aprobado por Decreto 3151/1968, de 28 de Novembro) para as liñas que se reflectan na planimetría ou aquelas que aínda non figurado nela existan verdadeiramente.

4.2.2. **Específicas.**

No Termo Municipal de Lousame, e máis en concreto no Monte Iroite, inscribíense parte dunhas instalacións de seguemento da navegación e comunicacións, ás que lle é de aplicación o disposto na Lei 7/1975, de 12 de marzo, de zonas e instalacións de interés público para a defensa nacional; e no Regulamento que a desenrola, aprobado por R.D. 689/1978, do 10 de Febreiro.

ANEXO AO EPIGRAFE 2.4.4
MUIÑOS E FONTES DO CONCELLO.

1. MUIÑOS.

2. FONTES

ANEXOS

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.2.1.
EVOLUCIÓN DEMOGRAFICA**

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.2.3
NIVEIS DE INSTRUCCIÓN DO CONCELLO**

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.2.4.
ACTIVIDADE DA POBOACIÓN**

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.2.5.
PREVISIÓNS DEMOGRÁFICAS**

VIVENDAS SEGUNDO DESTINO E OCUPACIÓN. COMARCA DE NOIA

(2001)

Concello	Principal	Secundar.	Baleira	Outras	TOTAL	% Ocup. Principal	% Ocup. S/Total
LOUSAME	1.114	71	138	2	1.325	84,07	89,58
PORTO DO SON	2.997	1.091	759	0	4.847	61,83	84,34
OUTES	885	182	161	32	1.260	70,24	87,22
NOIA	4.571	833	1.575	19	6.998	65,32	77,49
TOTAL COMARCA	9.567	2.177	2.633	53	14.430	66,30	81,75
% LOUSAME/ COMARCA	11,64	3,26	5,24	3,77	9,18	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE no período 2001.

**ANEXO AO EPÍGRAFE 2.4.1.
EVOLUCIÓN DO PARQUE EDIFICATORIO**

ANEXO AO EPÍGRAFE 2.4.2.

EVOLUCIÓN DAS LICENCIAS DE CONSTRUCCIÓN

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.2.1.6.
MATRÍCULA DE CONTRIBUCIÓN INDUSTRIAL**

LOUSAME - MATRICULA DE CONTRIBUCION INDUSTRIAL														
ACTIVIDADE	1901	1905	1910	1915	1920	1925	1930	1935	1940	1945	1950	1955	1960	1965
S														
Casa hóspedes	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-
Bodegóns	-	-	2	4	5	7	9	11	8	16	10	17	19	17
Taberna	15	14	13	11	7	8	10	7	7	-	-	5	5	5
Tenda Comes aliment.	1	1	1	-	-	-	4	2	2	4	3	3	5	5
Baratixas e cacharros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	2	2	-	-	-
Carne	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1	-	-	-

PLAN XERAL DE ORDENCIÓN DE LOUSAME

Calzado	-	-	-	-	-	10	6	-	-	-	-	-	-	-
Café	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	1	1	1
Panadería	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-
Carpinterías	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ferreiros	4	4	3	3	3	3	2	1	-	-	-	-	-	-
Curtidos	1	-	-	-	-	2	-	-	1	1	1	1	1	1
Calzados	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Zapateiros	-	-	-	-	-	2	4	1	1	-	-	-	-	-
Fab. electric.	-	1	1	1	-	1	1	1	1	1	1	1	1	2
Fab. papel	-	1	-	-	-	1	1	1	1	1	3	2	2	2
Aserradeiro	-	-	-	-	-	-	1	1	1	-	9	6	7	9

PLAN XERAL DE ORDENCIÓN DE LOUSAME

Forno estaño	-	-	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Muíño	6	5	3	3	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1
Mina⁽¹²⁾	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1+ (4)
Canteira	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Taller mad.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	6	-	-
Forno estaño	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1	-

¹² Industrias Gallegas S.A. (Phoenicia-La)

ANEXO AO EPÍGRAFE 3.3.1

NIVEIS DE RENDA

**ANEXO AO EPÍGRAFE 3.3.2.
SECTORES ECONÓMICOS**

**ANEXO AO EPIGRAFE 2.1.2.3: FACSIMIL DO INTERROGATORIO DO
CATASTRO DE ENSENADA EN LOUSAME**

ANEXO AO EPÍGRAFE 1.5.1.

MAPA XEOLÓXICO

**ANEXO AO EPÍGRAFE 1.6.
DATOS CLIMÁTICOS**

ANEXO AO EPÍGRAFE 1.9
MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS